



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 17 de outubro de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezasete de outubro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(882).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 10 de outubro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(883).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO 15/10/19 DE RENOVACIÓN DE REPRESENTANTES CO CONCELLO DE VIGO NA XUNTA TÉCNICA TERRITORIAL DE COORDINACIÓN INMOBILIARIA DE GALICIA. EXPTE. 2624/500.**

Dáse conta do informe-proposta de data 15/10/19, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES:

Con data 4 de outubro de 2019 o Sr. Delegado de Economía e Facenda, Presidente do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra, remite a D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño, vocal representante do Concello de Vigo por acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de xullo de 2019, escrito no que solicita proposta de ata catro candidatos que "reúnan a condición de seren titulados superiores, preferentemente enxeñeiros agrónomos ou de montes ou arquitectos, que se atopen vencellados á entidade local por unha relación laboral ou funcional". (Orde de Economía e Facenda EHA/2386/2007 de 26 de xullo).

Quen asina esta proposta, Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada do Concello de Vigo, Vocal suplente da Concelleira Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño, no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, por acordo da Xunta de Goberno Local da mesma data de 26 de xullo de 2019, despois de ter realizado consulta á Sra. Concelleira Delegada de Urbanismo, no que se refire aos funcionarios arquitectos que se propoñen e, constatando que o Concello de Vigo, non dispón, na súa plantilla, de ningún enxeñeiro superior agrónomo nin de montes, realiza a seguinte

#### PROPOSTA.

Nomear aos seguintes funcionari@s deste Concello de Vigo para a elección de candidat@s, no próximo Consello Territorial a celebrar o día 24 de outubro, a formar parte da Xunta Técnica Territorial de Coordinación Inmobiliaria de Galicia:

- D<sup>a</sup> BELÉN GONZÁLEZ RAMÍREZ: Arquitecta Superior da Xerencia Municipal de Urbanismo, Xefa de Planeamento e Xestión.
- D<sup>a</sup> MARÍA SOBRINO DEL RIO: Arquitecta Superior da Xerencia Municipal de Urbanismo, Xefa de Área de Servizos Técnicos.
- D. ANTONIO ALONSO FERNÁNDEZ: Arquitecto Superior da Xerencia Municipal de Urbanismo, Xefe de desenvolvemento Urbanístico.

Con data 15/10/19, a concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, resolve de conformidade coa anterior proposta.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **3(884).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN Nº 7/2019). EXPTE. 12363/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 14/10/19, asinado polo letrado-xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:



**Concello de Vigo**

### **ANTECEDENTES**

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:  
Relación n.º 7/2019

1.- Social. Expediente nº 11645/111

Decreto nº 394 do 30 de setembro de 2019

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 697/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación cantidades, servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria nas praias de Vigo.

Expte(s): 11483-306

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta resolución acorda admitir o desistimento do demandante e archivar o procedemento.

2.- Civil. Expediente nº 11657/111

Sentenza nº 336 do 25 de setembro de 2019

Audiencia Provincial Civil-Penal, Sección nº 3 de PONTEVEDRA

Recurso de apelación: 333/2018

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Cesión porción do Monte Cotogrande Lodoso a favor do Estado

Expte(s): 19799-240

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

A sentenza comunicada desestima o recurso de apelación interposto pola Xunta de Galicia contra a sentenza de instancia na que se recoñece como de titularidade da Comunidade de Montes os terreos que ocupa actualmente a estación de inspección técnica de vehículos (Santa Mariña de Cabral).

Sentenza que non é firme, contra a que cabe interpoñer recurso extraordinario por infracción procesal ou de casación. Este recurso o promoveu a Xunta de Galicia, e se desestima con idénticos fundamentos que os da sentenza de instancia ao considerar que o recurso de apelación é reiterativo do recollido no escrito de contestación á demanda.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto, por recoller o criterio que sobre este tipo de reclamacións teñen os Xulgados e Tribunais.

3.- Social. Expediente nº 11779/111

Decreto nº 391 do 27 de setembro de 2019

Xulgado do Social (Reforzo) nº 5 de Vigo

Ordinario: 922/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

Expte(s): 11483-306

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta resolución acorda admitir o desistimento da actora e archivar o procedemento.

4.- Social. Expediente nº 11908/111

Decreto nº 396 do 30 de setembro de 2019

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 853/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidade.

Expte(s): 11483-306

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta resolución acorda admitir o desistimento do actor, e archivar o procedemento.

5.- Contencioso. Expediente nº 11940/111

Sentenza nº 239 do 1 de outubro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 41/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Contra resolución do Concello de Vigo de data 15/11/2018, ditada pola Comisión de Faltas moi grave pola prestación irregular do servizo.

Expte(s): 9842/446 - 9802/446

Contía: 170.578,38 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda da parte actora e confirma a resolución municipal impugnada. A resolución impuxo unha penalidade á sociedade contratista do contrato de conservación e mantemento das zonas verdes de Vigo.

A sentenza reitera o que é ata o momento o criterio maioritario e recentemente ratificado polo TS na sentenza do 21/5/2019. A que identifica a imposición de penalidades cunha cláusula penal contractual, se ben nesta de instancia se indica que se aproxima tamén á dun procedemento sancionador.

Canto ao acerto da decisión municipal, considera igualmente acertado o criterio municipal, xa que resultaría contrario ao interese público, que segundo a tese da autora só se puidesen impoñer as penalidades en tanto o contrato non remate,únicamente detraendo as cantidades correspondentes a traballos non executados.

O Servizo de Contratación e o de Montes, Parques e Xardíns debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 11950/111

Sentenza nº 255 do 11 de setembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 40/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra resolución do 01/02/2019 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos a consecuencia do accidente de circulación ocorrido na Ava. de Citroën.

Expte(s): 5559-243

Contía: 5.408,87 €

A sentenza que se está a comunicar é firme e desestima o recurso pola falta de acreditación do nexo causal. Non se considera probada a relación entre o funcionamento do servizo público e a causación do accidente de circulación por danos na que a causa foi a perda de control da motocicleta por un verquido de sustancia esvaradiza na calzada.

Se considera que se procedeu á limpeza da vía coa regularidade esixible, e non se tivo coñecemento previo de que se producira un verquido nesa vía. Polo tanto, non se pode imputar a responsabilidade ao Concello.

Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.



## Concello de Vigo

7.- Contencioso. Expediente nº 12023/111  
Sentenza nº 219 do 25 de setembro de 2019  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3 de A CORUÑA  
Recurso de apelación: 7055/2019  
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo  
Obxecto: Contra resolución da concellería de economía, emprego, e industria que desestima R. Reposición contra resolución de data 21-2-2017, expt. sancionador IN 635 C 2016-41-4  
Expte(s): IN635C 2016/41?4  
Contía: 45.000,00 €  
Desestima o noso recurso de apelación, sen custas.  
Aínda que cabe recurso de casación pola entidade (mesmo económica) do asunto, é mais que dubidoso que se aceptase o interese casacional obxectivo do art. 88 da LXC-A.  
A área de Fomento-Electromecánicos debe executar o resolto (aboar a sanción).  
RCA de orixe P.O. 184/2017 Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, sentenza nº 62 do 05/03/2019 desestimatoria (comunicada na X.G.L. do 29/03/2019).

8.- Contencioso. Expediente nº 12095/111  
Sentenza nº 256 do 11 de setembro de 2019  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 91/2019  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Contra o seu traslado á sección retén servizo grúa municipal.  
Expte(s): 190105547  
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €  
Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e declara nulo o "acto" de traslado do demandante da emisora da Policía Local ao servizo de Guindastre. Considera que esta actuación carece de motivación algunha e polo tanto, é nulo de pleno dereito.  
Con independencia de que non existen no corpo da policía local máis prazas singularizadas que as da EVAP, esta readscripción só afectou ao demandante, e non se xustifica, causándolle indefensión.  
A Área de Recursos Humanos, e a Xefatura da Policía Local deben coñecer do resolto a fin de executar a sentenza no momento no que adquira firmeza.

9.- Contencioso. Expediente nº 12102/111  
Sentenza nº 281 do 30 de setembro de 2019  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 119/2019  
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares  
Obxecto: Decreto que acorda autorizar ao xefe do Servizo de Extinción de Incendios para acordar a suspensión dos descansos do persoal ata completar a dotación segundo calendario anual de traballo  
Expte(s): 108986/210  
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €  
Esta sentenza, que non é firme e contra a que é posible presentar un recurso de apelación, estima o recurso e declara nulo o decreto do 6 de febreiro do 2019 do Concelleiro delegado que autoriza a suspensión dos descansos do persoal do Servizo de Bombeiros.

A sentenza considera vulnerada a Directiva europea sobre tempos de traballo/descanso, a normativa de prevención de riscos laborais (con base nun informe da Técnica de PRL municipal), e o dereito á conciliación destes traballadores, ao que se engade a ausencia de negociación colectiva previa á sinatura deste decreto.

A Área de Seguridade e a de Recursos Humanos deben coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 12113/111

Sentenza nº 261 do 16 de setembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 133/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra resolución do 15/02/2019 desestimatoria da reclamación económica-administrativa formulada contra outra que desestimaba o recurso de reposición interposto contra dilixencia de embargo.

Expte(s): 4802/550

Contía: 1.107,91 €

Esta sentenza, que é firme, estima o recurso sen imposición de custas e anula a resolución do TEAC, deixando sen efecto as providencias de constrinximento e a dilixencia de embargo e condenando á devolución das cantidades embargadas.

A sentenza considera concorrente un defecto na notificación, e a falta de esgotamento de outros medios para practicala, antes de proceder á publicación por edictos.

O TEAC debe coñecer do resolto e a Recadación Executiva proceder á execución da sentenza.

11.- Contencioso. Expediente nº 12130/111

Sentenza nº 285 do 30 de setembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 151/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra silencio administrativo polo que se desestima o recurso de reposición formulado contra decreto do 06/02/2019, en relación coa autorización de suspensión de descansos dos membros do Serv. de Extinción de Incendios.

Expte(s): 108986-210

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme e contra a que é posible presentar un recurso de apelación, estima o recurso e declara nulo o decreto do 6 de febreiro do 2019 do Concelleiro delegado que autoriza a suspensión dos descansos do persoal do Servizo de Bombeiros.

A sentenza considera vulnerada a Directiva europea sobre tempos de traballo/descanso, a normativa de prevención de riscos laborais (con base nun informe da Técnica de PRL municipal), e o dereito á conciliación destes traballadores, ao que se engade a ausencia de negociación colectiva previa a sinatura deste decreto.

A Área de Seguridade e a de Recursos Humanos deben coñecer da sentenza.

12.- Contencioso. Expediente nº 12138/111

Sentenza nº 415 do 19 de setembro de 2019

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4 de A Coruña



## Concello de Vigo

Recurso de apelación: 15021/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Contra resolución do Concello de Vigo de data 26/02/2018 que inadmite a solicitude de revisión da resolución que aproba as liquidacións do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Expte(s): 32863/502

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza desestima a apelación da demandante, con custas taxadas.

O departamento de Tributos (IIVTNU e Inspección) debe coñecer o resolto.

RCA ORIXE P.O.180/2018 sentenza nº 49 do 21/03/2019 (comunicada na X.G.L do 03/05/2019)

13.- Contencioso. Expediente nº 12139/111

Sentenza nº 228 do 24 de setembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 168/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra desestimación da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa Urzáiz nº 59.

Expte(s): 5749-243

Contía: 13.407,89 €

Esta sentenza firme, cunha coitada argumentación desestima o recurso, sen custas.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 12141/111

Sentenza nº 225 do 24 de setembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 171/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra desestimación do recurso de reposición formulado por imposición de sanción de 1200 Eu.

Expte(s): 0178701562

Contía: 1.200,00 €

Esta sentenza firme, estima o recurso e anula o acto sancionador recorrido, sen custas e cunha argumentación que ten interese e utilidade xeral.

Os departamentos de Seguridade e Tesourería-Recadación deben coñecer o resolto (anulación e se fose o caso devolución do importe da sanción imposta).

15.- Contencioso. Expediente nº 12143/111

Sentenza nº 287 do 30 de setembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 153/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra inactividade do Concello de Vigo, no referente a expediente administrativo de embargo na conta corrente, do importe de 362,93 Eu correspondente a dúas sancións de tráfico.

Expte(s): 35804/700

Contía: 362,93 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e o Tesourería-Recadación municipal deben executar o resolto (anulación de sanción e do procedemento de execución forzosa e devolución do ingreso indebido do cobrado o 18/12/2017. F.21 do expediente de autos).

16.- Contencioso. Expediente nº 12152/111

Sentenza nº 294 do 2 de outubro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 158/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra resolución desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra que lle impón sanción de 200 Eu e retirada de 3 puntos do carnet de conducir.

Expte(s): 188642687

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Seguridade, e a Tesourería-Recadación municipal, deben coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 12179/111

Sentenza nº 266 do 26 de setembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 179/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra resolución do Concello de Vigo de data 19/02/2019 desestimatoria do recurso de reposición formulado fronte outra do 12/06/2018 que se lle impón sanción.

Expte(s): 1886641012

Contía: 45,00 €

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima o recurso e ratifica a resolución impugnada, confirmando a sanción imposta ao demandante.

Se lle impuxo unha sanción por estacionar en zona XER sen o tique habilitante, acreditándose que dispoñía dun pero do día anterior ao dos feitos.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.





## Concello de Vigo

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(885).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE RECURSO PRESENTADO CONTRA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DOS TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. EXPTE. 2319/330.**

Dáse conta do informe-proposta de data 14/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

*“1º.- Tomar razón da Resolución nº 229/2019 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 246/2019, interposto por PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. contra a a adxudicación da contratación dos servizos de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello de Vigo, expediente 2319/330. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

*1. Desestimar o recurso interposto por PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.*

*contra a adxudicación da contratación dos servizos de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello de Vigo, expediente 2319/330.*

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(886).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA CANTABRIA”. EXPTE. 233/441.**

Visto o informe de fiscalización do 11/10/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 10/10/19, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando ao non presentar xustificación ningunha en prazo.*



## Concello de Vigo

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	96,76
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,54
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	95,16
4	CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO SL	90,08
5	NAROM SL	87,93
6	SACYR CONSERVACIÓN, S.A.	71,68

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., o día 20 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 3 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 10 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 27 de agosto e 13 de setembro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa Cantabria” (233-441) por un prezo total de 45.057,93 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.819,97 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(887).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DE SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. EXPTE. 16574/77.**

Visto o informe xurídico do 10/10/19 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 10/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

–Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



## Concello de Vigo

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

### ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 15 de xullo de 2019, o Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu iniciar o expediente de contratación POR PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola técnica de administración xeral e polo Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá en data 15/07/2019.
2. Orde de inicio de 15 de xullo de 2019 do Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
3. Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de administración xeral en data 16/07/2019.
4. Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 16 de xullo de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
5. Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 1 de agosto de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 1 de agosto de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
7. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola técnica de administración xeral e polo Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá en data 28/08/2019.
8. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 28 de agosto de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
9. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 29 de agosto de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

10. Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación, de data 30 de agosto de 2019.
11. Prego de cláusulas administrativas particulares de data 30 de agosto de 2019, asinado pola técnica de administración xeral.
12. Proposta de aprobación do expediente asinado o 30 de agosto de 2019 pola técnica de administración xeral, polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
13. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 6 de setembro de 2019, asinada pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
14. Dilixencia asinada en data 9 de setembro de 2019 pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación cos cambios introducidos no prego de cláusulas administrativas.
15. Prego de cláusulas administrativas particulares de data 9 de setembro de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.
16. Proposta de aprobación do expediente asinada en data 9 de setembro de 2019 pola técnica de administración xeral e en data 10 de setembro de 2019 polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e polo concelleiro delegado de Orzamentos de Facenda.
17. Informe asinado en data 16 de setembro de 2019 pola letrada-xefa de asesoramento e pola letrada-Titular da Asesoría xurídica.
18. Proposta de aprobación do expediente asinada en data 27 de setembro de 2019 pola técnica de administración xeral e en data 10 de setembro de 2019 polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e polo concelleiro delegado de Orzamentos de Facenda.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, nos concelleiros de Área. O Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en resolución de 15 de xullo de 2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (con atribución temporal das funcións inherentes á xefatura de servizo por acordo da XGL de data 03/05/2019) e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

En expediente 16.748/77 tense tramitado a aprobación da **modificación de crédito por xeneración (M.C. 103/19)** segundo decreto da Alcaldía asinado en data 9 de outubro de 2019, polo que en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes orzamentos municipais para 2019, remítese o expediente a Intervención xeral para fiscalización do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (16574-77) por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL".

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 1 de agosto de 2019 e o prego de cláusulas administrativas particulares de 9 de setembro de 2019 que rexerán a contratación de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL".

3º.- Aprobar, por procedemento anticipado, o gasto por importe de **1.799.440,65 €**, para a contratación de servizos de formación do PROGRAMA "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL", con cargo á aplicación orzamentaria **2410 2279920 FORMACIÓN VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL**, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2020.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(888).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CINCO CARROZAS MUNICIPAIS PARA A CABALGATA DE REIS 2020. EXPTE. 8165/335.**

Visto o informe xurídico de data 08/10/19 e o informe de fiscalización do 10/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 08/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **Primeiro.- ANTECEDENTES**

1.- O servizo de Festas da Área de Festas e Turismo ten previsto entre súas actividades de carácter sociocultural a organización da “Cabalgata de Reis 2020”, que se vai celebrar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2020, polo que se fai necesaria a contratación do deseño e produción de cinco carrozas que tomarán parte na comitiva real.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a xefa do Servizo de Festas do Servizo de Festas con data 27 de setembro de 2019 coa conformidade da Concelleira de Festas e Turismo, emite informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2020.

3.- Con data 27/09/2019, a Concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente no deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2020.

4.- Con data 27 de setembro de 2019 a Xefa do servizo de festas asina a declaración do redactor/a do prego.

5.- Con data 4 de outubro pola Xefa do Servizo de Festas redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares pola Técnica de xestión do Servizo de Festas.

6.- Con data 7 de outubro de 2019, a Xefa do Servizo de Festas, asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Concelleira de Festas e Turismo.

7.- Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 8 de outubro de 2019.

7.- O orzamento base de licitación co iva incluído que ascende a 65.000,00 €, correspondendo 11.280,99 € ao iva, que podería imputarse á aplicación presupostaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 45.500 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2020 por importe de 19.500 € (30% do importe do prezo de contrato).

## **Segundo.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).





## Concello de Vigo

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

### **Terceiro.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**1.-** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**2.-** O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía de data 20 de xuño de 2019.

**3.-** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP, a Xefa do Servizo de Festas e coa Concelleira da Área de Festas e Turismo asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente no deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2020.

**4.-** En cumprimento do establecido nos artigos 116.4 e 116.3 da LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Xefa do Servizo e pola Concelleira responsable, e o prego de prescricións técnicas particulares asinados pola Xefa do Servizo e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**5.-** A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A presente contratación encádrase no contrato de servizos administrativos, sociais, educativos, sanitarios e culturais do Anexo IV da citada Lei.

O contrato adxudicárase por procedemento aberto mediante pluralidade de criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145, y 156.1 de la LCSP, conforme aos termos e requisitos establecidos en dito texto legal. A tramitación do procedemento é a ordinaria conforme ao artigo 156 da LCSP.

**6.-** Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

7.- A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### **PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2020 (expediente nº 8165-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 4 de outubro de 2019 asinado pola Xefa do Servizo de Festas, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 8 de outubro de 2019, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Segundo .-** Autorizar un gasto por un importe total de 65.000,00 € (correspondendo 11.280,99 € ao íve) con cargo á aplicación presupostaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 45.500 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2020 por importe de 19.500 € (30% do importe do prezo de contrato).

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **8(889).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ENTIDADE “ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES S.L.U.” PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL O MARISQUIÑO 2019. EXPTE. 8125/335.**

Visto o informe xurídico de data 12/09/19 e o informe de fiscalización do 07/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 03/09/19, asinado pola instructora do expediente-técnica de actividades turísticas (Resolución 1/07/19), a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS).

Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvenciones de Galicia.(LSG)

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións (RLXS)

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.(LTAIB)



## Concello de Vigo

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.  
Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRBRL).

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

### **INFORME.**

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu o día 29 de agosto do 2019 que se iniciase o expediente necesario para a concesión dunha subvención nominativa a favor da sociedade “Ulisesproject Eventos Especiales SLU”, para o desenvolvemento do “Festival do Marisquiño 2019”.

O evento tivo lugar os días 9, 10 e 11 de agosto de 2019 no Paseo das Avenidas.

Dende o ano 2004, a sociedade “Ulisesproject Eventos Especiales SLU” ven realizando a organización e desenvolvemento dun programa de actividades dedicadas principalmente á cultura e aos deportes urbanos, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

O Marisquiño leva 19 edicións consecutivas dende 2001, primeiro no que se celebrou . Dende entón pasaron por 3 localizacións distintas (Castro, Samil e o Porto) nunha soa cidade, Vigo. Con máis de 1.300 riders de máis de 30 países dos 5 continentes disputáronse neste ano 75 medallas en 9 disciplinas destacado a presenza de Riders de prestixio internacional como Nicholi Rogatkin, Nuno Pintas, Sam Pilgrim, Bienvenido Aguado, Paul Courdec, Lucas Huppert.

Para facelo posible, 300 traballadores constrúen e xestionan un espazo de 150.000m2 con 10 zonas deportivas e 10 de restauración e ocio. O festival atrae a 160.000 personas ao longo de 3 días e conta 21 actuacións musicais, máis de 100 horas de programación deportiva e 6 actividades para niños. Todo isto cóbreño máis de 200 periodistas acreditados e se calcula que xenera un retorno económico de 20 millóns de euros en Vigo e comarca.

A edición 2019 constituiu a edición máis especial da súa historia ao incorporar 3 Copas del Mundo: Skateboarding, Dirt Jump e Basket 3x3. 4 disciplinas Olímpicas: Bmx, Break Dance, Skate e Basket 3x3. A incorporación del Football freestyle, a introdución da tecnoloxía e os e-sports.

Por outra banda cómpre destacar a repercusión nacional e internacional que conseguiu o festival, tanto en medios audiovisuais e escritos como na internet e redes sociais. O Marisquiño tivo unha enorme repercusión con conexións, reportaxes e entrevistas en todas as televisións de alcance nacional e tamén en radios e medios escritos de gran audiencia. ESPN, a canle de Deportes Líder en América Latina e con gran presenza tamén en América do Norte, enviou un equipo ao festival para informar sobre o mesmo. A isto hai que sumar os acordos coa liga Sports e As Diario para a difusión do evento a través do streaming na internet. En canto á repercusión en redes sociais, xeráronse máis de oito millóns de

impactos dixitais sobre o festival e a cidade de Vigo tanto nas redes propias do festival como nas dos deportistas que compartiron contido a través das súas propias redes

Compre sinalar que, o acceso a todas as probas deportivas e culturais de carácter urbano desenvolvidas dentro da programación do festival son de balde.

D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca “O Marisquiño” manifestou que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da dita marca. A marca “O Marisquiño” atópase rexistrada na Oficina española de Patentes y Marcas ao seu nome.

A concesión da subvención proposta fundamentase no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, ocupación do tempo libre, deporte e turismo , que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local. Neste senso a Concellería-delegada da Área de Festas e Turismo ten entre as súas competencias o programar, desenvolver e xestionar a celebración de actividades festivas e socioculturais, de lecer e tempo libre, así como promover todo tipo de programas, actividades e servizos que contribúan á animación sociocultural dos cidadáns e xestión de convenios.

O Concello de Vigo, está interesado en apoiar e potenciar a oferta cultural da cidade, así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades dirixidas a todos os sectores culturais, es por isto que no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención polo importe de 318.500,00 (trescentos dezaoto mil cincocentos) euros, para a organización de “O Marisquiño”.

Con data 20 de novembro de 2015, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen os de promoción da cultura.

Ao amparo do Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, con data 3 de maio do 2019 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do festival Marisquiño 2019 (expediente 7920-335). O día 10 de maio do 2019 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o mesmo texto do convenio co obxecto de coadjuvar ao desenvolvemento do festival “O Marisquiño” polo importe de 181.500,00 €.

O texto do antedito convenio foi asinado o día 22 de maio do 2019. (Constan no expte. 7920-335 os respectivos acordos e máis o texto do convenio).

Neste sentido no orzamento municipal vixente prevese a concesión dunha subvención nominativa en concepto de Convenio Marisquiño- proxecto 19338000 con cargo a partida orzamentaria 3380 4700001 polo importe de 318.500,00 euros e para o mesmo proxecto na partida orzamentaria 4700000 logo da sinatura do Convenio de Colaboración entre a



## Concello de Vigo

Diputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2019” existe consignación presupostaria polo importe de 181.500 euros.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, entendendo como tal aquela na que alomenos a súa dotación presupostaria e beneficiario apareza determinado no estado de gastos do presuposto, de xeito que as condicións e compromisos se determine na resolución de concesión e, no seu caso, nos convenios a través dos cales se canalicen a subvenciones

e con carácter excepcional, daqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Deste xeito, dun lado propónse a concesión dunha subvención nominativa mediante resolución conforme o disposto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro por importe 318.500,00 euros e doutra banda, a concesión, dunha subvención por 181.500 euros ao concorrer circunstancias de interese público, social e cultural na actividade obxecto de financiamento segundo a disposto no paragrafo 3 do artigo 28.

A subvención que se propón conceder ten un carácter singular, dado o obxecto específico da axuda destinado ao financiamento da XVIII edición do Festival “O Marisquiño 2019” require dunha concesión directa e non procede unha convocatoria pública en tanto que a mercantil “Ulisesproycet Eventos Especiales SLU” ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño” como marca rexistrada na Oficina española de patentes e marcas sendo o dito festival un referente no eido da cultura urbana e deportes de acción. Concretamente as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención á entidade sinalada radica en:

O MARISQUIÑO é a única proba oficial World Cup Skateboarding en España e é puntuable para a Copa do Mundo nas dúas categorías, Mini Ramp e Street que puntúan dobre para o calendario internacional.

O Marisquiño leva 19 edicións consecutivas dende 2001, primeiro no que se celebrou . Dende entón pasaron por 3 localizacións distintas (Castro, Samil e o Porto) nunha soa cidade, Vigo. Con máis de 1.300 riders de máis de 30 países dos 5 continentes disputáronse neste ano 75 medallas en 9 disciplinas destacado a presenza de Riders de prestixio internacional como Nicholi Rogatkin, Nuno Pintas, Sam Pilgrim, Bienvenido Aguado, Paul Courdec, Lucas Huppert.

Para facelo posible, 300 traballadores constrúen e xestionan un espazo de 150.000m2 con 10 zonas deportivas e 10 de restauración e ocio. O festival atrae a 160.000 personas ao longo de 3 días e conta 21 actuacións musicais, máis de 100 horas de programación deportiva e 6 actividades para niños. Todo isto cubren máis de 200 periodistas acreditados e se calcula que xenera un retorno económico de 20 millóns de euros en Vigo e comarca.

A edición 2019 constituiu a edición máis especial da súa historia ao incorporar 3 Copas del Mundo: Skateboarding, Dirt Jump e Basket 3x3. 4 disciplinas Olímpicas: Bmx, Break Dance, Skate e Basket 3x3. A incorporación del Football freestyle, a introdución da tecnoloxía e os e-sports.

SKATEBOARDING

O MARISQUIÑO é a única proba oficial World Cup Skateboarding en España e é puntuable para a Copa do Mundo nas súas dúas categorías, Mini Ramp e Street que puntúan dobre para o calendario internacional.

#### FMB DIRT JUMP

O circuito mundial FMB World Tour ten a súa única parada en España en Ou Marisquiño ofrecendo o nivel Gold da competición que representa o máximo nivel de puntuación aos deportistas convocando deste xeito aos mellores do mundo. Un circuito deseñado e dirixido polo equipo de Pablo Moreno ([www.thebikevillage.com](http://www.thebikevillage.com)). Director da competición de Dirt Jump Ou Marisquiño desde hai 10 anos

#### BMX STREET O BMX

En O MARISQUIÑO consolídase como unha das probas máis importantes do mundo, reunindo cada ano aos mellores pilotos dos cinco continentes.

#### BMX FLATLAND

Flatland é a modalidade mais técnica que existe dentro do Bmx, trucos con diferentes estilos e maneiras de ser, moitos o consideran tamén unha arte.

#### MOUNTAIN BIKE

Unha modalidade única na que os participantes se lanzan desde o Castelo de San Sebastián, percorrendo o Casco Lanuxe ata cruzar a liña de meta no Porto de Vigo.

#### STREET STYLE Red Bull

RBSS é, desde hai unha década, a competición máis prestixiosa do mundo do freestyle football. Colaborando coa World Freest e Ile Football Association, une aos mellores xogadores de todo o planeta nunha cidade diferente cada ano para elixir o campión mundial, os competidores prepáranse especificamente para esta cita, e para chegar a ela, deben demostrar na final nacional que son os mellores do seu país. Ou Marisquiño é o lugar elixido para albergar a gran final española, os mellores 16 atletas de todo o país daranse cita en Vigo.

#### BREAK DANCE

Breaking STREET BATTLE en O MARISQUIÑO , converteuse nun dos eventos máis importantes de Europa, grazas a ter os xuíces máis prestixiosos e internacionais da escena. Organizado desde os inicios do Festival, por Bboy Kawa referente na escena nacional & Lisy directora da escola de danza e artes escénicas, KL Making Dancers.

Por outra banda cómpre destacar a a repercusión nacional e internacional que conseguiu o festival, tanto en medios audiovisuais e escritos como na internet e redes sociais. O Marisquiño tivo unha enorme repercusión con conexións, reportaxes e entrevistas en todas as televisións de alcance nacional e tamén en radios e medios escritos de gran audiencia. ESPN, a canle de Deportes líder en América Latina e con gran presenza tamén en América



## Concello de Vigo

do Norte, enviou un equipo ao festival para informar sobre o mesmo. A isto hai que sumar os acordos coa liga Sports e As Diario para a difusión do evento a través do streaming na internet. En canto á repercusión en redes sociais, xeráronse máis de oito millóns de impactos dixitais sobre o festival e a cidade de Vigo tanto nas redes propias do festival como nas dos deportistas que compartiron contido a través das súas propias redes.

O presuposto total da actividade subvencionada, segundo o detalle presentado pola citada entidade, ascende a 1.050.000 euros segundo o orzamento achegado ao expediente 7920-335 dos que o Concello de Vigo achega 500.000 euros, o que supón o 47,61 %

Que a sociedade “Ulisesproject Eventos Especiales SLU” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, encóntrase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e que non se atopa incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei de Subvención de Galicia, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente 7920/335 e 8125/335).

A concesión da subvención está suxeita ao cumprimento pola entidade beneficiaria dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas no texto da resolución. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade. “Ulisesproject Eventos Especiales SLU” asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles os seguros que cubran a responsabilidade civil fronte a terceiros e seguros de accidentes dos membros dos grupos participantes, comprometéndose a presentar as devanditas pólizas antes do inicio do evento.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión establecerá as condicións e compromisos aplicables.

A resolución da concesión ten o carácter de bases reguladoras da subvención concedida, de conformidade co establecido no artigo 65.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvenciones.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A beneficiaria foi informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos foron tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (artigos 20.4 e 20.8.b).

Conforme o artigo 7.4 da LSG a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica correspondendo a a Xunta de Goberno local a concesión da subvención e aprobación do gasto en virtude da delegación de facultades efectuada por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e artigo 127 g) da Lei 7/85, do 2 de abril.50Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

### **PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a entidade “Ulisesproyect Eventos Especiales SLU”, con C.I.F. núm. B-36957132 unha subvención directa polo importe de 500.000 euros para o financiamento do “Festival do Marisquiño 2019” que tivo lugar os días 9, 10 e 11 de agosto de 2019 no Paseo das Avenidas

Segundo. A aportación dineraria realizarase con cargo aos seguintes Proxectos de gasto e Aplicacións Presupuestarias:

- Subvención nominativa polo importe 318.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) conforme o disposto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro

- Subvención por circunstancias de interese público, social e cultural polo importe de 181.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0000 do programa orzamentario de Festas conforme o disposto no paragrafo 3 do artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro





## Concello de Vigo

SEGUNDO.- A concesión da subvención queda suxeita as seguintes condicións e compromisos

### CONDICIÓN PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

A concesión da subvención nominativa a favor da sociedade “Ulisesproyect Eventos Especiales SLU” co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución da “Festa do Marisquiño 2019” que tivo lugar no Paseo das Avenidas os días 9, 10 e 11 de agosto do 2019. O evento desenvolveu un programa de actividades dedicadas principalmente aos deportes e cultura urbana. O Concello de Vigo subvencionará as probas e disciplinas deportivas (Word Cup Sketeboarding; BMX Street; FMB Dirt Jump; MTB Mountain Bike, Jam BMX Flatland; FMX Motocross; Basket 3x3), e as relacionadas coa cultura urbana (Break Dance, Graffiti e S-Sports).

### CONDICIÓN SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no presente exercicio económico. Considerándose subvencionables en concreto aqueles que figuran no “orçamento de gastos a xustificar ó Concello de Vigo” achegado pola entidade “Ulisesproyect Eventos Especiais SLU”, polo importe total de 500.000,00 €, especificados no anexo II desta resolución.

### CONDICIÓN TERCEIRA.- SUBCONTRATACIÓN

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

### CONDICIÓN CUARTA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

“Ulisesproyect Eventos especiales SLU” comprometeuse a asumir as seguintes obrigas:

- 1º.- Desenvolver todo o relativo á organización das actividades do Festival O Marisquiño, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no anexo I desta resolución.
- 2º.- Asumir todos os gastos recollidos no orzamento económico que figura no anexo II.
- 3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.
- 4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.
- 5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 6º.- A beneficiaria deu a adecuada publicidade ao financiamento municipal das actividades subvencionadas obxecto de subvención, mediante a incorporación do

logotipo do Concello de Vigo e da Deputación Provincial de Pontevedra e dá imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia deseñado para o evento.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

#### CONDICIÓN QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprometeuse a:

1º- Publicitar a edición do Festival “O Marisquiño 2019” dentro da programación das Festas de verán 2019 do Concello de Vigo, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.

2º.- Conceder directamente a “ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU”, unha subvención para a edición “Marisquiño 2019” polo importe total de 500.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución dos cales 318.500,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) e 181.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0000 do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

#### CONDICIÓN SEXTA.- COMPATIBILIDADES DAS AXUDAS.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



## Concello de Vigo

### CONDICIÓN SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a “SOCIEDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU,” está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da LXS. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A beneficiaria, na primeira quincena de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a

facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existir, relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### CONDICIÓN OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pagamento da cantidade subvencionada realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES16 2080 5085 79 3040021974, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

#### CONDICIÓN NOVENA.- EXISTENCIA DE CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención por importe de 318.500,00 (trescentos dezaoto mil cincocentos) euros (Convenio Marisquiño). e polo importe de 181.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0000.

#### CONDICIÓN DÉCIMA.- REVOGACIÓN E REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .



## Concello de Vigo

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

### CONDICIÓN DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA DA SUBVENCIÓN

A vixente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2019 e non será prorrogable.

### CONDICIÓN DÉCIMO SEGUNDA.- RÉXIME SANCIONADOR

No que se refire ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ao procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### CONDICIÓN DECIMO TERCEIRA.- REXIME XURÍDICO APLICABLE

A presente subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen no texto da resolución; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**SEGUNDA.-** Autorizar e dispoñer un gasto por importe de 500.000 euros, a favor de "Ulisesproyect Eventos Especiales SLU", con C.I.F. núm. B-36957132, dos cales 318.500,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) e 181.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.470.0000 do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

**TERCEIRA.-** Notificar a presente resolución ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(890).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA "COMISIÓN DE FIESTAS NUESTRA SEÑORA DE LAS NIEVES" PARA O FINANCIAMENTO DA "FESTA DA SARDIÑA 2019" NA GUÍA. EXPTE. 8060/335.**

Visto o informe xurídico de data 23/09/19 e o informe de fiscalización do 09/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 16/09/19, asinado pola instructora do expediente-técnica de actividades turísticas (Resolución 1/07/19), a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 26 de xullo do 2019, a “COMISIÓN DE FESTAS NUESTRA SEÑORA DE LAS NIEVES” presenta escrito de solicitude de subvención para a celebración da “FESTA DA SARDIÑA 2019” que tivo lugar os días 27 e 28 de xullo do 2019; por este motivo, o día 26 de xullo do 2019, a concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo resolveu iniciar o expediente de subvención correspondente, por importe de 9.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0004 do orzamento municipal vixente.

#### ANTECEDENTES.-

A Festa Gastronómica da Sardiña ven organizándose nos últimos anos na carballeira do monte da Guía con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sendo desenvolvido pola “Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” (CIF G-36.731.404), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados con ditos fins sociais.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A “Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” está en condicións de organizar a “Festa Gastronómica da Sardiña 2019”, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Sardiña desenvólvese os días 27 e 28 de xullo do 2019, co reparto das sardiñas e o pan de millo, concerto dunha banda de música, entrega da sardiña de ouro, recepción ao señor Alcalde e demais autoridades e a homenaxeado, actuación dunha charanga e verbena amenizada por un grupo musical..

O Concello de Vigo e a “Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

O Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo.

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

#### PROGRAMA E ORZAMENTO:



## Concello de Vigo

A “Festa da Sardiña 2019” tivo lugar os días 27 e 28 de xullo do 2019 dentro da celebración das Festas da Guía.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 14.650 € (catorce mil seiscentos cincuenta euros), dos que o Concello de Vigo aportará 9.500 euros e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Asociación presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves” para la celebración da “Festa da Sardiña 2019” rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

Esta subvención nominativa prevé un gasto de 9.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0004 do vixente programa orzamentario das Festas, a favor da "Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves", suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade. Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 14.650,00 euros.

A presente axuda se acolle ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0004, (Convenio Festa da Sardiña), prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo por importe de 9.500,00 euros, a favor da "Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves", (CIF G-36.731.404),, para coadjuvar os gastos do desenvolvemento da "Festa da Sardiña 2019".

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A subvención do Concello de Vigo á asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte





## Concello de Vigo

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.500 € (nove mil cincocentos euros) á “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves” (CIF G-36.731.404), para o cofinanciamento da “Festa da Sardiña 2019” organizado por esta entidade e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0004 que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:

### OBRIGAS DA ENTIDADE

A “Asociación de la Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía” comprometeuse a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº RS-G-270000328 de “GENERALI ESPAÑA, S.A.” de Seguros y Reaseguros, que atende calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades que se achega ao expediente.

8º.- Deixar a zona da “Carballeira da Guía” que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

#### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das “Vigo en Festas 2019”.

3º.- Conceder directamente á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da “Festa da Sardiña 2019.”

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

#### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á entidade é a Área de Festas do Concello de Vigo, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme da concelleira-delegada da Área de Festas.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de 14.650 euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de



## Concello de Vigo

identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Festas. Os técnicos da Área de Festas emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**



## Concello de Vigo

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Festas do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril

RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(891).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á COFRADÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO I ACTO FESTIVAL POÉTICO PIRO-MUSICAL “CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS” 2019. EXPTE. 8056/335.**

Visto o informe xurídico de data 20/09/19 e o informe de fiscalización do 14/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 12/09/19, asinado pola instrutora do expediente-técnica de actividades turísticas (Resolución 1/07/19), a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 8 de xullo do 2019, a “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” presenta escrito de solicitude de subvención para as Festas do Cristo de Bouzas 2019 “*FESTIVAL POÉTICO PIRO-MUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS 2019*” que tivo lugar o día 21 de xullo do 2019; por este motivo, o día 23 de xullo, a concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo resolveu iniciar o expediente de subvención correspondente, por importe de 8.100 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0011 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A “Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas” vén ocupándose da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas – Cidade de Vigo, na segunda quincena do mes de xullo, en honra do “Bo Xesús dos Aflixidos” e cuxo programa comprende tanto actividades lúdicas como relixiosas. Dentro do dito programa, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando no terceiro domingo do mes de xullo o chamado “Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”.

O dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así como un dos máis prestixiosos da Comunidade autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seu seguimento e cobertura mediáticos, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-



## Concello de Vigo

culturais de todo o territorio nacional. Todos estes motivos fan co que o Concello de Vigo considere necesario contribuír ó seu mantemento e financiamento.

### PROGRAMA E ORZAMENTO:

O “Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas 2019” tivo lugar o día 21 de xullo do 2019 na dita vila de Bouzas.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 63.100 € (sesenta e tres mil cen euros), dos que o Concello de Vigo aportará 8.100 euros e que inclúe todos os gastos que se xeraron como consecuencia da programación.

### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Confraría, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas para as festas do Cristo de Bouzas 2019 “*FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS 2019*” rexease pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da

entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

Esta subvención nominativa prevé un gasto de 8.100,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0011 do vixente programa orzamentario das Festas, a favor da "Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas", suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade. Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 63.100,00 euros.

A presente axuda se acolle ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0011, (Convenio Comisión de Festas de Bouzas), prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo por importe de 8.100 euros, a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, CIF G-36.690.170, para coadjuvar os gastos do desenvolvemento do acto de apertura do Festival poético-piromusical de Bouzas.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que a presente axuda se acolle ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0011, (Convenio Comisión de Festas de Bouzas), prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo por importe de 8.100 euros, a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, CIF G-36.690.170, para coadjuvar os gastos do desenvolvemento do acto de apertura do Festival poético-piromusical de Bouzas.





## Concello de Vigo

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A subvención do Concello de Vigo á Confraría é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 8.100 € (oito mil cen euros) á Confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas (CIF. G-36.690.170), para o financiamento das Festas do Cristo de Bouzas 2019 “FESTIVAL POÉTICO PIRO MUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS 2019” organizado por esta entidade e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0011 que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

SEGUNDO.- *As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:*

### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

- 1º.- Asumir todo o concernerente á organización das actividades, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.
- 2º.- Realizar o “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL” e en especial o acto de “APERTURA”, segundo a programación proposta e o presuposto aprobado.
- 3º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa realización.
- 5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación da póliza de seguro de

responsabilidade civil nº RS-G-361.000.239 de “GENERALI ESPAÑA, S.A.” de Seguros y Reaseguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza, que se achega ao expediente.

6º.- Coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

7º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

8º.- Deixar a zona que se utilice para as actividades en perfectas condicións de limpeza e respectando o entorno.

9º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

10º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

## **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

Conceder directamente á Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, unha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros co obxecto de coadjuvar ó financiamento da organización do acto “Apertura” do “Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas” con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0011 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio

## **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á entidade é a Área de Festas do Concello de Vigo, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

## **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa



## Concello de Vigo

aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme da concelleira-delegada da Área de Festas.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de 63.100 euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  6. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  7. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  8. Memoria de prensa.
  9. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  10. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración



## Concello de Vigo

ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Festas. Os técnicos da Área de Festas emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade

subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(892).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS” 2019-2020. EXPTE. 8171/335.**

Visto o informe xurídico de data 14/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 9/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En consonancia coas competencias en cultura atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de administración local de Galicia, o Servizo de Festas está a organizar a tradicional Cabalgata de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2020, domingo, na cidade de Vigo.

Como vén sendo habitual, o Concello ofértalle ás nenas e nenos da nosa cidade a posibilidade de participar activamente neste evento, mediante a convocatoria do concurso: **“Vente cos Reis Magos”**.

O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2020, ademais de doce suplentes para cubrir as posíbeis baixas ou renuncias. Os principios que



## Concello de Vigo

rexerán este sorteo son os de igualdade, participación, concorrencia, publicidade e transparencia do procedemento.

Este concurso ten como única limitación a idade dos participantes por motivos de seguridade, nesta edición, tan só poden tomar parte os nados entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2011. A inscrición para o concurso realízase cumprimentando un Boletín de inscrición, que deberá ser presentado no Rexistro xeral, no Rexistro electrónico municipal ou en calquera dos lugares previstos ao efecto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os pais, nais ou titores dos nenos agraciados terán que presentar esta solicitude e no caso dos sorteados asinar a pertinente autorización ou, se fose o caso, a renuncia.

As bases de participación para este concurso publicitaranse en anuncio nos medios de comunicación locais e estarán a disposición das/dos interesadas/os tanto na Oficina de Información municipal así como na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org). Así mesmo, distribuiranse folletos de inscrición coas devanditas bases polos centros escolares e asociacións veciñais do termo municipal.

Faise constar que as presentes bases incorporan as esixencias contidas no Regulamento 2016/679 do Parlamento Europea e do Consello (UE), de data 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Á vista do exposto, previo o informe xurídico e coa conformidade da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno a seguinte,

### **PROPOSTA:**

“Que se aproben as Bases de participación que se achegan no expediente correspondentes ao concurso “Vente cos Reis Magos 2019-2020” e que teñen por obxecto seleccionar a corenta nenas/os para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2020, ademais de doce suplentes para cubrir as posibles baixas ou renuncias.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### *BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2019-20”*

*1. O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, no desfile da Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2020, ademais de doce suplentes para cubrir as posibles baixas ou renuncias. As/os nenas e nenos serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e na do Carteiro Real.*

*2. Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos de Vigo que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2011, ambos inclusive. Así*

*mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso, circunstancia que será verificada polo Servizo de Festas.*

*3. Para participar neste concurso, será necesario que o pai/nai/titor(a) cubra o Boletín de inscrición e o presente no Rexistro xeral do Concello de Vigo, no Rexistro electrónico municipal ou en calquera dos lugares previstos ao efecto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Só se aceptará un boletín por nena/o.*

*4. Os interesados poderán recoller o Boletín de inscrición na Oficina de Información do Concello de Vigo ou descargalo da páxina web municipal do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)); así mesmo repartiranse exemplares destes Boletíns entre centros cívicos, colexios e asociacións culturais.*

*5. O prazo de inscrición será desde o día seguinte ao da publicación, na páxina web municipal, da aprobación das presentes Bases pola Xunta de Goberno local ata o día 16 de decembro de 2019.*

*6. A listaxe definitiva de admitidos co número de entrada no Rexistro farase pública na páxina web municipal, a efectos de eventuais alegacións.*

*7. O sorteo realizarase o día 20 de decembro de 2019, ás 12:00 horas, no vestíbulo do Auditorio municipal da Casa do Concello. A Mesa do sorteo constituirase cos seguintes membros: Presidenta (concelleira delegada da Área de Festas e Turismo), dous Vogais (funcionarios do Servizo de Festas) e Secretaria (xefa do Servizo de Festas).*

*8. O sorteo iniciarase dando conta do número de inscritos admitidos ao concurso. No caso de que o número de inscritos fose igual ou inferior a corenta e estes estivesen debidamente inscritos, non será necesario o sorteo, limitándose o acto a proclamar como seleccionados a todos os inscritos.*

*9. O Servizo de Festas comunicará directamente a todos os seleccionados a súa participación no evento.*

*10. Os pais, nais ou titores das nenas e dos nenos seleccionados deberán, tras a comunicación do Servizo de Festas, asinar a pertinente autorización e acreditar a idade e a paternidade/maternidade/titoría (mediante a presentación do libro de familia) así como a residencia no termo municipal (mediante volante de empadramento).*

*Os anteditos responsábeis deberán asinar a renuncia, no caso de non ser posible a participación no evento.*

*11. O Concello de Vigo entregarlles ás nenas e aos nenos seleccionados un disfraz, que devolverán unha vez finalizada a cabalgata nas mesmas condicións en que lle foran entregues.*

*12. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos poidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.*

*13. A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles incidencia que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.*

*14. As bases de participación neste concurso publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación locais e estarán a disposición das/dos interesadas/os na oficina de Información municipal, situada na lonxa da Casa do Concello, así como na páxina web municipal.*





## Concello de Vigo

*15. Os datos das persoas solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento do concurso “Vente cos Reis Magos”, obxecto das presentes bases; só serán solicitados aqueles datos estritamente necesarios para a mencionada finalidade.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto no Regulamento da Unión Europea 2016/679 (Regulamento xeral de protección de datos), de xeito que os datos persoais sexan tratados garantindo os principios relativos ao seu tratamento así como os dereitos dos interesados ao respecto, e demais normativa vixente na materia.*

*O responsábel do seu tratamento será o Servizo de Festas do Concello de Vigo.*

*En consecuencia, requirirase nos boletíns de inscrición o consentimento dos pais ou tutores dos menores para a súa participación neste concurso, que se dará de manifesto coa súa autorización para a inscrición e para que os datos recollidos sexan tratados coa finalidade prevista anteriormente.*

*16. O mero feito da inscrición para participar neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, incluíndo a autorización para o uso de imaxes das/dos sorteadas/os que se obteñan na vía pública, durante o desfile da Cabalgata de Reis.*

### **12(893).- CONVOCATORIAS DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON EMPRESAS PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO (“NADAL 2019, CABALGATA DE REIS 2020 E ENTROIDO 2020”). EXPTE. 8156/335.**

Visto o informe xurídico de data 9/10/19, dáse conta do informe-proposta do 8/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O servizo de Festas desenvolve ao longo do ano un programa estable de actividades de carácter sociocultural cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais.

Por outra banda, cada vez é máis habitual a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Neste senso o artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

A estos efectos en data 04/07/2019 á XGL prestou aprobación ás bases reguladores e convocatorias de convenio de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo que modificou as bases aprobadas en data 28/07/2017.

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrència establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Concellería de Turismo e Festas, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral e que se concretan no seguintes programas

- a) Programas “**Samain**” e “**Nadal**”.
- b) Programas “**Cabalgata de Reis**” e “**Entroido**”
- c) Programa “**VIGO EN FESTAS** ”

Conforme a base SÉTIMA das bases reguladoras, procede a aprobación da convocatoria dos programas NADAL 2019, CABALGATA DE REIS E ENTROIDO 2020.

Polo polo exposto, previo informe xurídico, sométese á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación o seguinte INFORME PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria do programa: “ NADAL 2019, CABALGATA DE REIS 2020 E ENTROIDO 2020”

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo dos Programas “NADAL 2019, CABALGATA DE REIS 2020 E ENTROIDO 2020” no BOP de Pontevedra, taboleiro de edictos e páxina web do Concello de Vigo.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA PARA OS PROGRAMAS: “NADAL” 2019 E “CABALGATA DE REIS E ENTROIDO 2020” DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE



## Concello de Vigo

### COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO.

#### Expediente nº 8156-335

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

A estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresariais con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral organizadas polo Concello de Vigo, a través das bases aprobadas pola Xunta de Goberno local en data 04 de xullo de 2019, e da convocatoria anual.

#### **SEGUNDO.- ACTIVIDADES OBXECTO DE COLABORACIÓN.**

Poderán ser obxecto de colaboración as actividades municipais relacionados no **Anexo I** das bases reguladoras.

#### **TERCEIRO.- ENTIDADES COLABORADORAS.**

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar o non estean incorridas en algunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

#### **CUARTO.- MODALIDADES DAS ACHEGAS**

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como **en especie** nos supostos legalmente establecidos. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto de colaboración.

Sempre que a actividade obxecto de colaboración o permitan, as achegas poderán proceder de varias entidades colaboradoras. En tales casos, cada entidade formalizará o seu respectivo convenio de colaboración segundo o modelo do **anexo II**.

#### **QUINTO.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

A publicación das convocatorias con conteñen a relación de actividades municipais obxecto de colaboración por entidades privadas, e dos prazos de presentación de ofertas para cada unha das actividades, será no BOPPO e na páxina web municipal con arranxo ao calendario recollido na base SÉTIMA:

a) Para o programa **“Nadal”** o período de publicación establécese nos meses de setembro/outubro do mesmo ano no que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

b) Para os programas **“Cabalgata de Reis”** e **“Entroido”** o período de publicación establecerase no último trimestre do ano anterior aos que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración.

Para todos os supostos anteditos, o prazo para a presentación de solicitudes para cada convocatoria será de 20 días naturais contados dende o día de publicación no BOPPO .

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

Recibidas as propostas nos prazos das respectivas convocatorias, procederase a avaliación das mesmas, así como da documentación presentada polos interesados. En caso de concorrencia de varias entidades, a prioridade determinarase de acordo aos criterios estabelecidos na base novena e de acordo coa puntuación establecida no punto sétimo da convocatoria anual.

Todo isto farase mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (**Anexo III**)

#### **SEXTO.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR AS BASES E FORMULARIOS:**

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e servizo de Festas dende o día da publicación no BOPPO.

#### **SÉTIMO.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS.**

A comisión de avaliación estará composta polo persoal técnico adscrito ao servizo, pola Concelleira delegada da área de Festas e Turismo e polo Presidente do "Comité de políticas Públicas en materia de Festas e Turismo do Concello de Vigo" que procederán ao estudo das propostas presentadas para cada programa. Actuará como presidente/a a Concelleira delegada da Área ou o Presidente do Comité, como secretaria/a un técnico/a do servizo.

A comisión estudará as propostas e descartará previamente aquelas cuxa marca ou produto non se adecúe ao tipo de actividade ou acción programada, así como ao público destinatario, sobre todo naquelas actividades de tipoloxía infantil ou familiar.

Posteriormente valoraranse o resto da propostas en base aos seguintes criterios:

##### 1.- Avaliación para achegas monetarias: \_\_\_\_\_ ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s economicamente máis vantaxosa/s: ata 5 puntos
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos.
- c) Calidade técnica da publicidade: ata 2 puntos.
- d) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 puntos.

##### 2.- Avaliación para achegas en especie: \_\_\_\_\_ ata 10 puntos.

- a) A/s oferta/s en especie cuxa valoración económica sexa máis vantaxosa/s: ata 4 puntos.
- b) Adecuación da marca ao tipo de actividade e máis ao público destinatario da actividade, sobre todo naquelas actividades cuxo público destinatario sexa o público infantil ou familiar: ata 2 puntos



## Concello de Vigo

- c) A adecuación da/s oferta/s ao programa no que vai a ser encadrado a actividade ou acción proposta: ata 2 puntos.  
d) Calidade técnica da publicidade: ata 1 punto.  
e) Compromisos efectivos dos solicitantes con accións de interese público: ata 1 punto  
FDC/jla

### **ANEXO I**

#### **ACTIVIDADES E PROGRAMAS OBXECTO DE COLABORACIÓN POR ENTIDADES PRIVADAS.**

##### **1.- CABALGATA DE REIS 2020:**

Descrición da actividade: Organización e desenvolvemento da Cabalgata de Reis que ten lugar na cidade de Vigo o día 5 de xaneiro de 2020:

Data e hora: 5 de xaneiro as 18,00 horas

Percorrido: Avda. García Barbón, (dende a rotonda de Isaac Peral), Policarpo Sanz, Porta do Sol e remate en Elduayen.

Temática: **PERSONAXES E ANIMAIS DE CONTOS E HISTORIAS DA NOSA INFANCIA**

Forma de colaboración: **Achegas en especie** (carroza, animación infantil o calquera outra actividade de interese xeral relacionada co evento).

Prazo de presentación de solicitudes: o establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

##### **2.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL 2019-2020.**

Descrición da actividade: Eventos socioculturais infantís, familiares e de público xeral desenvolvidos entre o 15 de decembro e o 8 de xaneiro.

Datas e horarios: sen determinar.

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** para colaboración na realización de obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar ou infantís, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación de Nadal).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

##### **3.-ENTROIDO 2020**

Descrición da actividade: Programa de actividades relacionadas co Entroido vigués: Concursos, desfiles, concertos, entronización e enterro do Meco, carreira popular, calquera outra actividade de interese xeral relacionada co Entroido.

Datas e horarios: determinaránse coa aprobación da programación anual

Forma de colaboración: **Achegas monetarias ou en especie** (obradoiros, animacións, espectáculos de carácter familiar, infantís ou de público xeral, concertos de música, o calquera outra actividade de interese xeral relacionada coa programación do Entroido).

Prazo de presentación de solicitudes: O establecido no punto QUINTO da convocatoria, e na base SÉTIMA .

**ANEXO III**

**INSTANCIA-FORMULARIO DE  
SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES  
SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE  
VIGO.**

**NOME** **DA** **ENTIDADE:**

.....  
CIF.....ENDEREZO.....

.....  
LOCALIDADE.....CÓDIGO  
POSTAL.....

**NOME** **DO** **REPRESENTANTE** **LEGAL** **DA**  
**ENTIDADE:**..... NIF.....TELÉFONO  
DE CONTACTO..... CORREO ELECTRÓNICO  
.....

**ACTIVIDADE/S OU PROGRAMA/S OBXECTO DE COLABORACIÓN:**

- **PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE NADAL 2019-2020:**
- **CABALGATA DE REIS 2020:**
- **ENTROIDO 2020:**

**FORMA DE COLABORACIÓN:**

- **MONETARIA:**
- **IMPORTE DA ACHEGA:**.....
- **EN ESPECIE:**
- **VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA** .....

\* Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.

En ....., a .....de.....de 20....

Asdo.:



**Concello de Vigo**

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

**13(894).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2019”. EXPTE. 9146/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 8/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2019 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2019”.

Á entidade Asociación de Mulleres en Igualdade Vigo, CIF: G27712306, expediente 9146-224, foille concedida unha axuda por importe de 952,90 € para a realización do proxecto “Talleres formativos: Muller. A Tecnoloxía en igualdade”.

Con data 7 de outubro de 2019, a entidade Asociación de Mulleres en Igualdade Vigo, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 190153862).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo, con CIF: G27712306, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2019*”.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**14(895).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL PARA A**

## **REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO POSTERIOR E AUDITORÍA NO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS E ENTIDADES DEPENDENTES PREVISTAS NO PLAN ANUAL DE AUDITORÍAS E CONTROL FINANCEIRO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2019. EXPTE. 102274/140.**

Visto o informe xurídico de data 02/10/19, e o informe de fiscalización do 10/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 27/09/19, asinado polo interventor xeral e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Bases de Execución do Orzamento Vixentes.

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución de 31 de maio de 2019 o concelleiro delegado da área de Orzamentos e Facenda acordou iniciar o procedemento para a contratación por procedemento aberto dos servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019, que figuran relacionadas no Prego de Prescricións Técnicas.

**Segundo.-** No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo interventor xeral municipal, de data 30 de maio de 2019.
- Orde de inicio de tramitación do expediente do concelleiro delegado da área de Orzamentos e Facenda, de data 31 de maio de 2019.





## Concello de Vigo

- Memoria xustificativa do contrato asinada polo interventor xeral municipal, de data 16 de setembro de 2019.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado polo interventor xeral municipal, de data 3 de xuño de 2019, e declaración do interventor, asinada na mesma data, de que as especificacións técnicas recollidas no PPT foron elaboradas tendo en conta á lexislación vixente aplicable e garanten aos posibles licitadores acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e non terán por efecto a creación de obstáculos inxustificables á apertura da contratación pública á competencia.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do servizo de contratación, de data 25 de setembro de 2019.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O artigo 136 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local asigna á Intervención Xeral Municipal a función pública de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia.

En particular, o control financeiro ten por obxecto comprobar o funcionamento no aspecto económico-financeiro dos servizos das entidades locais, dos seus organismos autónomos e das sociedades mercantís deles dependentes, informando acerca da adecuada presentación da información financeira, do cumprimento das normas e directrices que sexan de aplicación e do grao de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos previstos.

O control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública.

**Segundo.-** De acordo co Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o órgano interventor deberá contar cos medios necesarios e suficientes para contar cun modelo de control eficaz.

Ante a ausencia de medios técnicos e/ou humanos adecuados para a realización das auditorías públicas, o citado Real Decreto contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor, a cuxo efecto consignaranse nos orzamentos das Entidades Locais as contías suficientes para responder as necesidades de colaboración.

**Terceiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo órgano de contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Área.

O concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, por resolución de 31 de maio de 2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Cuarto.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo interventor xeral municipal, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de servizo de Contratación.

**Quinto.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto.

**Sexto.-** O artigo 116.3 da LCSP establece que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento equivalente, documento que incorporará o servizo de contabilidade e orzamentos, e previamente á aprobación do expediente será informado pola Asesoría Xurídica Municipal e fiscalizado pola intervención xeral.

**Sétimo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación, e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o expediente de contratación (102724/140) por procedemento aberto dos “Servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019”.

**2º.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 3 de xuño de 2019 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 25 de setembro de 2019 que rexerán a contratación dos “Servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019”.

**3º.-** Aprobar o gasto por importe de 66.832,20 € (IVE incluído), necesario para a execución do contrato de “Servizos de colaboración coa Intervención Xeral Municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes previstas no Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro correspondente ao exercicio 2019”, con cargo á aplicación orzamentaria 9310.2270600 “Elaboración de auditorías”, conforme a seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2019: 17.520,00
- Ano 2020: 49.312,20

**4º.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.



## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(896).- DAR CONTA DAS “NORMAS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2019”. EXPTE. 125/143.**

Dáse conta da Resolución do 14/10/19 do concelleiro de Orzamentos e Facenda, pola que se aproban as referidas normas, que di o seguinte:

#### “NORMAS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2019”

Aplicación subxectiva: Entidade Local e o Organismo Autónomo Administrativo XMU.

Aplicación obxectiva: ás operacións e procedementos regulamentados nestas normas

A regulación das operacións de peche do exercicio de 2019 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario ditar as oportunas instrucións aos efectos de garantir que os procedementos de tramitación e procesos de contabilización se fagan tendo en conta o principio contable de devengo.

#### *I.- Antecedentes*

A Resolución de 21 de MARZO de 2018, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas, en relación ao informe de fiscalización sobre a rendición de contas das entidades locais, exercicio 2015, (BOE nº 120 de 17 de maio de 2018), fai referencia a necesidade dunhas normas de peche.

Respecto das actuacións que se insta a realizar polos Entes Locais destacan:

- Establecer os mecanismos e procedementos internos necesarios para asegurar un adecuado seguimento do proceso de rendición das súas contas xerais, así como para que éste realícese no prazo legalmente previsto.
- Adoptar os procedementos necesarios para garantir que o orzamento cumpra coa súa función de instrumento efectivo da planificación da súa actividade económico-financeira, para o que resulta esencial a aprobación e liquidación do mesmo dentro do prazo legalmente previsto.
- Adoptar as medidas necesarias para que o seu sistema de información contable permítalles efectuar actuacións de control financeiro, así como o cumprimento dos niveis de información e detalle esixidos para a memoria das contas anuais.
- Implementar os mecanismos apropiados para garantir a adecuada conexión entre os rexistros administrativos a través dos que se reciben facturas, co rexistro contable de facturas, para reducir o risco de erros, atrasos ou incidencias na anotación das mesmas, que puidesen afectar á fiabilidade da información contable.

- Elaborar e aprobar unha instrución que regule as operacións a realizar a peche de exercicio, de modo que se garante a correcta aplicación dos principios de imputación orzamentaria, de devengo e anualidade orzamentaria.
- Aprobar polo Pleno das entidades locais normas para o exercicio e desenvolvemento da contabilidade financeira e seguimento da execución orzamentaria, que permitan o adecuado rexistro no sistema de información contable de todas as operacións, a aplicación homoxénea dos criterios a seguir na aplicación do marco conceptual da contabilidade pública e dos criterios de recoñecemento e valoración recollidos nas instrucións de contabilidade, así como facilitar o cumprimento dos fins da contabilidade local.

Aos efectos de dar cumprimento á Resolución do Alto Tribunal, esta Entidade dende hai máis de 10 anos, está aprobando unhas normas de peche, que ademais teñen regulación nas propias Bases de Execución do Orzamento (DA SEXTA).

Para conseguir os obxectivos de transparencia e cumprimento da LOEPSF, os distintos niveis da Administración para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor unhas instrucións que sirvan ás distintas unidades-servizos xestores como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.

O cumprimento dos procedementos de tramitación das obrigas, liquidación de dereitos e recadación dos mesmos, ten como obxectivo o de dar cumprimento ao previsto no artigo 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de tal xeito que, os ingresos recoñecidos e recadados aplíquense aos conceptos na súa totalidade antes do peche do exercicio, e os gastos, estense a computar na súa totalidade aos efectos de verificar si se está a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Por outra banda, o non recoñecemento de obrigas devengadas no ano por parte do Concello ou o seu Organismo Autónomo Administrativo, estaría a afectar ao cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non estar a contabilizarse a totalidade das obrigas que conforman gasto computable nos termos previstos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), polo que, non se estaría a cumprir coa Regra de Gasto nos termos do SEC-2010 (Regulamento 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consejo, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea. Tamén se estaría a incumplir co Período Medio de Pago regulamentado no Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro e coa Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

En consecuencia co anterior, é de obrigado cumprimento para os servizos xestores, tramitar as operacións que afecten ao cumprimento dos obxectivos previstos na Lei Orgánica 2/2012, dentro do ano 2019, sen excepción algunha.

En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019, antes de empezar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, dará a coñecer á Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir o cumprimento dos prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.



## Concello de Vigo

Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:

### **II.- Tramitación de expedientes de contratos menores**

A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día **27 de decembro**. Esta data hai que entendela de entrada na unidade de Contabilidade, sempre que se expida o documento contable nesa data. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen obxecto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ao peche do exercicio. Así mesmo, na tramitación destes expedientes se suxeitarán á tramitación electrónica actualmente en vigor, debendo estar asinados electronicamente nas devanditas datas.

En todo caso, tendo en conta a obriga de tramitación da factura electrónica para os suxeitos regulados no artigo 4 da Lei 25/2013, na tramitación do expediente terase en conta tal circunstancia, debendo estar rexistrada e verificada polo servizo correspondente a factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2019.

Sendo o prazo límite deste tipo de procedementos o do 27 de decembro, será o servizo xestor do expediente, que en atención ao cumprimento dos requisitos legais, estableza un prazo anterior, sendo obrigatoria a imputación do gasto (fase O), dentro do exercicio 2019.

### **III.- Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto**

Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada no Servizo de Contabilidade o día 27 de decembro.

As unidades-servizos xestores, extremarán as accións de seguimento dos expedientes que lle afecten e que son obxecto de adxudicación nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión ao Servizo de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.

Se non se remitise o expediente fisicamente, ao menos haberá que facelo electronicamente. *De non facer a remisión, no será posible rexistrar a fase contable preceptiva e e expedir o documento. En consecuencia, o gasto non terá a súa imputación ao orzamento do ano 2019, xa que un expediente que electronicamente se envíe ao servizo de Contabilidade con data 2020, non se poderá ser obxecto de rexistro contable con data 2019.*

### **IV.- Fondos a xustificar**

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao orzamento corrente tramitaranse ata o día 26 de decembro, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na instrución de servizo 01/2006, de 24 de novembro. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio orzamentario, é dicir, con data límite **27 de decembro**,

seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ao habilitado/a. A xustificación da rendición da conta dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das contas restrinxidas de pagos a xustificar ás contas operativas, de tal xeito que, o saldo líquido esté incluído na Acta de Arqueo de final de ano. En consecuencia, calquera que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o tempo real que leven na conta restrinxida de habilitación, o prazo de rendición é con data límite o **30 de decembro**.

Sen excepción algunha, os pagamentos que deran lugar a algunha retención, deberán renderse dentro do ano para facer o ingreso na Axencia Estatal Tributaria na liquidación anual, sendo responsabilidade exclusiva do habilitado, a situación xerada pola retención dun importe no ano e non contabilizado para o seu ingreso dentro das liquidacións fiscais do período.

Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún rendemento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade antes de rematar o ano.

Os Habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acredor), xa que neste caso, é probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son responsables, estando os fondos ingresados noutra, ou (saldo debedor cando debería ser Cero), neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagamentos á conta doutro habilitado/a.

Para coñecer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberase ter e conta as instrucións remitidas a todos os habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008.

En relación coas verificacións dos saldos, estarase as normas do Servizo de Contabilidade de data 27 de febreiro de 2008, remitidas aos Sres. Habilitados.

#### **V.- Tramitación de Facturas**

Respecto da tramitación de facturas, para o seu control e contabilización en Fase de execución orzamentaria "O" ou "ADO", recibiranse para a súa imputación ao orzamento corrente, **ata o día 30 de decembro**. Enténdese esta data como límite para que esta Unidade Administrativa de Contabilidade reciba nas súas dependencias os citados documentos ou na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2019. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acreditativa da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Orzamento (Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1619/2012.

As unidades xestoras, aos efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, ademais de non perder os créditos, tramitarán as facturas dentro do vixente ano orzamentario (incluídas as prestacións correspondentes aos contratos ata o mes de decembro inclusive). Coa excepción aplicable a determinados investimentos que teñen o seu financiamento afectado, non hai excepcións á tramitación das facturas dentro do ano 2019.



## Concello de Vigo

Para os contratos de *tracto sucesivo*, a prestadora ou subministradora, emitirá a factura igualmente dentro do ano 2019. As diferenzas ou desconformidades con algún dos conceptos contidos na mesma, serán obxecto de regularización na factura de xaneiro do ano 2020. Con respecto a este extremo, con esta mesma data se da a coñecer unha circular sobre o tratamento específico das facturas no mes de decembro.

Polo tanto, en aplicación do principio de devengo, as unidades xestoras deberán artellar os procesos para tramitar todas as facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servizos, subministro ou obras dentro do vixente ano e ata o 30 de decembro.

Os responsables das sinaturas das facturas, extremarán a vixilancia para aquelas que non tivesen entrada en FACe o 30 de decembro, xa que poderían ter entrado o 31 de decembro, día inhábil para os empregados da Entidade por Convenio, pero hábil a nivel nacional, polo que terían que asinar o documento o día 31 de decembro.

A tramitación da factura comprende a fase Rexistrada (R) cando se produce a descarga do documento da plataforma FACe, co número de rexistro do punto de entrada ou cando se produce a anotación no Rexistro Xeral, enviada ao servizo xestor para a súa conformidade ou desconformidade (E), Devolución da mesma por desconformidade (D), Anulada polo provedor (A), Verificada de conformidade (V), polo que a data 28 de decembro, tan só pode estar en estado de Anulada (A), Devolta (D) ou conformada (V). Cando se produza unha devolución, hai que comunicar tal circunstancia ao servizo de Contabilidade aos efectos de facer o preceptivo rexistro da devolución na plataforma FACe, debendo figurar no expediente, a causa e a Resolución do Sr. Concelleiro Delegado.

Non poderá quedar factura algunha sen tramitar. A totalidade dos gastos nos que se incorrera no ano, deberán ter a súa imputación ao orzamento do ano 2019, sen excepción algunha.

De non darse cumprimento a esta instrución, estaríase a incumprir un dos instrumentos legais básicos no ámbito do Sector Público, - a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira-.

Os responsables da sinatura de conformidade do servizo, subministro ou obra, ao obxecto de dar cumprimento aos prazos de pagamento (30 días dende a súa conformidade), disporán de cinco días naturais a partires da entrada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou no Rexistro Xeral se fose o caso, para dar conformidade a factura e remitir a mesma para súa fiscalización. En ausencia do responsable, deberase informar quen é o responsable da sinatura. O devandito prazo, non é ampliable en ningunha circunstancia. Si a factura non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado/a, deberase dar de baixa no xestor corporativo de expedientes e comunicar ao Servizo de Contabilidade para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Os responsables dos servizos, terán que solicitar dos provedores-contratistas, que remitan a factura dentro do ano, e antes de rematar a xornada do día 27 de decembro, debendo quedar a factura en algún dos estados antes relacionados (Verificada ou Rexeitada).

### **VI.- Xustificantes e rendición de subvencións**

As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con **data límite o día 15 de novembro**, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calquera defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son axeitados ou suficientes, ou por algún incumprimento das Bases e convocatoria das subvencións.

Os responsables das unidades e servizos xestores das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas tendo en conta os requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da/o beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

De non achegarse os xustificantes nos prazos establecidos nestas normas de peche, ou estes non se axustasen ao previsto nas Bases e convocatoria ou no convenio, perderán o dereito a mesma.

De ser axustados ao obxecto e finalidade da mesma, a/o responsable fará constar que os xustificantes dan cumprimento á finalidade da subvención, emitindo informe proposta favorable para a súa rendición.

Se a xustificación non é completa, expedirase a orde de pago exclusivamente pola contía que fose aceptada como xustificativa da mesma. O/A xefe/a do servizo, na súa comprobación, emitirá un informe no que faga constar que a documentación recibida non se axusta ás Bases e convocatoria, polo que, propón a tramitación do importe parcial pola documentación aceptada como gasto elixible.

## **VII.- Indemnizacións substitutivas**

No caso excepcionalísimo de tramitación de algún expediente que conteña procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites, recibiranse para a súa fiscalización e expedición de documento contable "RC" **ata o día 13 de decembro**, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-possibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramitar o expediente, e ademais, con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse ao servizo de Contabilidade o expediente, **antes do 27 de decembro** para a contabilización da Fase ADO, xa que ésta é a data límite para efectuar este tipo de operacións (contabilización de facturas), que deberá quedar en fase de ordenación de pago para o seu pagamento en xaneiro do ano 2020.

Os expedientes deste tipo, formaranse e seguirán o procedemento regulado no artigo 28 do RD 424/2017, de 28 de abril e na Base 28ª das de Execución do Orzamento, debendo estar completos e en condicións formais e legais de ser tramitados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora responsabilizarase do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio orzamentario seguinte, sempre tendo en conta, que no ano seguinte, a cualificación xurídica do expediente sería outra.

De darse a excepcionalidade do caso, ao existir facturas ou gastos que deberían estar imputados ao orzamento do ano 2019 e non o fixeron, deberá acreditarse esta circunstancia ao Servizo de Contabilidade aos efectos de facer o axuste correspondente sobre gastos devengados non imputados ao orzamento, que terán efectos sobre a estabilidade orzamentaria e sobre o cumprimento da Regra de Gasto, así como sobre o Período Medio de Pagos e morosidade comercial, xa que habería documentos mercantís rexistrados que quedarían contabilizados na Conta 413 que non estarían imputados ao





## Concello de Vigo

orçamento sobre os que están a transcorrer os prazos legais de pagamento, que poderían dar lugar a que non se cumpriran os prazos legais de pago.

### ***IX.- Devolución de ingresos indebidos con cargo ao orzamento ou por ingresos duplicados ou excesivos***

Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orzamentario como non orzamentario, aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a súa contabilización con ***data límite 13 de decembro***. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados ao servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiranse para a súa contabilización con data 2020. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao Servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

En relación coas ordes de pago por devolución de ingresos indebidos, tendo en conta a problemática que xorde para o seu pago no ano seguinte, deberase facer o pagamento das mesmas dentro do ano que se expiden. O Servizo de Contabilidade deberá enviar para Tesourería as ordes de pagamento por devolución de ingresos indebidos con data límite do ***20 de decembro*** e Tesourería deberá facer o pagamento dentro do ano 2019. De non cumprir coas datas, os expedientes de devolución de ingresos, tanto por ingresos indebidos como duplicados ou excesivos, a súa ordenación de pago deberá facerse no ano 2020.

### ***X.- Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.***

Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de orzamento corrente como pechados, que houberen sido fiscalizados e aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a contabilización da baixa con ***data límite 13 de decembro***.

Os expedientes que se tramiten para a súa ***fiscalización*** e aprobación, que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2019, deberán ser remitidos, con ***data límite 10 de decembro***, sempre e cando, a unidade xestora do expediente (Xestión tributaria, Inspección, Seguridade, Recadación), remita o expediente para a súa contabilización antes do día 13 de decembro.

Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen enviados ao Servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de ***13 de decembro***, remitiranse para a súa contabilización con data 2020. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

O servizo de recadación deberá extremar as cautelas, de tal xeito que si se rexistran baixas nos aplicativos de Recadación correspondente aos acordos adoptados e non se envía o expediente para a súa contabilización na data límite do 13 de decembro, producirase unha falta de conciliación entre os sistemas SICAP e WinGT, que xerará unha tarefa en WinGT de cambio de data dos recibos cargados e non contabilizados en SICAP.

Para garantir que os servizos implicados rexistran as operacións dentro do mesmo exercicio, deberán comunicar con anterioridade ao rexistro contable/recadación a súa preferencia.

#### ***XI.- Rexistro e contabilización de dereitos***

O servizo de Contabilidade e o de Recadación, verificarán que todos os acordos adoptados, así como as modificacións orzamentarias tramitadas e contabilizadas, teñen o seu preceptivo cargo en recadación, de tal xeito que esté garantida que a información nos distintos módulos é coherente.

En relación cos cargos relativos ás modificacións orzamentarias que xurdan por xeración de créditos nos estados de gastos, estarase ao previsto no expediente 36/143, "NORMAS CONTABLES DE APLICACIÓN OBRIGATORIA PARA TODO GASTO QUE TEÑA FINANCIAMENTO AFECTADO, CALQUERA QUE SEXA O COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO." O dereito recoñecido será polo importe das obrigas recoñecidas.

#### ***XII.- Tramitación de expedientes de Inspección e de xestión por revisión de autoliquidación do ICIO***

Aos efectos de imputar ao orzamento de ingresos as propostas de aprobación por actas de inspección e de revisión das autoliquidacións do ICIO, os expedientes terán que cargarse en Contabilidade e en Recadación con **data límite 13 de decembro**. Os restantes expedientes con proposta de liquidación e aprobación por órgano competente que non se remitan nos prazos referenciados, serán obxecto de tramitación no ano 2020 e a súa imputación será ao estado de ingresos do 2020.

#### ***XIII.- Tramitación de aprazamentos e fraccionamentos***

Aos efectos de reservar a última quincena do ano para as operacións de comprobación e rectificación, as propostas de aceptación de aprazamento e fraccionamento solicitados, serán tramitadas con **data límite do 13 de decembro**, e a súa contabilización deberá estar rexistrada con **data límite do 27 de decembro**.

#### ***XIV.- Aplicación da Recadación***

Aos efectos de garantir que a información correspondente ao cuarto trimestre que hai que render ao Ministerio de Facenda, estea operativa e utilizable, os servizos de Recadación e Contabilidade desenvolverán as súas tarefas e axustes técnicos para que todos os ingresos do ano 2019, calquera que sexa a súa cualificación, estean aplicados con, **data límite 10 de xaneiro 2019**.

#### ***XV.- Contabilización de Facturas***

Tendo en conta o prazo máximo de entrada das facturas no servizo de Contabilidade (30 de decembro), aos efectos de completar e render a información na plataforma do MINISTERIO DE FACENDA correspondente ao cuarto trimestre, este servizo fará a contabilización de todos os documentos xeradores de obrigas nos **primeiros 10 días do ano 2020**, facendo a planificación das tarefas, axuste de calendario e medios para dar



## Concello de Vigo

cumprimento ao obxectivo, polo que tal circunstancia pode supoñer unha replanificación no disfrute dos días de libre disposición ou do período vacacional se fose o caso.

### **XVI.- Anulación de créditos no estado de gastos**

Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectos ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.

Así mesmo, os créditos orzamentarios que fosen obxecto de financiamento con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ao orzamento do ano 2019, non poderán ser incorporados de novo ao orzamento do ano 2020 se non se executaron no transcurso do ano 2019.

Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no ano 2019, teñen que ao menos chegar a Fase contable "D" dentro do ano, en caso contrario, en aplicación do apartado 2 da Base 8ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2020.

En relación aos créditos afectos a contratos, salvo as excepcións previstas para os investimentos, deberán ser obxecto de execución no ano, de non ser así, as devanditas facturas imputaranse aos orzamentos do ano 2020. En consecuencia, os servizos xestores velarán pola tramitación das facturas en prazo, sempre dentro do ano 2019.

En resumo, os créditos dos capítulos I, II, III, IV, VI, VII e IX que non estean asociados a obrigas recoñecidas, quedarán anulados ao peche do exercicio, ao marxe da fase orzamentaria na que se atopen os créditos.

Excepcións:

Que teñan financiamento afectado; nese caso, se incorporarán como unha modificación orzamentaria ao orzamento do ano 2020 unha vez que se liquide o orzamento do ano 2019. En todo caso, teñen que ter alcanzado a fase de compromiso do gasto.

Os servizos xestores do expediente de gasto, remitirán unha solicitude coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado, para a incorporación dos créditos, cando teñan a cualificación de afectados.

Os servizos xestores, dando cumprimento as normas internas vixentes, tramitarán as facturas que reciban, dentro dos 5 días seguintes ao da súa recepción.

### **XVII.- Anulación de RCs, As, As/RCs nos proxectos de investimento.**

Aos efectos de que non se produzan coeficientes de financiamento afectado erróneos nos proxectos, aquelas operacións que non vaian ser traspasadas ao ano seguinte, deberán ser obxecto de baixa, mediante a anulación da retención de crédito e da autorización se fose o caso, e facer as operacións MODPYGDI e MODPYIDI pola contía anulada. Se os proxectos non teñen financiamento afectado, non será necesario facer os axustes. Os axustes correspondentes ás operacións de referencias, teñen unha importancia

determinante para o cálculo das desviacións de financiamento, tanto do ano como as acumuladas.

### **XVIII.- Pagamentos**

Aos efectos de dar cumprimento aos prazos de pagamento previstos no artigo 198 da Lei de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro, do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, e Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os servizos xestores conformarán e tramitarán as facturas que reciban nos cinco días seguintes a súa recepción. De non ser conforme a mesma, no mesmo prazo, informarán a desconformidade e proporán ao seu Concelleiro/a Delegada/a a súa devolución, facendo a notificación á mercantil titular do dereito de cobro, facendo constar na proposta de anulación e na resolución, os recursos aos que ten dereito, prazos e lugar de presentación.

Se a factura foi presentada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, e a mesma non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado, deberase dar de baixa no programa xestor corporativo de expedientes e comunicar ao Servizo de Contabilidade tal circunstancia para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas (Devolución da mesma por desconformidade (Estado D)) e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Pola Tesourería-Pagos, axustaranse os procedementos de pagamento coa máxima brevidade posible, aos efectos de facer o máximo de pagamentos dentro do ano, tendo como obxectivo, reducir os saldos de créditos comerciais con provedores a finais do exercicio e mellorar o prazo medio de pagamento.

### **XIX.- Operacións rexistradas en formalización**

As operacións en formalización rexistradas contra calquera das divisionarias da conta 557, terán que quedar saldadas a 30 de decembro, sen excepción algunha, polo tanto, os responsables que teñan ao seu cargo a contabilización de operacións con cargo a este tipo de contas, verificarán o cumprimento deste extremo.

No caso de retencións por incumprimento da xornada laboral, o seu saldo aplicarase ao orzamento de ingresos, cunha operación DR-I cuxo ingreso será mediante un cargo na conta contable 5572.

En canto aos **pagos agrupados**, se non se vai materializar o pago dentro do ano 2019, non procede facer este rexistro, e o pago farase con cargo ao ano 2020.

Verificarase igualmente que non queda saldo na conta contable 5576, para iso verificarase que todas as operacións rexistradas no ano por ADOPRPN, PAGONOM e RETRONOM e si fose o caso RPNOM, están saldadas. De existir saldos de exercicios pechados, hai que investigar a procedencia e terá que ser saldada con outra conta, que por erro foi cargada ou abonada na substitución de esta (antes 579).

Sempre que se rexistre unha operación na que a conta 557 teña cargos ou abonos, comprobarase que a operación queda totalmente pechada.



## Concello de Vigo

O tratamento destas contas ten que ser moi rigoroso, xa que o Tribunal de Contas, na rendición da Conta Xeral de cada ano, está a tipificar esta situación como incidencia a subsanar, por estar a alterar os saldos das contas de tesourería.

En consecuencia co anterior, cada un que faga uso de estas contas, terá ata o **30 de decembro para regularizar os saldos.**

### ***XX.- Ingresos pendentes de aplicación***

En canto ao saldo de recadación pendente de aplicación ao peche do exercicio, xera efectos negativos nas seguintes variables e estados: Estabilidade orzamentaria, Remanente de Tesourería, Aforro Neto, Endebedamento e ratio de recadación orzamentario. Dada a importancia que este saldo pode ter a finais do exercicio, deberá ser un obxectivo da Tesourería-Recadación, o de facer a aplicación de todos os ingresos aos conceptos orzamentarios do orzamento corrente ou pechados, segundo o caso, debendo xustificarse os supostos polos que non é posible a aplicación na súa totalidade.

O O.A. XMU, terán aplicado a totalidade dos ingresos recadados e as aplicación do resultado do PMS ao ter a condición de ingreso afectado, deberá ser obxecto da preceptiva modificación orzamentaria por xeración de créditos no estado de gasto, que será incorporada como remanente afectado ao Orzamento do ano 2020.

### ***XXI.- Gastos polos cargos Seguridade Social a cargo do empregador do mes de decembro***

A obriga de informar da totalidade da xestión orzamentaria e non orzamentaria ao Ministerio de Facenda dentro do mes de xaneiro, establécense uns prazos para a tramitación e contabilización das facturas, fases contables, recoñecemento de dereitos, aplicación de ingresos, devolución de ingresos indebidos, anulacións e baixas de dereitos; no entanto, un dos gastos orzamentarios importantes ao remate do ano son os gastos da seguridade social a cargo do empregador do mes de decembro, cuxo coñecemento non se ten ao remate do ano, sendo necesario establecer unha data para facer a contabilización deste gasto. En consecuencia, unha vez pechada a nómina do mes de decembro, farase a carga da seguridade social de decembro máis a regularización do mes de novembro, fíxase a data límite do **7 de xaneiro 2020** para a contabilización do gasto de seguridade social do mes de decembro do ano 2019. Naqueles casos que non se teña a carga mediante un ficheiro, se incorporarán a información manualmente, sempre dentro desa data límite.

A regularización do mes de decembro se fará na carga da seguridade social do mes de xaneiro.

A carga do custe do mes de decembro seguirá o procedemento previsto, do que ten coñecemento o responsable da contabilización do capítulo I, sendo a carga unha vez que se faga a correspondente á nómina, polo tanto, unha vez que se faga a imputación e carga dos seguros sociais do mes de decembro a cargo do empregador, tamén se cargará a regularización do mes de novembro.

En canto a regularización do mes de decembro, ésta farase no mes de xaneiro, unha vez que se cargue a seguridade social de xaneiro, cargarase a regularización do mes de decembro.

Tendo en conta a modificación da Lei 34/2014, de 26 de decembro, de medidas en materia de liquidación e ingreso de cotas da Seguridade Social, establecendo a entrada en vigor do novo Sistema de Liquidación Directa, cabe a posibilidade de ter a liquidación con anterioridade á data límite, 23,59 horas do día 23 de xaneiro.

### ***XXII.- Anticipos feitos ao persoal***

Polos servizos técnicos que teñen ao seu cargo a contabilización dos anticipos ao persoal, verificarase que a contía das obrigas que figura na aplicación do orzamento de gastos é coincidente cos dereitos recoñecidos no concepto de ingresos.

Así mesmo comprobarase que non existe dereitos pendentes de ingreso por un período que supere as 24 mensualidades, de tal xeito que unha vez aplicados os reintegros do mes de decembro, non poderán quedar pendentes de reintegro os concedidos no ano 2017.

Para aqueles supostos de anticipos que estean pendentes de reintegro, iniciarase o preceptivo expediente conducente á regularización dos saldos.

### ***XXIII.- Nómina do mes de decembro.***

Ao non estar regulado nas Bases de Execución do Orzamento a tramitación das incidencias do mes de decembro, aos efectos de formación da nómina e o seu pagamento, que será o 23 de decembro, as incidencias que afecten á nómina do mes de decembro, terán que estar aprobadas e remitidas ao servizo de nóminas, visadas polo servizo de fiscalización antes das **14 horas do día 13 de decembro**.

### ***Proposta***

Ao abeiro da Resolución de delegación de Competencias e da Disposición Adicional SEXTA das Bases de Execución do Orzamento, propónse ao Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, aprobar as Normas de Peche do Exercicio Orzamentario do ano 2019.

### ***Notificación***

Dése conta destas instrucións a todos os Sres. Concelleiros/as Delegados/as aos efectos da súa comunicación aos Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade, Intervención, Secretaría, Asesoría Xurídica, Contratación, Recursos humanos, Contabilidade, Tesourería, Recadación Voluntaria e Executiva, Inspección, Dirección de ingresos e Xerencia Municipal de Urbanismo.

No entanto o anterior, estas normas de peche do exercicio orzamentario, xuntamente co oficio relativo á tramitación de facturas do mes de decembro, serán incorporadas a Intranet para o xeral coñecemento de todos os interesados.



## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **16(897).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS NOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO. EXPTE. 12545/446.**

Dáse conta do informe-proposta de data 08/10/19, asinado pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:

*“A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.*

*Quedan excptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”*

formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento de contrato menor no Servizo de Montes, Parques e Xardíns, nos meses de xullo, agosto e setembro de 2019.

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
12361/446	CMSER	Servizo de inspección para a prevención e defensa contra os incendios forestais	Cartoplan Atlántico, SL	1710.2279900	25/09/2019	7.260,00 €
12359/446	CMSUB	Subministro de ancoraxes para elementos de xogo	Mecanizados San Lorenzo, SL	1710.2100002	05/09/2019	7.988,66 €

12171/446	CMSUB	Adquisición de alimentos para os animais dos estanques	Pérez Groba Caramuxo, SL	1710.2211300	23/08/2019	500,00 €
11889/446	CMO	Reparación estrutural e acondicionamento das zonas verdes de Samil	Reforwood, SL	1710.2100000	25/09/2019	33.275,00 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **17(898).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2019. EXPTE. 8627/320.**

Visto o informe de fiscalización de data 14/10/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 30/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro de Participación Cidadá e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en ordinaria de 4 de abril de 2019, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2019.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 75 do 17 de abril de 2019, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (2 de maio de 2019).

Durante este prazo (de 3 a 24 de maio), achegaron un total de corenta e cinco solicitudes (45):

	Exte	Serv	Nº Doc.	ENTIDADE	Data Rex.
1	8814	320	190074620	ASOCIACION VECIÑOS DO CALVARIO	20/05/19
2	8822	320	190075164	ASOC DE VECINOS SAN ROQUE	21/05/19
3	8824	320	190068895	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	09/05/19
4	8827	320	190066481	ASOCIACION DE VECINOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS	06/05/19
5	8836	320	190069311	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	10/05/19
6	8837	320	190068523	ASOCIACIÓN DE VECINOS 'ROSALÍA DE CASTRO	09/05/19





## Concello de Vigo

	Exte	Serv	Nº Doc.	ENTIDADE	Data Rex.
7	8848	320	190069036	CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	09/05/19
8	8849	320	190069035	AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO	09/05/19
9	8851	320	190071500	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA	14/05/19
10	8855	320	190071665	ASOC VECINOS FONTE DE GALO VIGO CENTRO	14/05/19
11	8856	320	190072015	AVCUC EMILIO CRESPO DE NAVIA	14/05/19
12	8858	320	190071990	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	14/05/19
13	8859	320	190072823	AVCD LAVADORES	15/05/19
14	8860	320	190072848	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVIL	15/05/19
15	8861	320	190074331	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS	20/05/19
16	8862	320	190073674	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	16/05/19
17	8863	320	190073750	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	20/05/19
18	8864	320	190073602	ASOC VECINAL CULTURAL Y DEPORTIVA VAL DO	16/05/19
19	8865	320	190075123	ASOCIACION DE VECIÑOS DA TRAVESIA DE VIGO E ARRABALDOS AS NOSAS RUAS	21/05/19
20	8867	320	190075473	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FEIRA CABRAL	22/05/19
21	8872	320	190074622	A.V.C.D. SAMPAIO	20/05/19
22	8874	320	190074583	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	20/05/19
23	8877	320	190075416	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O TORREIRO DE COIA	21/05/19
24	8878	320	190076380	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	23/05/19
25	8879	320	190076122	U.V.C.D CANDEÁN	22/05/19
26	8880	320	190076183	CENTRO R. CULTURAL DE CABRAL	22/05/19
27	8881	320	190077609	GIRALDEZ BARBEITOS	24/05/19
28	8882	320	190076879	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	23/05/19
29	8883	320	190076935	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE NOVO VIGO	23/05/19
30	8884	320	190076958	CENTRO R.A.CULTURAL CORUXO	23/05/19
31	8885	320	190076947	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	23/05/19

	Exte	Serv	Nº Doc.	ENTIDADE	Data Rex.
32	8886	320	190076948	ASOCIACION VECINOS AS FONTES	23/05/19
33	8887	320	190076936	ASOCIACION DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCA	23/05/19
34	8889	320	190076909	ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO	23/05/19
35	8892	320	190077698	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	24/05/19
36	8893	320	190077705	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CORUX	24/05/19
37	8894	320	190077703	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS	24/05/19
38	8895	320	190077697	ASOCIACION VECIÑOS FREIXO	24/05/19
39	8896	320	190077682	A.V.V. 'CAMIÑO VELLO DE COIA'	24/05/19
40	8897	320	190074602	ASOC DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	20/05/19
41	9002	320	190064227	ASOC. CULTURAL AMIGOS DE LINUX	02/05/19
42	9003	320	190073729	ASOC. MUJERES VIUDAS DEMÓCRATAS	19/05/19
43	9004	320	190075471	ASOC. TRASPÉS	22/05/19
44	9005	320	190075406	ASOCIACIÓN ANHIDA	21/05/19
45	9006	320	190067861	ASOCIACIÓN CULTURAL ANDARELA	08/05/19

## OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2019 están destinadas a:

- Programa I: "Gastos en mantemento"
- Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"
- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles"



## Concello de Vigo

### CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Segundo as bases reguladoras da subvención, a cantidade consignada presupostariamente para subvencionar o Programa I foi de 148.000 €, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás” Pola súa parte, a cantidade dispoñible para os Programas II “Gastos de investimento: equipamento” e Programa III “Gastos de investimento: obras e adquisición de inmobles”, é de 200.000 €, se fará efectiva con cargo á partida 9240 7800010, chamada “Transferencias de Capital Asociacións”, do orzamento de 2019.

A distribución final destas contías entre os tres Programas resultou ser a seguinte:

•Programa I:	148.000 €
•Programa II:	75.000 €
•Programa III:	125.000 €

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base terceira das subvencións.

### PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de **concorrenza competitiva**, de acordo co art. 22.1 da LXS.

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles:

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, tívose en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos **(COLUMNAS A1 e A2)**  
Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 99	4
Ano 2000 a 2005	3
Ano 2006 a 2012	2
Ano 2013 a 2018	1
En adiante	0
- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4

11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1
0 anos	0

b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos **(COLUMNNA B)**  
 Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

Socios: Ata 500 socios	1
De 501 a 1000 socios	2
De 1001 a 1500 socios	3
De 1501 a 2000 socios	4
Mais de 2000 socios	5

c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2016): Ata 5 puntos **(COLUMNNA C2)**

Presuposto: Ata 10.000 €	5
De 10.001 a 50.000 €	4
Do 50.001 a 70.000 €	3
Do 70.001 a 100.00 €	2
Mais de 100.000 €	1

- Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos **(COLUMNNA C1)**

Solvencia: Do 56% ata o 100%	1
Do 41% ata o 55%	2
Do 26% ata o 40%	3
Do 16% ata o 25%	4
Ata o 15%	5

d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos **(COLUMNAS D,E,F,G,H)**

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.

Duración media dos programas ou grupos estables (máximo 8 puntos)

Ata 3 meses: 2 puntos

Ata 6 meses: 4 puntos



## Concello de Vigo

Ata 9 meses: 6 puntos

Ata 12 meses: 8 puntos

- B) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.

Número de actividades formativas (máximo 8 puntos)

1-10 actividades: 2 puntos

11-20 actividades: 4 puntos

21-30 actividades: 6 puntos

Máis de 31 actividades: 8 puntos

- C) Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.

Número de actividades formativas (máximo 5 puntos):

1-3 programas: 2 puntos

4-7 programas: 3 puntos

8-11 programas: 4 puntos

12 ou mais programas: 5 puntos

- D) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos

Non: 0 puntos

Parcial: 1 puntos

- E) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede (máximo 2 anos):

0 entidades: 0 puntos

1-3 entidades ou colaboración puntual: 1 puntos

4 ou mais entidades ou colabora estable: 2 puntos

- f) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 30 puntos (**COLUMNA I**)

- Distribuirase un total de 25 puntos por tramos en base ao custe do proxectos achegados para cada un dos Programas (*gastos en mantemento, gastos en equipamento e gasto en obras*):

De 1 € a 1.000 €: 1 punto

De 4.001 a 4.500 €: 11 puntos

De 1.001 a 1.250 €: 2 puntos

De 4.501 a 5.000 €: 12 puntos

De 1.251 a 1.500 €: 3 puntos	De 5.001 a 5.500 €: 13 puntos
De 1.501 a 1.750 €: 4 puntos	De 5.501 a 6.000 €: 14 puntos
De 1.751 a 2.000 €: 5 puntos	De 6.001 a 6.500 €: 15 puntos
De 2.001 a 2.250 €: 6 puntos	De 6.501 a 7.000 €: 16 puntos
De 2.251 a 2.500 €: 7 puntos	De 7.001 a 8.000 €: 17 puntos
De 2.501 a 3.000 €: 8 puntos	De 8.001 a 9.000 €: 18 puntos
De 3.001 a 3.500 €: 9 puntos	[...]
De 3.501 a 4.000 €: 10 puntos	De 15.001 en adelante : 25 puntos

- Mellora da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, tecnolóxicas ou de integración : Ata 5 puntos

Porcentaxe do custe do proxecto adicado a esta finalidade: 100 %	5 puntos
Igual ou superior ao 75%	4 puntos
Igual ou superior ao 50 %	3 puntos
Igual ou superior ao 25 %	2 puntos
Menos do 25 %	1 punto

**g) Colaboración das entidade coa Administración Local. Ata 20 puntos (COLUMNA J)  
(Achegase no expediente Informe explicativo das puntuación acadadas)**

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...). Máximo 10 puntos:
  - Ata 3 rexistros: 4 puntos
  - De 4 a 6 rexistros: 8 puntos
  - Mais de 7 rexistros: 10 puntos
- Grado de contacto, implicación e colaboración da entidade solicitante coa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, puntuarase o número de comunicacións de actos, actividades e actuacións programadas, informacións, actualizacións de datos... dos que teña coñecemento o servizo de Participación Cidadá. Máximo 5 puntos.
- Participación noutros programas municipais: valorase con 2 puntos cada un dos programas municipais nos que se participe, ata un máximo de 5 puntos.

**h) Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos (COLUMNA K)  
(Achegase no expediente Informe explicativo das puntuación acadadas)**

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas:



## Concello de Vigo

- Restarase un punto por cada unha das emendas ou documentos requiridos para subsanar a xustificación presentada no ano 2018
- A aquelas entidades as que se lles aplicou a redución proporcional por xustificación incompleta, restaráselle 2 puntos mais cando a porcentaxe xustificada supere o 50% e, 3 puntos cando a porcentaxe xustificada sexa inferior ao 50 %.
- Aquelas entidades que non xustificaron ou presentaron renuncia expresa obterán unha puntuación de 0 puntos.

**i) Utilización da ferramenta en liña “Asociacións en Rede” ([asociacions.vigo.org](http://asociacions.vigo.org)). Ata 5 puntos (COLUMNA L)  
(Achegase no expediente Informe explicativo das puntuación acadadas)**

Terase en conta a súa antigüidade como usuario da páxina e o número de publicacións realizadas:

- Antigüidade na páxina *asociacions.vigo.org*. Ata 2 puntos
  - 1 ano ou mais (anterior á data da convocatoria): 2 puntos
  - Inferior a 1 ano: 1 punto
- Publicación de novas no último ano (\*). Ata 2 puntos:
  - De 1 a 4 publicacións: 1 punto
  - 5 publicacións ou mais: 2 punto
- Outras publicacións no último ano (fotos, muro...): 1 punto

(\* Non se computan as publicacións de ofertas de emprego por tratarse dun trámite de obrigado cumprimento esixido polas bases da convocatoria de subvencións para o fomento do emprego.

### CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no RMA nos epígrafes 10.1 ou 10.5 de dito Rexistro, “*Asociacións veciñais*” e “*Sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceo, casas rexionais*”, respectivamente, cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións.

Porén, se propón ao órgano competente a desestimación de 5 solicitudes:

1. **Asociación Cultural “Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra”** (G-36924363), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co núm. de rexistro 882-04, no epígrafe 02. *Cultura e Arte*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
2. **Asociación de Mujeres Viúdas Demócratas Europeas** (G-36964757), inscrita no RMA co núm. 941-06, no epígrafe 9. Sectorial poboación polo xénero, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.

3. **Asociación Cultural Traspés** (G-27739861), inscrita no RMA co núm. de rexistro 1113-10, no epígrafe 02. *Cultura e Arte*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
4. **Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención- ANHIDA** (G-36938272), inscrita no RMA co núm. de rexistro 889-04, no epígrafe 01. *Asistencial e Saúde*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
5. **Asociación Folclórica, Cultural e Veciñal Andarela**: inscribiuse no RMA co núm. de rexistro 162-90 no epígrafe 2.3 e por resolución do Concelleiro de Participación Cidadá de data 16/05/2018, a petición da interesada (núm. documento 180018234) acordou inscribir a modificación de epígrafe coa clasificación 10.5. Non obstante o anterior, non concorre a condición de beneficiaria, xa que, á vista dos antecedentes, fins e obxectivos estatutarios, e das actividades principais que desenvolve e en relación con esta concellería, se considera que non opera no movemento veciñal nin traballa no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns nin as súas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, o cal, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública.

Así mesmo, propónse a **desestimación** da subvención solicitada polo **representante da Asociación Veciñal Rúas e Fontes Parada Maceiriña (G36655942), D.Roberto Giraldez Barbeitos**, xa que, a entidade non atendeu, no prazo de dez días, ao requirimento solicitado o pasado 30 de xullo a través da notificación co número de saída 24060 rexistrado no expediente nº 8881-320,

Por outra banda, conforme a base 11.6º propónse aceptar de plano o **desistimento da solicitude do Programa III de obras presentada pola Asociación Veciñal de Cabral**

Por último, se propón a desestimación das solicitudes de modificación ou rectificación do proxecto solicitado no Programa II: equipamento, polas entidades **Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro (G-27762434)** e a **Agrupación de Centros Culturais e Deportivos (G-36791291)**

b) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base oitava.

c) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria, a saber:

- Programa I: en ningún caso, a contía de 5.000 €
- Programa II: en ningún caso, o cantidade de 5.000 €
- Programa III: o 80 % do orzamento presentado e o máximo de 15.000 €

d) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).





## Concello de Vigo

- e) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3).
- f) As entidades que resultaron beneficiarias da subvención teñen debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas que se lle outorgaron na Área de Participación Cidadá, de conformidade coa Base 6.2, apartado 1º. Enténdese cumprido este requisito, respecto das entidades solicitantes, que non concorreron á convocatoria do ano 2018, ou que, se ben concorreron, non obtiveron subvención ou renunciaron á subvención outorgada, polo que, non se lle outorga ningunha puntuación polo criterio de “xustificación de subvención”, previsto na Base 10.h) da convocatoria.
- g) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.
- h) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS.
- i) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulada na Base 9ª e aprobada como modelo oficial
- j) Incorpórase como Anexo I a acta da Comisión de Valoración do 27 de agosto de 2019 conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, sede de entidades asociativas, que se subvencionan no Programa III (“Gastos en investimento: obras e adquisicións de inmobles”), da mesma data.

### **PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN**

De acordo coa base Décimo 11.5 das bases reguladoras da subvención, unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución provisional, na que se concretarán as solicitudes estimadas e as desestimadas con expresión da súa causa. Da devandita proposta darase audiencia aos interesados a fin de que no prazo de 10 días hábiles, poidan achegar as alegacións que estimen pertinentes.

A Comisión de Valoración, examinará as alegacións achegadas e remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor, que formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local.

O concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, con data 27/08/2018, conforme ao establecido no apartado 11ª das bases da convocatoria (“procedemento: instrución, resolución, notificación e/ou publicación, recursos e renuncia”) resolveu o nomeamento dos titulares e suplentes da Comisión de Valoración que presiden, de conformidade coa dita base, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Carla Candia Paz	O xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, (Por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019)
	Suplente	Rosa M <sup>a</sup> Otero Málvarez	Técnica de Xestión
Vogal 2	Titular	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral
	Suplente	Purificación Bernandez Martínez	Administrativa da Administración Xeral
Secretaria	Titular	Carla Candia Paz	O xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, (Por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019)
	Suplente	Marta Alonso Posada	Administrativa da Administración Xeral

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das trinta e nove (39) entidades as que se lle propón conceder subvención, para algún ou todos os Programas para os que solicitou axuda.

Proponse, por outra lado, desestimar ás solicitudes relacionadas a continuación, xa que as mesmas non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria.

Deste xeito, a comisión de valoración, en xuntanza de 27/08/2019, conforme á información e documentación obrante no expediente, procede a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes e que se achega xunto co expediente, acordando o seguinte:

## **DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN**

Das solicitudes achegadas, segundo o disposto nas bases 1<sup>a</sup>.d) (beneficiarias das subvencións), 2<sup>a</sup> (*Requisitos dos Solicitantes*) e 6<sup>a</sup> (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación das presentadas por 6 persoas ou entidades, que non reúnen os requisitos para obter a condición de beneficiaria, é dicir, entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións, que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, inscrición que, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública:



## Concello de Vigo

<b>TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou non operar no movemento veciñal )</b>		
<b>CIF/NIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>NÚMERO DE REXISTRO</b>
G-36924363	Asociación Cultural Amigos de Linux	190064227
G-36964757	Asociación de Mujeres Viudas Demócratas Europeas	190073729
G-27739861	Asociación Cultural Traspés	190075471
G-36938272	Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención- ANHIDA	190075406
G-36698686	Asociación Folclórica e Cultural e Veciñal ANDA-RELA (3)	190067861

1. **Asociación Cultural “Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra”** (G-36924363), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co núm. de rexistro 882-04, no epígrafe 02. *Cultura e Arte*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
2. **Asociación de Mujeres Viúdas Demócratas Europeas** (G-36964757), inscrita no RMA co núm. 941-06, no epígrafe 9. Sectorial poboación polo xénero, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
3. **Asociación Cultural Traspés** (G-27739861), inscrita no RMA co núm. de rexistro 1113-10, no epígrafe 02. *Cultura e Arte*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
4. **Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención- ANHIDA** (G-36938272), inscrita no RMA co núm. de rexistro 889-04, no epígrafe 01. *Asistencial e Saúde*, e non no epígrafe 10.1 ou 10.5, como se esixe nas bases da convocatoria.
5. **Asociación Folclórica, Cultural e Veciñal Andarela**: inscribiuse no RMA co núm. de rexistro 162-90 no epígrafe 2.3 e por resolución do Concelleiro de Participación Cidadá de data 16/05/2018, a petición da interesada (núm. documento 180018234) acordou inscribir a modificación de epígrafe coa clasificación 10.5. Non obstante o anterior, non concorre a condición de beneficiaria, xa que, á vista dos antecedentes, fins e obxectivos estatutarios, e das actividades principais que desenvolve e en relación con esta concellería, se considera que non opera no movemento veciñal nin traballa no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns nin as súas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, o cal, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública.

Así mesmo, propónse a **desestimación** da subvención solicitada polo **representante da Asociación Veciñal Rúas e Fontes Parada Maceiriña (G36655942)**, **D.Roberto Giraldez Barbeitos**, xa que, a entidade non atendeu, no prazo de dez días, ao requirimento solicitado o pasado 30 de xullo a través da notificación co número de saída 24060 rexistrado no expediente nº 8881-320, no que se lle requiría o seguinte:

1.- Emenda da solicitude presentada porque non reúne os requisitos para acadar a condición de beneficiaria, xa que incumpre os apartados 5 e 7 da Base 2ª, e con carácter xeral, a base 6.2:

- 5ª Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, como se desprende do informe negativo anexado no expediente xeral da convocatoria número 8627-320 (tramite nº 133)
- 7ª. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.

<b>TÁBOA 2 (Solicitude e documentación incompleta)</b>			
<b>NIF</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>REXISTRO</b>	<b>MOTIVO de DESESTIMACIÓN</b>
76911826X	Roberto Giraldez Barbeitos, como representante da Asociación Veciñal Rúas e Fontes Parada Maceiriña	190077609	Base 6.2: as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicable para acadar a condición de beneficiarios

Por outra banda, conforme a base 11.6º propónse aceptar de plano o **desistimento da solicitude do Programa III de obras presentada pola seguinte entidade:**

<b>TÁBOA 3 (Desistimento da solicitude do Programa III. Obras)</b>			
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>MOTIVO</b>
G-36651073	A.V.V de Cabral	III	Desistimento expreso presentado no documento nº: 190120264 o 22.08.19

### **DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS INICIAIS**

A **Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro** (G-27762434) e a **Agrupación de Centros Culturais e Deportivos** (G-36791291), ambas entidades representadas pola mesma persoa, Concepción Álvarez Abalde, presentan no rexistro telemático con números de documento 190111218 e 190105855, respectivamente, e con data 17.07.2019, é dicir, con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes de subvención (de 3 a 24 de maio), unha solicitude de modificación do concepto subvencionable no Programa II. Equipamento, polo que solicitan cambiar a compra dunha cámara de fotos por outro tipo de mobiliario mantemento o orzamento presentado inicialmente nos impresos de solicitude.



## Concello de Vigo

Se propón a desestimación das solicitudes de rectificación de ambas entidades xa que as mesmas se producen unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido aos efectos, ao tempo que, tampouco pode ser considerada como unha emenda da documentación presentada ou dun defecto subsanable nin unha mellora voluntaria das solicitudes, ao abeiro do artigo 39 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas (LPAP)

En definitiva, a ditas solicitudes supoñen unha reformulación ou modificación “de facto” do proxecto inicialmente presentado, realizada fóra de prazo e non contemplada nas bases da convocatoria, polo que se formula proposta de outorgamento de subvención a prol da entidades para o financiamento do proxecto do Programa II, tal e como viña recollido na solicitudes iniciais de data 9/05/19 e, polo tanto, se desestima a solicitude de rectificación presentadas cos documentos 190111218 e 190105855 de data 17/07/19.

Proponse, a desestimación das solicitudes de modificación que se relacionan de seguido:

<b>TÁBOA 4 (Solicitudes de modificación/rectificación de proxectos do Programa II: Equipamento)</b>				
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAM A</b>	<b>REXISTRO</b>	<b>DATA REXISTRO</b>
G-27762434	Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	II	190111218	17/07/2019
G-36791291	Agrupación de Centros Culturais e Deportivos	II	190105855	17/07/2019

Unha vez eliminadas da relación as solicitudes indicadas nos parágrafos anteriores, optan a ser beneficiarias das subvencións as seguintes entidades:

<b>TÁBOA 5 : ENTIDADES BENEFICIARIAS</b>					
	<b>Exte</b>	<b>Serv</b>	<b>Nº Doc.</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>Data Rex.</b>
1	8814	320	190074620	ASOCIACION VECIÑOS DO CALVARIO	20/05/19
2	8822	320	190075164	ASOC DE VECINOS SAN ROQUE	21/05/19
3	8824	320	190068895	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	09/05/19
4	8827	320	190066481	ASOCIACION DE VECINOS MONTE DA MINA DE CASTRELOS	06/05/19
5	8836	320	190069311	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	10/05/19

**TÁBOA 5 : ENTIDADES BENEFICIARIAS**

6	8837	320	190068523	ASOCIACIÓN DE VECINOS 'ROSALÍA DE CASTRO	09/05/19
7	8848	320	190069036	CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO	09/05/19
8	8849	320	190069035	AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO	09/05/19
9	8851	320	190071500	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA	14/05/19
10	8855	320	190071665	ASOC VECINOS FONTE DE GALO VIGO CENTRO	14/05/19
11	8856	320	190072015	AVCUC EMILIO CRESPO DE NAVIA	14/05/19
12	8858	320	190071990	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	14/05/19
13	8859	320	190072823	AVCD LAVADORES	15/05/19
14	8860	320	190072848	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVIL	15/05/19
15	8861	320	190074331	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS	20/05/19
16	8862	320	190073674	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING	16/05/19
17	8863	320	190073750	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	20/05/19
18	8864	320	190073602	ASOC VECINAL CULTURAL Y DEPORTIVA VAL DO	16/05/19
19	8865	320	190075123	ASOCIACION DE VECIÑOS DA TRAVESIA DE VIGO E ARRABALDOS AS NOSAS RUAS	21/05/19
20	8867	320	190075473	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS FEIRA CABRAL	22/05/19
21	8872	320	190074622	A.V.C.D. SAMPAIO	20/05/19
22	8874	320	190074583	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	20/05/19
23	8877	320	190075416	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O TORREIRO DE COIA	21/05/19
24	8878	320	190076380	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	23/05/19
25	8879	320	190076122	U.V.C.D CANDEÁN	22/05/19
26	8880	320	190076183	CENTRO R. CULTURAL DE CABRAL	22/05/19
27	8882	320	190076879	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	23/05/19
28	8883	320	190076935	ASOCIACION DE VECINOS DE NOVO VIGO	23/05/19
29	8884	320	190076958	CENTRO R.A.CULTURAL CORUXO	23/05/19
30	8885	320	190076947	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	23/05/19
31	8886	320	190076948	ASOCIACION VECINOS AS FONTES	23/05/19
32	8887	320	190076936	ASOCIACION DE VECINOS NOSA TERRA DE ALCA	23/05/19



## Concello de Vigo

33	8889	320	190076909	ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO	23/05/19
34	8892	320	190077698	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	24/05/19
35	8893	320	190077705	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CORUXO	24/05/19
36	8894	320	190077703	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS	24/05/19
37	8895	320	190077697	ASOCIACION VECIÑOS FREIXO	24/05/19
38	8896	320	190077682	A.V.V. 'CAMIÑO VELLO DE COIA'	24/05/19
39	8897	320	190074602	ASOC DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	20/05/19

### **CONFORMIDADE COAS OBRAS EN LOCAIS MUNICIPAIS**

Tralo estudo das solicitudes achegadas para o Programa III, correspondentes a “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”, comprobouse que os locais onde desenvolven as súas actividades 14 das entidades solicitantes e onde se pretende executar as obras, son de titularidade municipal.

No momento de xustificación das subvencións recibidas, as entidades beneficiarias deberán indicar o número de expediente ou copia da licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo, e no caso das comunicacións previas, o servizo de Participación Cidadá, solicitará un informe de conformidade emitido por dita Xerencia.

### **COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A RESOLUCIÓN PROVISIONAL**

Unha vez transcorrido o período de alegacións, a Comisión reuniuse coa finalidade de valorar as 3 alegación recibidas polas seguintes entidades:

- Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportiva Vigo Centro (número de documento 190141393)
- Agrupación de Centros Culturais e Deportivos (número de documento 190141394)
- Asociación Folclórica, Cultural e Veciñal Andarela (número de documento (190143613)

Unha vez examinadas as alegación presentadas, determinouse ratificar a desestimación das solicitudes tal e como se establecía na resolución provisional e se reflicte na acta de dita Comisión no expediente 8627-320.

Así mesmo, como anexos ao presente informe, constan no expediente os seguintes documentos:

1. **TÁBOA “BAREMO”** na que se reflicten os datos e puntuacións obtidas por cada entidade en cada un dos criterios obxecto de valoración (**ANEXO II**)

2. **INFORMES COMPLEMENTARIOS** (3) explicativos das puntuacións realizadas nos criterios:

- a) “Colaboración coa Administración Local”
- b) “Xustificación das subvencións outorgadas no ano 2018”
- c) “Utilización da ferramenta en liña “Asociacións en Rede”

3. **ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN e ANEXO I á ACTA** da conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, que son obxecto de subvención no Programa III. Obras.

4. **ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS ALEGACIÓN**s presentadas á proposta de resolución provisional das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá”, asinada electronicamente en data 27 de setembro de 2019.

***“(..)Unha vez transcorrido o prazo establecido, a Comisión de Valoración examinou as alegación achegadas por 3 entidades ante o acordo de desestimación das súas solicitudes:***

- ***A Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro (G-27762434) e a Agrupación de Centros Culturais e Deportivos (G-36791291), ambas entidades representadas pola mesma persoa, Concepción Álvarez Abalde, presentan o 13/09/2019 no rexistro telemático con números de documento 190141393 e 190141394, a reiteración da súa petición de cambio do material solicitado no Programa II de Equipamento. Tendo en conta que dita petición supón unha reformulación ou modificación “de facto” do proxecto inicialmente presentado, realizada fóra de prazo e non contemplada nas bases da convocatoria, a Comisión de Valoración reitera a súa proposta de desestimación das solicitudes de rectificación presentadas por ambas entidades.***
- ***Asociación Folclórica, Cultural e Veciñal Andarela: a entidade presenta con data 18/09/2019 o documento de alegacións (número 190143613) onde se expón que dende “o ano 2015 esta entidade iniciou unha transformación para converterse nunha asociación de referencia no ámbito cultural e veciñal da zona baixa do barrio do Calvario”. Unha vez examinada a memoria de actividades presentada, apreciase que efectivamente, a entidade realiza, principalmente actividades de carácter folclórico (danza, música...), si ben, tamén realiza algunhas actividades de carácter sociocomunitario (obradoiros, excursións, festas tradicionais...). Así mesmo, no seu escrito de alegacións, esta entidade solicita o “apoio das administracións a través das subvencións públicas como sostemento das asociacións”. En resposta ao primeiro argumento da alegación, a Comisión de Valoración, se ben pode valorar os esforzos realizados pola entidade solicitante para ampliar o seu ámbito de actuación, non pode estimar a alegación achegada por canto os fins principais da asociación non se poden considerar que operan no movemento veciñal, polo que a Comisión reitera a súa proposta de desestimación.***





## Concello de Vigo

*Así mesmo, e segundo os datos extraídos da xestión de expedientes municipal, apreciase que a Asociación Folclórica, Cultural e Veciñal Andarela ten recibido axudas polos conceptos que se relacionan a continuación, considerando esta Comisión de Valoración que esta Administración Municipal xa ben prestando o apoio corporativo solicitado pola entidade:*

- *Subvencións Fomento de Emprego*
- *Subvencións Festas Tradicionais e Patronais*
- *Cesión de uso do Auditorio Municipal*

*Polo anteriormente exposto, a Comisión de Valoración reitera a mesma proposta aprobada na primeira acta de valoración de data 4 de setembro de 2019.(..)"*

**Á vista do exposto anteriormente, una vez avaliadas as solicitudes achegadas pola Comisión de Valoración e, de conformidade coa Base 11.5ª da norma reguladora da subvención, fórmase proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal:**

### **RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DE FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2019:**

**PRIMEIRO: CONCEDER**, ás trinta e nove (39) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada "*Subvencións a entidades cidadás*", cunha dotación de 148.000 €, e/ou á partida presupostaria 9240 7800010, chamada "*Transferencias de Capital Asociacións*", dotada con 200.000,00 €, subvención en concepto de "Gastos de mantemento" (Programa I), "Gastos en investimento: equipamento" (Programa II) e/ou "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles" (Programa III), correspondentes á "*Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2019*", polo contía total que se reflicte a seguir:

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTAIS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-27762434</b>	<b>Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro</b>	Gastos de mantemento: luz, tlf-internet, alarma, asesoría, arrendamento, seguros, imprenta-copias, avarías	61	14.940,00 €	3.612,01 €	Cámara de Fotos	37	1.000,00 €	800,00 €	Pintado do local social	35	3.200,00 €	2.500,00 €	19.140,00 €	<b>6.912,01 €</b>
<b>G-36648640</b>	<b>A.V.C.S. San Miguel de Oia</b>	Gastos de mantemento: auga, calefacción-climatización, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, limpeza, seguros, imprenta-copias, electricidade	85	20.520,00 €	5.000,00 €	Equipos informáticos, mesas e cadeiras, iluminación, micrófonos, motor telón escenario, destrutora papel, calefactores	62	6.239,96 €	4.280,11 €	Acondicionamento de instalacións Mellora das arquetas de canalización- Recollida de augas pluviais e tellado. Carpintería	72	15.860,00 €	6.980,09 €	42.619,96 €	<b>16.260,20 €</b>
<b>G-36709004</b>	<b>A.V. Doutor Fleming</b>	Gastos de mantemento: tlf-internet, auga, luz, limpeza, extintor, rexistro, seguros, impostos, comunidade, correos, imprenta-copias, material oficina, consumibles, reparacións eléctricas, gastos persoal	61	7.852,00 €	3.612,01 €	Pizarra, destrutora papel	43	83,05 €	80,00 €					7.935,05 €	<b>3.692,01 €</b>

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTALS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-36649325</b>	<b>Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, prensa, extintor, seguros, impostos, material oficina, imprenta-copias, consumibles, reparacións	71	5.409,63 €	4.204,14 €	Ordenadores, equipo de música, TV	71	5.014,24 €	4.901,41 €	Pintado de paredes e teitos. Rampla de acceso e substitución de porta. Láminas de protección solar	82	14.630,69 €	7.949,55 €	25.054,56 €	<b>17.055,10 €</b>
<b>G-36651073</b>	<b>A.V.C.D. De Cabral</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, asesoría, limpeza, impostos, seguros, gastos persoal	89	20.164,00 €	5.000,00 €	Esterillas deportivas	52	999,50 €	999,50 €					21.163,50 €	<b>5.999,50 €</b>
<b>G-36644904</b>	<b>A.VV Rosalía de Castro da Salgueira</b>	Gastos de mantemento: auga, calefacción-climatización, luz, tlf-internet, extintor, seguros, impostos, imprenta-copias	59	5.122,99 €	3.493,58 €									5.122,99 €	<b>3.493,58 €</b>
<b>G-36648186</b>	<b>A.V. Camiño Vello de Coia</b>	Gastos de mantemento: auga, tlf-internet, luz, calefacción-climatización, alarma, extintor, limpeza, taxas, seguros, impostos, consumibles, imprenta-copias, prensa, ferretaría, electricidade, pintura	67	6.535,81 €	3.967,29 €									6.535,81 €	<b>3.967,29 €</b>

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTAIS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-36691855</b>	<b>A.V.C.R. San Mamede de Zamáns</b>	Gastos de mantemento: luz, calefacción-climatización, tlf-internet, extintor, seguros, impostos, material oficina, correos, varios	72	8.646,46 €	4.263,35 €	Cociña, deshumificadores	58	1.550,00 €	1.550,00 €	Actualización da instalación eléctrica	66	4.556,70 €	3.600,00 €	14.753,16 €	<b>9.413,35 €</b>
<b>G-36659829</b>	<b>A.V. De Coruxo</b>	Gastos de mantemento: Tlf-internet, fotocopiadora, asesoría, seguros, correos, imprenta-copias, material oficina, avarías	53	3.086,02 €	3.086,02 €					Licenza para Reparación e limpeza canelón e substitución de caño	48	92,32 €	73,85 €	3.178,34 €	<b>3.159,87 €</b>
<b>G-36842284</b>	<b>A.V.V. Da Miñoa</b>	Gastos de mantemento: Tlf-internet, asesoría, seguros, consumibles, correos, material oficina, avarías	77	6.116,20 €	4.559,42 €	Tables, tlf. Movil, destructora, PC, Ratos, JOSMA, Mesa, Taboleiro, megafonía, material labores e xogos	77	5.044,71 €	5.000,00 €					11.160,91 €	<b>9.559,42 €</b>
<b>G-36648103</b>	<b>A.V.C.D. Sampaio</b>	Gastos de mantemento: auga, calefacción-climatización, luz, tlf-internet, alarma, seguros, impostos, avarías, ferretería	75	8.870,00 €	4.440,99 €	Cadeiras	58	700,00 €	700,00 €					9.570,00 €	<b>5.140,99 €</b>
<b>V-36655017</b>	<b>A.V. Fonte do Galo</b>					Deshumidificadores, aspirador-va-soira, máquina coser	48	1.418,45 €	1.418,45 €	Pintado dos locais sociais	48	1.400,00 €	1.120,00 €	2.818,45 €	<b>2.538,45 €</b>

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTAIS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-36645885</b>	<b>A.VV Casco Vello</b>	Gastos de mantemento: tlf-internet, alarma, asesoría, extintor, limpeza, seguros, material oficial, correos, ferretería, gastos persoal	81	9.625,00 €	4.796,27 €									9.625,00 €	<b>4.796,27 €</b>
<b>G-36623593</b>	<b>A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos</b>									Reparación de pintura e humidades	69	13.230,37 €	6.689,26 €	13.230,37 €	<b>6.689,26 €</b>
<b>G-36640860</b>	<b>A.V. C.U. "Val do Fragoso"</b>	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono-internet, alarma, asesoría, extintor, limpeza, seguros, imprentas, copias, mantemento ascensor	59	7.280,63 €	3.493,58 €	Ordenador, disco duro, pantalla, cadeiras, mesa son, micrófonos, bombo e tamboril	54	4.508,84 €	3.727,83 €				0	11.789,47 €	<b>7.221,41 €</b>
<b>G-36648293</b>	<b>A.V. Do Calvario</b>	Gastos de mantemento: luz, auga, tlf-internet, asesoría, extintor, limpeza, seguros, correos, material oficina, outros gastos	79	7.777,62 €	4.677,85 €	Moble e estante, estanterías, equipo de son, trípode altofalantes	66	1.733,88 €	1.733,88 €	Renovación baldosas solo do salón de reunións da sede social	63	610,05 €	488,04 €	10.121,55 €	<b>6.899,77 €</b>

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTAIS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-36632081</b>	<b>A.V.C.V- C.S.-C.R de Beade</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, extintor, limpeza, seguros, impostos, consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina, avarías, reparacións eléctricas, ferretería, outros gastos mantemento, gastos persoal	93	33.579,96 €	5.000,00 €	Material informático (cpu, pantallas, placa base, fontes alimentación procesador). Estanterías Focos LED, Detectores ópticos e central de incendios, walkie talkie	74	3.799,92 €	3.799,92 €	Mantemento do solo do local interior para as actividades	89	15.390,69 €	8.628,17 €	52.770,57 €	<b>17.428,09 €</b>
<b>G-36648988</b>	<b>A.V.C.D. "San Xurxo" Saians</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, gas, alarma, asesoría, extintor, impostos, seguros, renting, consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina, mantemento caldeira, gastos persoal	75	9.737,92 €	4.440,99 €	mesa, cadeiras, equipo de luz, aspirador	61	2.519,40 €	2.519,40 €	Producción AQS (auga quente sanitaria) e 2ª Fase de insonorización do salón de actos	72	7.013,16 €	5.610,52 €	19.270,48 €	<b>12.570,91 €</b>

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTAIS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-36654036</b>	<b>A.V. De Matamá "A Unión"</b>	Gastos de mantemento: luz, tlf-internet, limpeza, extintor, seguros, impostos, correos, imprenta-copias, material oficina, consumibles, ferretería, avarías, gastos electricidade	70	4.488,93 €	4.144,93 €	Proxector e pantalla. Destrutora de papel	64	475,92 €	475,92 €	Pintado do tiro da escaleira interior Automatización de persiana na porta principal Cuberta na porta principal	72	3.316,68 €	2.653,34 €	8.281,53 €	<b>7.274,19 €</b>
<b>G-36659894</b>	<b>A.V. De San Roque</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, extintor, limpeza, comunidade, seguros, impostos, imprenta-copias, material oficina, cartelería	65	6.358,37 €	3.848,86 €	Armario, frigorífico, marcos fotografía, torres ventilador	52	832,75 €	832,75 €	Toldos e tableiro	56	5.113,02 €	4.090,41 €	12.304,14 €	<b>8.772,02 €</b>
<b>G-36633618</b>	<b>A.V.C.D. Lavadores</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, asesoría, impostos, seguros, imprenta-copias, material oficina, gastos persoal	77	12.621,41 €	4.559,42 €	Mesas, librería, estantería, frigorífico, sommier, porta cristal e toldos protección, rotulo vinilo, marcos cuadros	72	10.727,23 €	4.970,45 €	Reformas e conservación das instalacións	79	14.952,37 €	7.658,71 €	38.301,01 €	<b>17.188,58 €</b>
<b>G-36640985</b>	<b>.A.V. "As Nosas Rúas"</b>	Gastos de mantemento: Auga; luz, tlf-internet, asesoría, extintor, limpeza, seguros, comunidade, correos e material de oficina	71	10.102,52 €	4.204,14 €	Mesas, cadeiras, armario, estantería, caixoneira, pesas e bandas elásticas	52	3.627,81 €	3.589,77 €					13.730,33 €	<b>7.793,91 €</b>

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTAIS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-36649374</b>	<b>A.V. "Nosa Terra" Alcabre</b>	Gastos de mantemento: auga; luz; tlf-internet, alarma, seguros, material oficina, imprenta-copias, ferretería, avarias e outros gastos	69	7.755,37 €	4.085,71 €	Mesa, radio, pelotas pilates, espellos e chapa Inox para cubrir parede baño con humidade	51	455,22 €	455,22 €	Vernizado sala de reunións. Pintar mural fachada exterior Reixas en ventas	72	11.653,51 €	6.980,09 €	19.864,10 €	<b>11.521,02 €</b>
<b>G-36648608</b>	<b>A.V.Emilio Crespo de Navia</b>	Gastos de mantemento : auga, luz, tlf-internet, asesoría, extintor, páxina web, xornais, impostos, seguros, correos, imprenta-copias, material de oficina, limpeza, ferretería, gastos de persoal	76	11.025,00 €	4.500,21 €	Portátil, soporte trípode, foco, manguera, lavalouzas, microondas, instrumentos, atriles, pie de micro, soportes micro, micro, desfibrilador e material de reanimación primeiros auxilios	66	4.727,73 €	4.556,24 €	Limpeza e pintura de instalacións. Ampliación rampla acceso. Rampla almacén, pintura e reparación canalón auditorio e cornixa en fachada. Instalación se sensores e temporizadores luces dos aseos	74	9.129,19 €	7.173,99 €	24.881,92 €	<b>16.230,44 €</b>
<b>G-36622793</b>	<b>A.V.V Cristo da Victoria de Coia</b>	Gastos de mantemento: auga, calefacción-climatización, luz, tlf-internet, alarma, renting, seguros, impostos, consumibles, imprenta-copias, ferretería, avarias	66	9.160,00 €	3.908,07 €	Equipos informáticos, sistemas de son	62	4.947,33 €	4.280,11 €	Reformas de mantemento do local: albanalería, solados, carpintería madeira	59	7.333,28 €	5.719,80 €	21.440,61 €	<b>13.907,98 €</b>



ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTAIS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
G-36648996	Asociación Cultural Recreativa Deportiva "Par-davila"	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, impostos, seguros, correos, material oficina, prensa, avarias, ferreteria, electricidade, pulimento	59	8.395,53 €	3.493,58 €	mesa, equipo son, electrodoméstico e menaxe	47	1.837,28 €	1.837,28 €				0	10.232,81 €	<b>5.330,86 €</b>
G-27771195	Asociación de veciños de Novo Vigo					Ordenador, gravadora, armario, armario-módulos, estantería, mesa e cadeiras oficina, megáfono, cizalla	60	3.312,09 €	3.312,09 €					3.312,09 €	<b>3.312,09 €</b>
G-36729796	AVV. Feira Cabral	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, calefacción-climatización, extintor, asesoría, seguros, impostos, material oficina, imprenta-copias, ferreteria, fontanería, electricidade, mantemento PC	69	6.981,90 €	4.085,71 €	Mobiliario (non concretan)	56	74,10 €	74,10 €	Pintar e reparar as paredes do local social	74	9.645,43 €	7.173,99 €	16.701,43 €	<b>11.333,80 €</b>

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTALS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-36684991</b>	<b>AVV. As Fontes</b>	Gastos de mantemento: tlf-internet, calefacción-climatización, alarma, asesoría, extintor, limpeza, seguros, impostos, imprenta-copias, consumibles, material oficina, electricidade, avarías, ferreteria, gastos de persoal	61	7.571,00 €	3.612,01 €					Instalación Cadeira Salva-Escaleira (gastos de albaneleria e pintura)	64	10.136,00 €	6.204,53 €	17.707,00 €	<b>9.816,54 €</b>
<b>G-27749217</b>	<b>A.VV. O Torreiro de Coia</b>	Gastos de mantemento: luz, auga, tlf-internet, asesoría, arrendamento, seguros, material de oficina, imprenta-copias, ferreteria	54	5.108,22 €	3.197,51 €	Aire acondicionado, placa indución, radiador, altavoz	43	488,70 €	488,70 €					5.596,92 €	<b>3.686,21 €</b>
<b>G-36633428</b>	<b>S.C.D.R Helios- Bembrive</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, alarma, asesoría, seguro, material oficina, consumibles, imprenta-copias, correos, ferreteria, electricidade	57	10.897,87 €	3.375,15 €	Software Escan	37	36,30 €	36,30 €					10.934,17 €	<b>3.411,45 €</b>

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTAIS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-36620854</b>	<b>S.C.D. Atlántida de Matamá</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, tf-internet, alarma, asesoría, extintor, limpeza, seguros, impostos, imprenta-copias, correos, material oficina, consumibles, renting fotocopiadora, avarías	81	23.131,00 €	4.796,27 €	Cadeiras, mesas, grabadora, mini-cadena, lavalouzas, caixa rexistradora, lavadora	61	3.430,00 €	3.430,00 €	Vestuario do Campo de fútbol	70	7.585,16 €	6.068,12 €	34.146,16 €	<b>14.294,39 €</b>
<b>G-36628543</b>	<b>A.C.D.Xestas</b>	Gastos de mantemento: luz, calefacción-climatización, tf-internet, alarma, impostos, seguros, consumibles, reparacións electricidade, ferretería	62	7.771,00 €	3.671,22 €	Alarma, equipo son e gravación, TV, cortacésped, desbrozadora, toldo cenador	58	4.890,52 €	4.003,97 €	Pintado da oficina, biblioteca e ximnasio	55	3.489,27 €	2.791,41 €	16.150,79 €	<b>10.466,60 €</b>
<b>V-36658680</b>	<b>C.C.R.de Cabral</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, tf-internet, gasoil, asesoría, extintor, seguros, impostos, correos, imprenta-copias, material oficina	73	12.628,45 €	4.322,57 €	Vitrina	62	5.227,20 €	4.280,11 €	Reparación de portas e escenario	69	11.348,15 €	6.689,26 €	29.203,80 €	<b>15.291,94 €</b>

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTAIS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-36617082</b>	<b>C.C.R. De Valladares</b>	Gastos de mantemento: luz, tf-internet, extintor,	72	5.500,00 €	4.263,35 €	Equipos informáticos, portátiles, auriculares, lector código B, impresora, mesas	72	6.315,00 €	4.970,45 €	Pintado de diversos espazos do 1º andar (ludoteca, sala 4/5, sala 3, corredor...) Substitución piso linoleo/sintasol en espazos do 1º andar Colocación pasamáns de seguridade Cortinas 1º Andar	83	18.757,98 €	8.046,50 €	30.572,98 €	<b>17.280,30 €</b>
<b>G-36654184</b>	<b>AVSCD. O Freixo</b>	Gastos de mantemento: luz, tf-internet, calefacción-climatización, seguros, impostos, consumibles, LOPD	67	5.025,20 €	3.967,29 €	Cadeiras	57	1.296,00 €	1.296,00 €	Reparación do tellado e fachada lateral. Substitución de portas e ventás	76	12.191,15 €	7.367,88 €	18.512,35 €	<b>12.631,17 €</b>
<b>G-36863348</b>	<b>UVCD Candean</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, calefacción-climatización, tf-internet, impostos, asesoría, alarma, seguros, imprenta-copias, material oficina, ferretería	79	15.250,00 €	4.677,85 €					Reparación de fisuras e pintado de zonas comúns e baños	51	2.178,00 €	1.742,40 €	17.428,00 €	<b>6.420,25 €</b>
<b>G-36791291</b>	<b>Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo</b>	Gastos de mantemento: luz, tf-internet, asesoría, seguros, impostos, avarías	51	6.415,00 €	3.019,87 €	Cámara de Fotos	38	600,00 €	600,00 €	Pintado do local social	34	1.300,00 €	1.000,00 €	8.315,00 €	<b>4.619,87 €</b>

ENTIDADE		PROGRAMA I. MANTEMENTO				PROGRAMA II. EQUIPAMENTO				PROGRAMA III. OBRAS				TOTALS	
CIF	ASOCIACIÓN	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	PROXECTO	Total Ptos	Orzamento Programa I	PROPOSTA FINAL	TOTAL ORZAMENTO	TOTAL SUBVENCIÓN
<b>G-36627495</b>	<b>C.R.A.C.Coru-xo</b>	Gastos de mantemento: auga, luz, tlf-internet, calefacción-climatización, prensa, limpeza, extintor, seguros, impostos, lixo, correos, imprenta-copias, consumibles, avarías	78	13.524,00 €	4.618,63 €									13.524,00 €	<b>4.618,63 €</b>
					147.999,85 €				74.999,96 €				124.999,91 €	657.001,31 €	347.999,72 €

**SEGUNDO: DESESTIMAR**, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (*Requisitos dos Solicitantes*) e 6ª (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, as solicitudes presentadas por 5 entidades, que non reúnen os requisitos para obter a condición de beneficiaria, é dicir, entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións, que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que presta o Concello de Vigo, inscrición que, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública :

<b>TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal ou non operar no movemento veciñal )</b>		
<b>CIF/NIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>NÚMERO DE REXISTRO</b>
G-36924363	Asociación Cultural Amigos de Linux	190064227
G-36964757	Asociación de Mujeres Viudas Demócratas Europeas	190073729
G-27739861	Asociación Cultural Traspés	190075471
G-36938272	Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención- ANHIDA	190075406
G-36698686	Asociación Folclórica e Cultural e Veciñal ANDA-RELA (3)	190067861

**TERCEIRO: DESESTIMAR**, a subvención solicitada polo representante da **Asociación Veciñal Rúas e Fontes Parada Maceiriña (G36655942)**, **D.Roberto Giraldez Barbeitos**, xa que, a entidade non atendeu, no prazo de dez días, ao requirimento solicitado o pasado 30 de xullo a través da notificación co número de saída 24060 rexistrado no expediente nº 8881-320:

<b>TÁBOA 2 (Solicitud e documentación incompleta)</b>			
<b>NIF</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>REXISTRO</b>	<b>MOTIVO de DESESTIMACIÓN</b>
76911826 X	Roberto Giraldez Barbeitos, como representante da Asociación Veciñal Rúas e Fontes Parada Maceiriña	190077609	Base 6.2: as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicable para acadar a condición de beneficiarios



**Concello de Vigo**

**CUARTO: ACEPTAR** de plano o **desistimento da solicitude do Programa III de obras** presentada pola seguinte entidade:

<b>TÁBOA 3 (Desistimento da solicitude do Programa III. Obras)</b>			
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>MOTIVO</b>
G-36651073	A.V.V de Cabral	III	Desistimento expreso presentado no documento nº: 190120264 o 22.08.19

**QUINTO: DESESTIMAR**, as solicitudes de modificación ou rectificación de proxectos do Programa II, por tratarse de reformulacións ou modificacións “de facto” dos proxectos inicialmente presentados, realizadas fóra de prazo e non contempladas nas bases da convocatoria, que se relacionan deseguido:

<b>TÁBOA 4 (Solicitudes de modificación/rectificación de proxectos do Programa II: Equipamento)</b>				
<b>CIF</b>	<b>ENTIDADES</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>REXISTRO</b>	<b>DATA REXISTRO</b>
G-27762434	Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	II	190111218	17/07/2019
G-36791291	Agrupación de Centros Culturais e Deportivos	II	190105855	17/07/2019

**SEXTO: NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**SÉTIMO: INFORMAR**, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

**OITAVO: ORDEAR**, aos efectos do disposto no art. 20 da LSG, e publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de

transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida o obxectivo e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))

**NOVENO:** **AMPLIAR** o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ata o día **25 de outubro de 2019** [...]

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(899).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA CESIÓN DO EDIFICIO MUNICIPAL DA RÚA A ALTA ESQUINA COA RÚA CHAO E EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO SOBRE O EDIFICIO DO NUM. 3 DA RÚA OPORTO. EXPTE. 20340/240.**

Visto o informe xurídico do 26/09/19 e o informe de fiscalización do 8/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 26/09/19, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** En data 24.09.19, a Concelleira Delegada da Área de Patrimonio, Contratación e Xestión municipal, acordou iniciar expediente para a aprobación, de se-lo caso dun convenio coa Deputación provincial de Pontevedra polo que se extinga o dereito de uso por parte da Deputación do inmovible do num. 3 da rúa Oporto e se outorgue unha concesión demanial sobre o edificio da rúa Alta 18 propiedade do Concello de Vigo para sé institucional da Deputación provincial de Pontevedra

**SEGUNDO.-** A xefatura da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, co conforme da Concelleira Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal o 24.12.2017, redacta a memoria xustificativa do citado convenio cuxo obxecto é establecer e concretar o réxime de colaboración entre ámbalas dúas administracións locais para autorizar a través dunha concesión administrativa o dereito de uso e desfrute como sé institucional da Deputación de Pontevedra do edificio de propiedade municipal sito no número 18 da rúa Alta esquina coa rúa Chao, e conseguinte resolución do dereito de uso da Deputación de Pontevedra sobre o inmovible propiedade tamén do Concello de Vigo sito na rúa Oporto núm. 3 "Anexo ao antigo Reitorado".

**TERCEIRO.-** Previamente a Concellería delegada de Cultura, a que está adscrito o ben, en data 16.09.2019 emite informe no que significa que non existiría inconveniente na tramitación por parte da Área de Xestión Patrimonial e Territorial dunha concesión administrativa sobre o inmovible do Centro de Arte Fotográfica de Vigo-CAFVI, xa que a día de hoxe non está aberto ao público, posibilidade contemplada tras explicitar que o Goberno Municipal acaba de impulsar unha redefinición da Rede de Museos Municipais do Concello





## Concello de Vigo

de Vigo, cuxo obxectivo prioritario é a redefinición e a especialización e redacción dun plan de usos para cada un dos equipamentos da rede, de forma que se mellore a súa eficacia e eficiencia de cara aos cidadáns, proxecto de cuxos resultados se derivarán diversas actuacións de mellora ou modificación dos inmobles e os seus contidos, traballos que se desenvolverán nos vindeiros meses.

**CUARTO.-** En data 11.09.2019 o Enxeñeiro técnico da edificación elabora informe urbanístico referente ao inmovible da rúa Alta, no que significa que o edificio non está catalogado pola normativa urbanística, PEPRI do Casco vello, e a parcela está calificada en parte coa ordenanza de equipamento (OE) asistencial definida como AD-8, e outra zona como ordenanza de edificación (ordenanza Xeral OX), e outro espacio como zonas de espacio libre de uso privado.

**QUINTO.-** O convenio comprende o prego de cláusulas administrativas que rexerán a concesión administrativa do uso do inmovible, co contido mínimo definido no artigo 80 RBEL.

**SEXTO.-** A Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial o 25.09.19 emite informe xurídico concluíndo que “non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA polo que se extinga o dereito de uso por parte da Deputación do inmovible do num. 3 da rúa Oporto e se outorgue unha concesión demanial sobre o edificio da rúa Alta 18 propiedade do Concello de Vigo para sé institucional da Deputación provincial .

### FUNDAMENTOS

#### I.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAP).
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo.
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2019

#### II.- Convenio

A celebración de convenios interadministrativos entre entidades Administracións públicas, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e os arti-

gos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

En canto ó seu *contido*, axustado á lexislación de procedemento administrativo, art 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, detállase no informe xurídico obrante no expediente, e responde ó contido definido no citado precepto: consta dunha parte expositiva e sete pactos nos que se define:

- o obxecto do convenio, establecer e concretar o réxime de colaboración entre Concello-Deputación para autorizar a través dunha concesión administrativa o dereito de uso e desfrute como sé institucional da Deputación de Pontevedra do edificio de propiedade municipal sito no número 18 da rúa Alta esquina coa rúa Chao, e conseguinte resolución do dereito de uso da Deputación de Pontevedra sobre o inmovible propiedade tamén do Concello de Vigo sito na rúa Oporto núm. 3 “Anexo ao antigo Reitorado”,
- nos pactos terceiro e cuarto desenvólvese a resolución do dereito de uso e a concesión, con detalle das condicións normativas da mesma (prazo e prorroga, réxime de uso, réxime económico, compromisos das partes, valor do inmovible, garantías, tramitación do prego, causas de resolución, rescate, extinción, condicións da reversión ou recuperación de oficio, e por último a formalización da concesión)
- os últimos pactos definen unha comisión de seguemento do convenio, o seu réxime xurídico e xurisdición

O convenio desenvolve competencias dos entes locais relativas á administración e conservación do seu patrimonio definidas na normativa patrimonial.

A tramitación do convenio está suxeito ás disposicións do capítulo VI —Dos convenios— do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público .

O expediente xustifica, na súa memoria, a conveniencia e a oportunidade do convenio, así como a suficiencia dos medios comprometidos á finalidade do mesmo.

Os pactos que o documento incorpora estímanse conformes ao interese público que o mesmo persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

*O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio*, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

As necesidades-obxectivos concretos se definen asimesmo na Memoria, e consisten en conciliar os intereses entre as partes, o Concello en allear o edificio da rúa Oporto ao CZF de Vigo co fin de que adquira presenza institucional no centro da cidade e incorpore novos usos que dinamicen e diversifiquen a zona residencial da rúa Areal, con gran presenza de locais adicados a actividades de restauración e terciarias; ademais o prezo da venda permitirá incrementar os recursos do erario público municipal para facer fronte a obrigas de gasto non corrente do Concello de Vigo. A Diputación crear unha nova sé mais visible e cercana aos cidadáns, xerar un espazo participativo na zona vella da cidade e dunha exposición fotográfica anual permanente sobre diversos aspectos da vida da cidade.



**Concello de Vigo**

### **III.- Procedemento e competencia.**

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

A aprobación do convenio, ten natureza administrativa e rexerese, ademais de polos pactos que no convenio se conteñen, polas disposicións do capítulo VI —Dos convenios— do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto ó outorgamento da concesión cuio prego incorpora o convenio, a Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, artigo 9.1 determina que están excluídas da mesma as autorizacións ou concesións sobre bens de dominio público e os contratos de explotación de bens patrimoniais., que se regularán pola súa lexislación específica, isto é lexislación básica do Estado en materia de réxime local, lexislación básica do Estado reguladora do réxime xurídico dos bens das Administracións Públicas, lexislación que no ámbito das súas competencias diten as Comunidades Autónomas e en defecto de tales normas pola lexislación estatal non básica en materia de réxime local e bens públicos, así como polas ordenanzas propias de cada entidade e, supletoriamente, polas restantes normas dos ordenamentos xurídicos, administrativo e civil, sinaladamente, ao abeiro do parágrafo 2 do artigo 4 da Lei de Contratos do Sector Público, os principios desta última lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Asemade o artigo 137.4. letra “a” Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, por remisión do disposto no seu artigo 93.1 autoriza a adjudicación directa da concesión cando a concesionaria sexa outra administración pública.

O art 88RBEL determina a necesidade de someter as bases da concesión a información pública durante o prazo de trinta días.

As competencias nas que se fundamenta a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra para a sinatura do presente convenio, son as propias que xustifican a súa personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A competencia do Concello de Vigo é a propia en materia de protección e xestión do Patrimonio Histórico e promoción da cultura e equipamentos culturais, recollidas no artigo 25.2 letras “a” e “m” da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, ademais da capacidade de exercer as accións que correspondan en relación cos seus bens e dereitos

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, e segundo Disposición adicional segunda LCSP a aprobación da concesión.

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

## **PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o CONVENIO INTERDAMINISTRATIVO ENTRE O CONCELLO DE VIGO e a DEPUTACIÓN PROVINCIAL transcrito no Anexo da presente.

**Segundo.-** Aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso do edificio municipal do núm. 18 da rúa Alta, consonte ao texto que figura no Anexo.

**Terceiro.-** Someter a información pública polo prazo de trinta días o prego de cláusulas administrativas aprobado.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal aos efectos de publicidade.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO

### CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E PARA CESIÓN DO EDIFICIO MUNICIPAL DA RÚA CHAO PARA SÉ INSTITUCIONAL

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

## **REUNIDOS**

*Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde - Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.*



## Concello de Vigo

*Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,*

### **EXPOÑEN**

*I.- As entidades de dereito públicas poden celebrar convenios en virtude do disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (TRLCS).*

*II.- O Concello de Vigo é titular en pleno dominio da edificación da rúa Oporto núm. 3 coñecida como edificio "Anexo ao antigo Reitorado", que ven sendo ocupado pola Deputación provincial de Pontevedra en virtude de acordo da Xunta de goberno local de Vigo en sesión do 11 de decembro de 2006<sup>1</sup>, polo que se cede o dereito de uso por parte do Concello de Vigo á Deputación de Pontevedra, e que se describe como segue:*

*URBANA: Edificio para oficinas, denominado "Anexo" sinalado co nº3 da rúa Oporto da cidade de Vigo, á que da fronte e por onde ten acceso, dunha superficie de 151 m<sup>2</sup> en planta sobre rasante, composto de soto, baixo e seis plantas, que xunto co terreo unido ao mesmo e destinado a uso público, forman todo unha soa finca de 224 m<sup>2</sup> de superficie, cos seguintes lindeiros:*

*Norte, en línea de 18,75 m. coa parcela nº 46 da rúa Areal da que se segrega; Sur, en línea de 18,25 m. co edificio nº 5 da rúa Oporto; Leste, en línea de 12,18 m. co edificio nº 50 da rúa Areal; e Oeste, en línea de 12,18 m. coa rúa Oporto.*

*Referencia catastral 3665019NG2736S001EB*

*Título: Segregación, polo vento Sur da parcela municipal sita no nº 46 da rúa Areal, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 3 de xullo de 2006.*

*Inscrición: polo Rexistrador da Propiedade nº 1 de Vigo, procedeuse a practicar a inscrición rexistral da edificación e segregación aprobada, dando lugar a parcela segregada a unha nova finca rexistral nº 79.787, no Tomo 1.406, folio 51, inscrición 1<sup>a</sup>.*

*III.- A Deputación provincial, manifesta o seu interese en continuar coa súa presenza na cidade de Vigo e ao mesmo tempo acercar a Deputación ós cidadáns a través da creación na sé institucional, dun espazo participativo na zona vella da cidade e dunha exposición fotográfica anual permanente sobre diversos aspectos da vida da cidade. De esta forma, estaría interesada en trasladar a súa actividade propia a esta zona tradicional en desenvolvemento, colaborando na súa rehabilitación e recuperación a través da presenza permanente da Entidade Provincial no Casco Vello, circunstancia que sen dúbida*

<sup>1</sup> A cesión acordada do dereito de uso do edificio estipulouse polo prazo de 10 anos, tendo sido prorrogada a instancia da Deputación provincial, para dar continuidade á actividade da sé da citada na cidade de Vigo, segundo acordo da Xunta de Goberno local tomado en sesión do 18 de maio de 2017, por un período de cinco anos.

dinamizaría o emblemático ámbito coa implantación dun novo uso público ademais de acercar e abrir a Institución a tódolos vigueses e viguesas.

*IV.- Para estes fins, o Concello é titular en pleno dominio do ben demanial sito na rúa Alta 18 esquina rúa Chao, sen uso, que se describe como segue:*

*No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, o edificio figura identificado co número de propiedade 55, como ben de titularidade municipal, de natureza demanial, afecto ao uso público, composto de planta soto e tres plantas e cunha superficie total construída de 1.252,5 m<sup>2</sup>*

*O inmovible se levanta sobre dúas parcelas, unha de 42,32 m<sup>2</sup>, inscrita no Rexistro da propiedade nº 5 dos de Vigo ao tomo 69, libro 69, folio 3, finca núm. 11577; e outra de 394 m<sup>2</sup>, inscrita no tomo 664, folio 58, finca núm. 3613, e cos seguintes lindeiros : Norte, rúa Chao; Sur, rúa Alta; Leste, rúa Alta e rúa Chao 21; e Oeste, en rúa Chao e rúa Alta.*

*Os títulos de propiedade son os de compravenda, a primeira compra con datos de inscrición de data 22.01.1955 e a segunda, por compravenda ao Consorcio do Casco vello de Vigo segundo acordo da Xunta de Goberno local en sesión de data 21 de outubro de 2009.*

*A referencia catastral do ben inmovible é 2664318NG2726S0001AH.*

*Clasificación e cualificación urbanística: O edificio está incluído no ámbito do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello, en solo urbano consolidado e con uso dotacional .*

*V.- As partes, co fin de conciliar os seus intereses, a Deputación provincial dar continuidade á actividade da sé na cidade de Vigo e fomentar a participación pública a través da creación dun espazo participativo de encontro no Casco Vello de Vigo, e o Concello de Vigo, rehabilitar e recuperar o centro tradicional, así como o de fomentar e promocionar a cultura a través da posta en uso do edificio da rúa Alta con Chao no Casco vello da cidade, entendendo ámbalas dúas a importancia urbanística e histórica alta que para a cidade de Vigo e a súa zona de influencia ten esta infraestructura a nivel patrimonial, histórico e cultural, e coa vontade ademais de instalar unha exposición fotográfica permanente no edificio, acordan aprobar o presente convenio que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes*

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

*É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ámbalas dúas administracións locais para autorizar a través dunha concesión administrativa o dereito de uso e desfrute como sé institucional da Deputación de Pontevedra do edificio de propiedade municipal sito no número 18 da rúa Alta esquina coa rúa Chao, descrito no expoñendo IV, e conseguinte resolución do dereito de uso da Deputación de Pontevedra sobre o inmovible propiedade tamén do Concello de Vigo sito na rúa Oporto núm. 3 "Anexo ao antigo Reitorado", descrito no expoñendo II.*

### **SEGUNDO.- RESOLUCIÓN DO DEREITO DE USO SOBRE O EDIFICIO DA RÚA OPORTO 3**

*As partes acordan de mutuo acordo, sen dereito a indemnización algunha, a resolución por razóns de interese público do dereito de uso do que é titular a Deputación de Pontevedra,*



## Concello de Vigo

acordado pola da Xunta de goberno local en sesión do 11 de decembro de 2006, e referido no expoñendo segundo.

A Deputación comprométese a entregar ao Concello de Vigo libre de cargas e ocupantes o edificio do número 3 da rúa Oporto, para o que convocará coa anterioridade polo menos dunha semana para a entrega do inmovible ao Concello de Vigo ou ó seu lexítimo propietario, e levantarase a correspondente acta de recepción e entrega do inmovible.

### **TERCEIRO.- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA SOBRE O INMOBLE DA RÚA ALTA 3**

O Concello de Vigo comprométese a tramitar á través do procedemento de adxudicación directa á Deputación provincial expediente de concesión administrativa de dominio público que comprenderá o uso privativo da edificación de titularidade municipal da rúa Alta 18, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e sección cuarta do capítulo I do Título IV da Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.

A concesión outorgarase baixo as seguintes condicións:

#### **Primeira.- Prazo da concesión e prórroga**

O prazo da concesión do inmovible da rúa Alta-Chao será de dez anos a partires da sinatura do presente convenio, podendo ser prorrogado por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de dous prórrogas previa solicitude da Deputación cunha antelación de tres meses antes da finalización de cada prazo, e con acordo expreso do Concello de Vigo.

#### **Segunda.- Réxime de uso**

2.1.- O edificio destinarase a sé da Deputación provincial de Pontevedra na cidade de Vigo e usos administrativos e complementarios, sen que sexa posible a transmisión do dereito de uso a terceiros nos que se inclúe:

- a creación dun espazo participativo e de encontro da cidadanía.
- instrumentarase co Concello de Vigo a realización dunha exposición fotográfica anual coa temática de escenas da propia cidade nunha das plantas do inmovible.

2.2.- Non se autoriza a constitución de carga, limitación ou gravame sobre o inmovible que se concesiona.

2.3.- A Deputación executará e costeará as obras necesarias para o adecuado uso do edificio aos fins previstos, obras que deberán ser autorizadas pola Xunta de Goberno Local a proposta da Concellería de Patrimonio con carácter previo a súa execución. En todo caso as obras executadas quedarán en beneficio do inmovible, sen dereito a indemnización ou reembolso pola concesionaria.

#### **Terceira.- Réxime económico**

A Deputación de Pontevedra non ven obrigada a satisfacer ao Concello canon anual en concepto de taxa pola utilización privativa do dominio público en tanto o uso do inmovible non leva aparelhada unha utilidade económica para a mesma.

#### **Cuarta.- Compromisos das partes**

##### **Da Deputación provincial**

- Destinar o inmovible ao fin de sé institucional e usos complementarios.
- Asumir os gastos ordinarios de mantemento, conservación e funcionamento do inmovible, nos mesmos termos nos que ten asumido a Deputación provincial no inmovible que ven ocupando da rúa Oporto e cuxo dereito a uso polo presente se resolve.

- Asumir os gastos polo uso dos servizos urbanos de auga, subministro de enerxía eléctrica, seguridade, telefonía, Internet,.. así como os derivados da limpeza do edificio, nos mesmos termos nos que ten asumido a Deputación provincial no inmovible que ven ocupando da rúa Oporto .

- Executar as obras de conservación e mantemento necesarias para un uso adecuado do edificio, previa autorización da concesionaria.

- Aboar as taxas e tributos que graven ao inmovible. En canto ao pago do IBI, estarase á normativa fiscal de aplicación.

- Asumir o pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento a información pública do prego de condicións, dos gastos rexistrals, notariais e administrativos que no seu caso se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.

- Responder dos danos e perdas que se puideran ocasionar a terceiros ou ao propio inmovible durante o prazo da concesión, sempre que quede acreditada a culpa ou negligencia da Administración, agás a responsabilidade por vicios ocultos, debendo subscribir sendas pólizas de seguro a todo risco do edificio de perdas ou danos, polo importe do seu valor e na que o beneficiario sexa o Concello de Vigo e outra de responsabilidade civil por danos a terceiros. Deberá acreditarse a súa contratación antes do inicio da actividade , e con posterioridade, con periodicidade anual, a súa renovación e vixencia.

- Prestar a colaboración necesaria nas facultades de inspección que lle corresponden ao Concello para comprobar o cumprimento dos termos da concesión.

- Entregar o edificio xuntos coas súas pertenzas, melloras e accesións á resolución, por calquera causa, da concesión administrativa, libres de cargas e gravames.

#### **Do Concello de Vigo**

- Por a disposición da concesionaria o inmovible para o desenvolvemento dos seus fins propios, no prazo máximo de vinte días a contar dende a sinatura do presente convenio.

- Inspeccionar e controlar o cumprimento das condicións da concesión, ditando as ordes e instrucións pertinentes para o bo estado e conservación do edificio.

#### **Quinta.-Valor do edificio**

O valor da edificación segundo datos do Inventario municipal de Bens e Dereitos é de 1.198.867,94 euros.

#### **Sexta.- Garantías**

Como queira que a concesionaria é unha administración pública que executará obras que reverterán ao Concello de Vigo, non se establece a constitución de garantías.

#### **Sétima- Exposición ao público do prego de condicións**

Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, exporase ao público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán nos Rexistros do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na lexislación de procedemento administrativo.

#### **Oitava.- Causas de resolución**

Serán causa de resolución da concesión:

- a) A cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión, ou dos dereitos de xestión e explotación do edificio sen autorización municipal.
- b) Allear ou gravar o ben ou o dereito.
- c) Destinar o inmovible a usos distintos dos expresados





## Concello de Vigo

- d) *O incumprimento reiterado ás ordes ou instrucións ditadas polo Concello de Vigo referentes a conservación e mantemento do edificio.*

### **Novena.- Rescate**

*O Concello resérvase o dereito a deixar sen efecto a concesión, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos ao dominio público ou impidan a utilización para actividades de maior interese público, debidamente apreciadas polo Concello de Vigo.*

### **Décima.- Extinción da concesión**

*A concesión extinguirase:*

- Polo transcurso do prazo polo que foi outorgada.*
- Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi concedida.*
- Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
- Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.*

### **Décimo primeira.- Condicións da reversión ou da recuperación do edificio**

*1.- Serán de conta da concesionaria o detrimento ou deterioro sufridos polo edificio, e non serán indemnizables os gastos en que houbera incorrido a concesionaria.*

*2.- Ao vencemento da concesión, e con independencia da causa que a motive, a concesionaria vendrá obrigada a cesar no uso e ocupación do inmovible e n0 desenvolvemento da actividade, debendo deixar a edificación á libre disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, que reverterá gratuitamente e libre de cargas e gravames xunto coas súas melloras e instalacións fixas, sen que a concesionaria teña dereito a percepción de indemnización ou contraprestación ningunha.*

*3.- Da recepción polo Concello dos bens revertidos levantarase a correspondente acta en presenza da concesionaria, se comparecese a dito acto. Na acta apuntarase o estado de conservación dos bens revertidos.*

*4.- Establécese como prazo máximo para a entrega do edificio, o de quince días hábiles a contar dende a data de vencemento da concesión.*

### **Décimo segunda.- Formalización da concesión**

*A concesión formalizarase en documento administrativo, no prazo de quince días dende a data da notificación do acordo á concesionaria, podéndose elevar a documento público se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura, no seu caso.*

### **CUARTO.- ACCESO AO EDIFICIO DA RÚA ALTA**

*En tanto se sustancia a tramitación da concesión e ata a entrega definitiva do edificio, aprobado o presente convenio polo órgano competente permitirase o acceso ao inmovible á Deputación provincial aos efectos de redactar o proxecto de obras de adaptación e para a súa preparación necesaria para executar as citadas obras*

### **QUINTO.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.*

*Corresponderá á Comisión de Seguimento:*

- *A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*
- *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*
- *A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.*

*A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións*

#### **SEXTO - TRIBUNAIS COMPETENTES.**

*A prerrogativa de interpretar o convenio e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ao Concello de Vigo, e á xurisdición contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xurdan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o convenio, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.*

#### **SÉTIMO- RÉXIME XURÍDICO.**

*No non previsto no presente, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.*

#### **19(900).- MODIFICACIÓN DAS BASES DO VI PROGRAMA MUNICIPAL PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS. EXPTE. 9612/307.**

Visto o informe xurídico de data 9/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 10/10/19, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Concelleira delegada de Patrimonio Histórico, por resolución do 26 de setembro de 2019, inicia expediente para desenvolver o VI programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.

A Concellería de Patrimonio Histórico ten encomendada a “protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo”.

Así, considera que é de interese municipal realizar unha serie de actuacións cara a mellorar a imaxe urbana da cidade, e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública contribuirá ao realce da paisaxe e do noso patrimonio.

As edicións anteriores do programa desenvolvéronse nos anos 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019, e contaron cunha importante participación cidadá e coa colaboura de institucións educativas e asociacións culturais.



**Concello de Vigo**

O obxecto do **Sexto programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos** é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calqueira outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que os cidadáns poidan disfrutar libremente na cidade das expresións do novo arte contemporáneo.

**A finalidade** da convocatoria é contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic...

Neste sexto programa, continuador dos desenvolvidos nas anualidades 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019, desenvolveranse entre dez e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ó orzamento dispoñible.

O programa estrutúrase en dúas **fases**: unha primeira de “Actuacións preparatorias”, na que se seleccionarán os espazos, artistas e centros educativos, e outra segunda de execución dos murais ou outras expresións artísticas. A Concellería de Patrimonio Histórico, previo asesoramento dunha comisión técnica creada ao efecto, cursará as correspondentes invitacións ós artistas seleccionados, invitacións que se formalizarán a través da correspondente contratación, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración. A contratación extenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos.

O **orzamento** estímase en 350.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2020.

O **prazo de execución** da actuación de arrumbamento será determinado no contrato correspondente.

Na base novena, prevense causas específicas de **resolución** do contrato que se deberán reflectir no contrato correspondente.

Tamén se prevé a cesión ó Concello dos dereitos de explotación das obras contratadas, circunstancia que tamén deberá expresarse en cada un dos contratos.

En canto á primeira fase, o procedemento de selección ven determinado no propio programa, e en canto a súa execución se estará ó disposto na Normativa reguladora da contratación das corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

En todo caso non é de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa reguladora das subvencións en canto o resultado da actividade de arrumbamento da escena urbán, por persoas suxeitas a dereito privado, non é de propiedade e utilización exclusiva do suxeito de dereito privado, artigo 2.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de subvencións, senón que actuación conforma a paisaxe urbán, de propiedade colectiva.

O Concello é competente para desenvolver actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

**En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:**

1º.- APROBAR O SEXTO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA.

2º.- APROBAR AS BASES QUE REXERÁN O SEXTO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA, que son as que se transcriben de seguido:

“VI PROGRAMA para arrumar con carácter provisional medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana

## **INTRODUCCIÓN**

Co obxecto de mellorar a imaxe urbán da cidade, durante o ano 2015 desenvólvese o Primeiro programa de tratamento de medianeiras e paredes vistas con pintura e murais decorativos; ademais tiveron lugar unha serie de actuacións artísticas complementarias (mapping, actividades musicais, de danza urbana e outras de natureza similar).



## Concello de Vigo

Os artistas foron seleccionados segundo preveían as bases rectoras do programa, rexistrándose os datos dos interesados en participar, segundo solicitude recibida, e que achegaron a súa traxectoria profesional.

Ademáis o Programa contou cunha importante participación cidadá e coa colaboura de institucións educativas e asociacións culturais.

Nos anos 2016, 2017, 2018 e 2019 continuouse coa mesma liña de traballo, entendendo a cidade coma un lugar aberto á expresión artística e ofrecendo ao público un espectáculo único con diversidade de actuacións e exposicións efímeras. Coas intervencións do ano 2019 son xa 36 as medianeiras pintadas e 46 muros, e ademais se consolida o carácter internacional do evento coa presenza de artistas consagrados da escena mundial.

Os criterios de selección dos espazos foron fixados polo Concello coa colaboura dunha comisión asesora: idoneidade da medianeira ou muro, a súa localización, o seu grado de protección ou catalogación municipal e, por suposto, o interese da propiedade dos espazos escollidos que se manifestou previamente e por escrito ante o Concello.

O procedemento efectuouse baixo os principios de participación pública, publicidade, concorrencia e obxectividade.

### **PRIMEIRA.-OBXECTO**

O obxecto do ***Sexto programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos*** é :

- tratar con carácter provisional a través de pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada, en tanto non se cubren segundo normativa urbanística
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calqueira outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que os cidadáns poidan disfrutar libremente na cidade das expresións do novo arte contemporáneo.

## **SEGUNDA.- FIN**

A finalidade da convocatoria é contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic.

Debe considerarse sempre o carácter provisional da intervención pola propia definición de “medianeira” en relación coas previsións que o planeamento urbanístico abrangue para a parede a decorar, polo que poidera ser “tapada” a través de edificación, vexetación, incluso ser derrubada segundo calificación urbanística ou previsións da normas urbanísticas ou da ordenación do territorio.

## **TERCEIRA.- ÁMBITO**

Neste sexto programa, continuador dos celebrados nos anos anteriores, desenvolveranse entre dez e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ao orzamento dispoñible.

O Concello resérvase o dereito de modificar os lugares elixidos para as actuacións se as necesidades de tramitación así o aconsellan.

## **CUARTA.- PROGRAMA DA ACTUACIÓN**

O programa estrutúrase en dúas fases:

### **Fase 1.- Actuacións preparatorias**

#### **1.1 Subfase de propostas dos espazos a tratar, colexios e institutos oficiais interesados no programa, artistas participantes**

- Mediante anuncio na páxina web do Concello, [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e prensa local, abrirase un prazo de 15 días naturais, contados dende o día seguinte da súa publicación na prensa, para que os propietarios, asociacións de veciños, culturais, sociais e, en xeral, calquera interesado poida formular propostas de espazos a tratar.

Cando as propostas veñan subscritas polos propietarios dos inmobles, deberán xuntar autorización da comunidade de propietarios que se inclúe como ANEXO I.

A cesión dos espazos de propiedade privada para o Programa, supón o compromiso por parte desta de manter a obra artística alomenos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (barniz), aproximadamente seis anos, sen que a propiedade poida iniciar accións destinadas á desaparición da mesma, agás as circunstancias reflectidas na base segunda.

- Durante o mesmo prazo de 15 días, as institucións educativas interesadas en participar no programa, colexios e institutos, achegarán solicitude de participación que se relaciona como ANEXO II. A súa actuación axustarase, en principio, ao espazo a tratar do propio Centro educativo.



## Concello de Vigo

- Os artistas, ou grupos de artistas relacionados coa creación artística contemporánea interesados en participar no Programa poderán achegar en calquera tempo xustificación da súa traxectoria profesional, que será considerada pola comisión técnica encargada de propor á concellería as invitacións oportunas para executar os traballos de decoración.

As propostas irán dirixidas á Concellería de Patrimonio Histórico, edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO.

### **1.2 Subfase de selección dos espazos a tratar, colexios e institutos interesados no programa e artistas participantes**

#### **1.2.1 Selección dos espazos**

Unha comisión técnica, previo estudio da viabilidade das localizacións, propondrá á concellería os espazos a renovar dacordo cos seguintes criterios:

- que a medianeira ou muro visibles dende o espazo público estea en axeitadas condicións de seguridade estrutural e estanquidade .
- viabilidade técnica dos traballos.
- interese espacial e urbano.
- existencia de elementos descontextualizados como cables, caixas de servizos, etc.
- medianeiras con gran impacto visual no conxunto do núcleo.
- interese arquitectónico da edificación e proximidade a edificacións de interese.
- constancia de servidumes que afecten ás medianeiras ou ao seu mantemento.
- ambiente urbano degradado.
- patios degradados de uso público das edificacións.

A comisión será nomeada pola Concellería de Patrimonio histórico e nela estarán representadas asociacións culturais da cidade, expertos en arte urbano e técnicos municipais especializados na conservación do patrimonio histórico.

O réxime xurídico da comisión axustarase ás normas contidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sen prexuízo das peculiaridades organizativas da administración local da que depende, o Concello de Vigo.

A comisión poderá resolver calquera dúbida, imprevisto ou interpretación que se deriven das presentes bases.

Á vista da proposta de selección, técnicos designados pola concellería emitirán informe acompañado de detallado reportaxe fotográfico, no que se describa o estado da medianeira en canto a súa seguridade, conservación, impermeabilidade e demais consideracións técnicas a ter en conta con carácter previo á intervención.

As posibles propostas non seleccionadas pasarán a formar parte dun inventario para no seu caso, vendeiras edicións.

#### **1.2.2 Selección dos artistas**

Os artistas seleccionaranse por **invitación**, baixo dúas modalidades:

- Aqueles artistas urbanos de recoñecido prestixio serán, no seu caso, invitados pola concellería de Patrimonio histórico.
- Artistas propostos á concellería pola comisión técnica, a cal, previo exame da súa traxectoria profesional, formulará a correspondente proposta de invitación. Para a selección dos artistas considerarase o rexistro creado na Concellería de Patrimonio histórico coas solicitudes de participación.
- A persoa gañadora do concurso A Batalla Mural celebrado no marco da V edición do Programa de Medianeiras, segundo as Bases reguladoras da convocatoria da actividade (o primeiro premio consistira na participación como artista na seguinte edición do Programa de Medianeiras).

### **1.2.3 Selección dos colexios ou institutos**

A comisión técnica propondrá á Concellería de Patrimonio Histórico os centros educativos nos que se actuará, tendo en conta os que se teñan interesado en participar nesta edición; aqueles que participaron en edicións anteriores, agás excepción xustificada, quedarán excluídos da selección para a actual.

### **1.2.4 Características dos bosquejos/expresións artísticas**

A comisión técnica será quen de indicar a cada artista por ela proposto e seleccionado pola concellería, o carácter do bosquejo a representar, con respecto tanto á creatividade do artista como á normativa específica de protección das zonas históricas.

Aínda que a temática en principio será libre, fíxanse os seguintes criterios:

- nas zonas históricas priorizaranse os murais históricos ou identitarios que relaten tanto a historia da cidade, as súas actividades, fontes de riqueza e aqueles aspectos que identifiquen á cidade; murais pictóricos que poñan en valor aos artistas plásticos galegos ou vencellados a Vigo e a súa historia.
- o resultado final no contexto do espazo a decorar.
- dificultades de mantemento.
- axuste ao presuposto máximo.
- prohibese a representación de temáticas que constitúan apoloxía da violencia, obras de contido racista, sexista, xenófobo, obsceno, ou calquer outro que atente contra a dignidade das persoas.

### **En relación coas propostas dos colexios e institutos**

A dirección do colexio ou instituto elixirá os cursos para que os alumnos realicen un debuxo de temática libre. Un equipo de traballo especializado dirixirá os traballos de traslado dos debuxos aos muros do centro educativo.

## **Fase 2.- Execución dos murais/proxectos artísticos**

As invitacións para executar os tratamentos efímeros dos espazos con pintura, murais e demais expresións artísticas, formalizaranse a través da correspondente contratación, da que formarán parte estas bases reguladoras





## Concello de Vigo

O programa para intervir provisionalmente baixo as condicións urbanísticas, os espazos, sexan muros ou medianeiras, incluso as actuacións nas paredes dos colexios, abrangue a súa decoración, sen que se poida estender á reparación dos muros ou medianeiras dañados.

O autor ou autores da pintura mural será a mesma persoa ou grupo de persoas que elaborou o bosquejo ou proxecto aprobado; os/as seleccionados deberán cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración, e executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación, no seu caso, da vía pública nas debidas condicións de seguridade e no prazo que sinala a concellería.

A contratación extenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos: pinturas, andamios, escaleiras ... debendo a adxudicataria dos traballos de preparación da medianeira ou espazo libre dispor dun seguro de responsabilidade dos danos que se poideran causar a persoas ou bens.

### **QUINTA. -DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL**

Os dereitos de explotación das obras contratadas serán cedidos ao Concello de Vigo, incluíndo os dereitos de reprodución, difusión e exhibición públicas, quen poderá facer uso deles en calquera das modalidades previstas no Texto refundido da Propiedade intelectual e sen outros límites que os establecidos nesta e noutras normas que resulten de aplicación.

Neste senso, o documento contractual referido aos artistas incluírá a cesión dos devantitos dereitos.

O prezo do contrato será o pago único pola cesión dos dereitos de propiedade intelectual, sen que proceda liquidación algunha pola posterior utilización dos dereitos cedidos.

As cesións dos dereitos de propiedade intelectual non terán o carácter de exclusivas, de xeito que o artista poder facer uso destes, sempre que non se prexudiquen os dereitos do Concello. De se realizar esta explotación o artista deberá mencionar a contratación por parte do Concello de Vigo dentro deste Programa.

En todo caso debe considerarse o carácter temporal das pinturas segundo normativa urbanística de aplicación, de forma que cando se constrúa ou derrube a edificación que soporta a pintura, non haberá lugar a indemnización algunha ao autor da mesma.

### **SEXTA. -DOCUMENTACIÓN**

#### **Fase 1.- Actuacións preparatorias**

##### **- Selección de espazos**

A propiedade, asociacións de veciños, culturais, sociais, sociedades, e en xeral calquera interesado pode formular propostas de espazos a tratar, sempre que sexan visibles dende as zonas públicas, e deberán achegar:

- emprazamento do espazo.
- fotografía actual.
- dimensións aproximadas.

- datos da propiedade.
- no caso de cesións de paredes de propiedade privada, autorización desta segundo ANEXO I.

#### **- Selección de artistas**

#### **Os artistas interesados en participar achegarán :**

- xustificación da súa traxectoria profesional.
- fotocopia do DNI (pasaporte do participante e, no seu caso, de cada un dos compoñentes do grupo).

#### **Os artistas seleccionados, deberán achegar:**

- autorización ao Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, da obra seleccionada na execución do Programa con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que puidera derivarse nos termos do disposto no RD Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, asinada polo autor ou representante do grupo (ANEXO III)
- declaración responsable de cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración, executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación no seu caso da vía pública nas debidas condicións de seguridade (ANEXO IV) e demais documentación que sexa requirida polo Concello de Vigo con carácter previo á súa contratación.

### **SÉTIMA.- OBRIGAS DOS PARTICIPANTES**

#### **Sétima.1 DOS ARTISTAS SELECCIONADOS**

- Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra.
- Realizar a obra consonte ó bosquexo ou proxecto aprobado.
- Responder da autenticidade da obra, baixo a persoal responsabilidade da persoa que realice o bosquexo.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos que se poidan causar a persoas e bens durante a execución da obras.

#### **Sétima.2 DA PROPIEDAD DE LOS ELEMENTOS A DECORAR**

Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento da pintura, da aparencia do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas consonte coas obras executadas, alomenos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (barniz), aproximadamente seis anos.

#### **Sétima.3 DA ADXUDICATARIA DOS TRABALLOS DE PREPARACIÓN DA MEDIANEIRA OU ESPAZO LIBRE**

Segundo expediente de contratación das obras que se tramite ao efecto.



**Concello de Vigo**

#### **OITAVA.- FINANCIACIÓN**

A cantidade destinada a este **VI programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos** estímase en 350.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2020.

#### **NOVENA.- RÉXIME SANCIONADOR**

Será causa específica de resolución do contrato co artista, a actitude violenta ou falta de respecto dos artistas aos demais participantes ou asistentes.

A rescisión poderá implicar a prohibición de participar en futuros programas durante un tempo que se determinará en función das circunstancias que concorran.

Será tamén motivos para a resolución:

- a. A realización de pinturas fora dos espazos designados polo concello para este evento
- b. A alteración das obras doutros participantes
- c. O plaxio das obras doutros artistas
- d. A non correspondencia das obras co seu bosquejo ou proxecto orixinal

#### **DISPOSICIÓNS FINAIS**

A participación no Programa supón a aceptación destas bases na súa totalidade.

As actuacións serán gravadas e/ou fotografiadas e poderán ser reproducidas e /ou expostas polo Concello.”

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe, que modifica o acordo de aprobación de dito programa adoptado en sesión ordinaria do 10/10/19.

#### **20(900).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA POLICÍA LOCAL CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2019 (XULLO, AGOSTO E SETEMBRO). EXPTE. 66701/212.**

Dáse conta do informe-proposta de data 11/10/19, asinado polo intendente da Policía Local e pola concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

En cumprimento do disposto no artigo 64.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a información relativa aos contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao terceiro trimestre do ano 2019 (xullo, agosto e setembro), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

## ANEXO

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2019 (XULO, AGOSTO E SETEMBRO):

Expte.	Partida	CM	Obxecto	Adxudicatario	Decreto	Rc	Fin contrato	Importe €
65064/212	1320.2120000	SER	Reparación/mantemento porta CIMA	Jesús Ángel Barciela Álvarez	03/07/19	25/06/19	31/12/19	663,69
65110/212	1320.2210400	SUB	Material dotación individual funcionarios prácticas	Saborit International S.L.	03/07/19	25/06/19	31/12/19	8.542,00
65879/212	1320.2150000	SUB	Soportes mesa reparación mobiliario sala orden do día	Dismac, S.L.	12/08/19	09/08/19	31/12/19	271,04
65884/212	1320.6290003	SUB	Adquisición cámara fotográfica Atestados	Comercial Integral Especialista Suministros S.L.	14/08/19	14/08/19	31/12/19	544,98
65919/212	1320.2219900	SUB	Contadores aforo manuais	Comercial Integral Especialista Suministros S.L.	23/08/19	23/08/19	31/12/19	71,60
66346/212	1320.2219900	SUB	Test indiciarios drogas	Drager Safety Hispania S.A.	24/09/19	24/09/19	31/12/19	2.585,47

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**21(901).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA OFICIAL COIDADOR/A, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA VIGOZOO. EXPTE. 34713/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 8/10/19, dáse conta do informe-proposta do 03/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 24/07/2019, o Director de Réxime Interior-Zoo, remite oficio, conformado pola Concelleira-delegada do Servizo de Medio Ambiente e Vida Saudable, manifestando a urxente necesidade dun/dunha Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixianza e Control para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 20/09/2019



## Concello de Vigo

solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixianza e Control, por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 24/09/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

#### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

## "FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado;** (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixianza e Control (posto cód. 689), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na



**Concello de Vigo**

súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do Director de Réxime Interior-Zoo, coa conformidade do Concelleira-delegada do Servizo de Medio Ambiente e Vida Saudable, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos

excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

#### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses dun/dunha Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixianza e Control para VigoZoo, supón un gasto de **12.620,30 €**, dos que 6.233,43 €, corresponden ao presente exercicio e, 6.386,87 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **4.761,03 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 2.351,73 €, corresponden ao presente exercicio e 2.409,30 € ao vindeiro exercicio 2020.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento do exercicio 2019 (3 meses) e ao vindeiro ano 2020 (3 mes).

A aprobación do presente expediente levaría consigo a incorporación dun novo AFUT, por importe de 6.386,87 €.

En resumo, as cantidades comprometidas nos diferentes AFUT nos diferentes exercicios son as seguintes: 2020, por un total de 1.051.676,18€, 2021, por un total de 96.885,16€ e, 2022, por un total de 24.214,46€, respectivamente.

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

#### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixianza e Control, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixianza e Control de: **D. Rodríguez Lago, L.M., con DNI \*\*\*6370\*\***, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."





## Concello de Vigo

A mesma aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun funcionario interino por acumulación de tarefas, como **Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixianza e Control**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades de **VigoZoo** contidas no escrito do 24/07/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **12.620,30 €**, dos que 6.233.43 €, corresponden ao presente exercicio e, 6.386,87 € ao vindeiro exercicio 2020, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixianza e Control a: D. Rodríguez Lago, L.M., con DNI \*\*\*6370\*\***, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 689-Oficial Coidador/a, Mantemento, Vixianza e Control), sendo adscrito ao Servizo de VigoZoo, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en

horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo o aspirante nomeado, O Director de Réxime Interior-Zoo, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(902).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA SUBALTERNO/A BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA A EMAO. EXPTE. 34722/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 10/10/19, dáse conta do informe-proposta do 03/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 11/09/2019, a Xefa de Educación, remite oficio, conformado polo Concelleiro-delegado do Servizo de Educación, manifestando a urxente necesidade dun/dunha subalterno/a para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 23/09/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha Subalterno por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 24/09/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.



**Concello de Vigo**

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la*

*función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-ordenanza-porteiro/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno



## Concello de Vigo

Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito da Xefa de Educación, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses dun/dunha subalterno/a para EMAO (Escola Municipal Artes e Oficios), supón un gasto de **11.046,15 €**, dos que 5.445,91 €, corresponden ao presente exercicio e, 5.590,24 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.616,92 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 1.770,66 €, corresponden ao presente exercicio e 1.846,26 € ao vindeiro exercicio 2020.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento do exercicio 2019 (3 meses) e ao vindeiro ano 2020 (3 mes).

A aprobación do presente expediente levaría consigo a incorporación dun novo AFUT, por importe de 5.590,24 €.

Engade ademais, que no ano 2019 xa foron comprometidos nos diferentes AFUTs un total de 1.488.205,35€ e, para os anos, 2020 e 2021 xa están comprometidos nos diferentes AFUT un total de 628.429,29€ e, 57.370,09€, respectivamente, amais dos expedientes xa informados ata a data ata uns totais de 757.295,95 euros e, 96.885,16€, respectivamente.

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

#### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Subalterno/a de: D<sup>a</sup> Martínez Rodríguez, A., con DNI \*\*\*3784\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

A mesma aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa,



## Concello de Vigo

economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dunha funcionaria interina por acumulación de tarefas, como **Subalterna**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades de **EMAO (Escola Municipal Artes e Oficios)** contidas no escrito do 11/09/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.046,15 €**, dos que 5.445,91 €, corresponden ao presente exercicio e, 5.590,24 € ao vindeiro exercicio 2020, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **Subalterna** a: D<sup>a</sup> Martínez Rodríguez, A., con DNI \*\*\*3784\*\*, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 155-ordenanza-porteiro/a), sendo adscrita a EMAO (Escola Municipal Artes e Oficios), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, Á Xefa do Servizo de Educación, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(903).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE DOAZÓN DAS OBRAS OFERTADAS POR D. MARCELINO LÓPEZ MARTÍNEZ-MORÁS, DE DIVERSOS ARTISTAS. EXPTE. 6395/337.**

Visto o informe xurídico de data 17/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 2/10/19, asinado polo director do Museo municipal Quiñones de León, o xefe de Museos municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En data 10 de maio de 2018 D. Marcelino López Martínez-Morás presenta escrito dirixido ao Concelleiro Delegado de Cultura polo que ofrece en doazón obras dos pintores Carlos Sobrino, Abelardo Bustamante, Laxeiro, Eiravella e Ernesto Bao; do fotógrafo Jesús Madriñán; así como unha carabela de prata e un espello decorativo.

#### **1. Antecedentes**

Seguindo instrucións do Concelleiro Delegado en agosto do mesmo ano o director do museo realiza visita técnica ao espazo no que se ubican as obras para observación directa, toma de datos e fotografado.

En data 5 de abril do ano en curso procedese á emisión por parte do director de informe valorativo do interese artístico da obra ofertada, que obra no expediente; concluíndo que resultaría de interese a aceptación dunha selección da mesma.

Esta selección está formada polas seguintes obras, referenciadas en detalle no ANEXO:

De Carlos Sobrino: Pazo de Lestrove (acuarela, sen datar)  
De Abelardo Bustamante: Sen título (óleo, 1926)  
De Eiravella: A matanza (mixta, 1976)  
De Ernesto Bao: Batalla de Rande (óleo, 1976)  
De Jesús Madriñán: Sen título (hortensias) (fotografía, Ca 2012)  
De descoñecido: Carabela (prata, 1910)

En data 30 de abril de 2019 o Concelleiro Delegado dirixese ao doante manifestando o seu interese pola oferta realizada e comunicándolle que non resulta posible acceder á súa condición de incluír lemas ou nome do doante nas fichas identificativas de exposición que chegado o caso se produza, solicitando asemesmo faga firme a súa vontade de doazón mediante escrito oficial de proposa de doazon.

O doante presenta o escrito solicitado a 22 de maio de 2019 reiterando o seu desexo de doazón e mencionando a posibilidade de facer figurar na placa identificativa das obras doadas, de exporse estas, lema persoal ou dedicatoria unque non o establece como condición.

Comunicado ao ofertante a necesidade de que acredite fehacemente a súa condición de propietario único e lexítimo das obras que ofrece en doazón, e coas indicacións realizadas





## Concello de Vigo

neste sentido pola Secretaria de Administración Municipal, éste comparece no museo municipal a 12 de xullo do ano en curso asinando nos servizos administrativos do museo a declaración de propiedade que obra no expediente.

Asemesmo en data 9 de agosto do mesmo ano dirixese novo escrito ao interesado mediante o cal concédeselle trámite de audiencia para que no prazo de quince días contados dende o día seguinte á notificación poida examinar o procedemento instruído, formular alegacións e aportar cantos documentos e xustificacións considere oportunos; transcorrendo o prazo indicado sen que o interesado realice ningunha clase de pronunciamento.

### **2. Interese público da aceptación da doazón**

A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia establece, no seu título VIII, art. 111.1., que os museos *"son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, **adquisición**, (...) de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural."*

O Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" dispón dunha das máis importantes coleccións públicas de arte galega contemporánea, estando representados nela os seus principais autores e tendencias.

O museo desenvolve unha activa política de captación e adquisición de obras de arte dentro dos parámetros determinados pola súa identidade e traxectoria, ao obxecto de manter a coherencia das súas coleccións, circunscribindose ás artes plásticas ou decorativas producidas ata o século xx incluído, con preferencia pola arte galega do século XX.

A obra pictórica presentada en doazón supón na súa maioría un interesante conxunto de obras de artistas galegos que ou non están representados na colección municipal de arte do Concello de Vigo (Eiravella, Bao) ou o están de forma exigua (Carlos Sobrino, Abelardo Bustamante)<sup>2</sup>.

De xeito que do conxunto consideranse de interese para a colección todas as obras ofertadas das que o museo non ten dúbidas razoables en canto a súa autenticidade; e que resultan ser as xa mencionadas:

- + Carlos Sobrino: Pazo de Lestrove (acuarela, sen datar)
- + Abelardo Bustamante: Sen título (óleo, 1926)
- + Eiravella: A matanza (mixta, 1976)
- + Ernesto Bao: Batalla de Rande (óleo, 1976)

Asemesmo valorase de interese a aceptación da peza decorativa ofertada, Carabela de prata, pola súa cronoloxía e pola súa consonancia coa colección de pratería xa existente no museo.

2. O argumentario empregado que xustifica a aceptación de cada unha das obras figura no informe específico valorativo mencionado que obra no expediente.

Tamen valorase de interese, pola súa gran calidade e importancia do artista, a aceptación da obra fotográfica de Jesús Madriñán, Sen título (hortensias) (fotografía, Ca 2012); se ben esta obra de aceptarse debería incluírse na colección municipal de fotografía.

### 3. Condicións establecidas para a doazón

O doante non establece condición *sine qua non* para a realización da súa doazón.

### 4. Valoración económica estimada

En base ás consultas realizadas establececese un valor económico para o conxunto seleccionado en 17.000 €, segundo detalle individual para cada obra especificado no ANEXO.

### 5. Informe xurídico favorable

En data 25 de abril a Secretaria de Administración Municipal emite informe favorable o expediente de doazón de pezas da colección familiar Tomás Barros, sinalando que unha vez aceptada a doazón pola Xunta de Goberno local procederase ao modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens móbiles de carácter histórico; e a necesidade de incorporar o presente informe ao expediente de doazón con carácter previo a súa aceptación por parte da Xunta de Goberno local.

---

Visto todo o cal, co informe favorable da Secretaria de Administración Municipal; coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos, do Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural; e do Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA.-**

"Aceptar a doazón das seguintes obras de arte ofertadas por Marcelino López Martínez-Morás, cuxa descrición obra no anexo; procedendo trala súa incorporación á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens móbiles de carácter histórico.

Con destino ao Museo Municipal "Quiñones de León":

- + Carlos Sobrino: Pazo de Lestrove (acuarela, sen datar)
- + Abelardo Bustamante: Sen título (óleo, 1926)
- + Eiravella: A matanza (mixta, 1976)
- + Ernesto Bao: Batalla de Rande (óleo, 1976)
- + Descoñecido: Carabela (prata, 1910)

Con destino á Colección Municipal de Fotografía:

- + Jesús Madriñán: Sen título (hortensias) (fotografía, Ca 2012)



Concello de Vigo

RELACIÓN DE OBRAS DE ARTE OFERTADAS POR MARCELINO LÓPEZ MARTÍNEZ-MORÁS QUE SE ACEPTAN EN DOAZÓN.-

Nº	Autor	Título	Técnica	Medidas	Ano	Valoración económica	Imaxe
1	Carlos Sobrino	Pazo de Les-trove	Acuarela/papel	39 x 35 cm	Sen datar (Século XX)	8.000 €	
2	Abelardo Bustamante	Sen título	Óleo/táboa	82 x 68 cm	1926	2.000 €	
3	Eiravella	A matanza	Mixta/papel	61 x 50 cm	1976	2.000 €	
4	Ernesto Bao	Batalla de Rande	Óleo/lenzo	85 x 164 cm	1976	1.000 €	
5	Descoñecido	Carabela	Prata	44,5 x 42 x 16 cm	1910	1.000 €	
6	Jesús Madrñán	Sen título (hortensias). Serie La Finca	Fotografía	63 x 53 cm	Ca 2012	3.000 €	

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(904).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DA “ÓPERA TOSCA DE PUCCINI” ORGANIZADA POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA. EXPTE. 2917/330.**

Visto o informe xurídico de data 14/10/19 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 7/10/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **INFORME.**

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.



## Concello de Vigo

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás Deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das Deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

A Concellería-Delegada da Área de Cultura ten entre as súas competencias o fomento, promoción e axuda a entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais, así como o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral, co obxectivo da difusión e extensión da cultura en calquera das súas manifestacións.

A asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

Entre as actuacións concertadas pola “Asociación de Amigos de la Ópera” o pasado 21 de setembro tivo lugar a “Ópera Tosca de C. Puccini”, no teatro Afundación de Vigo, que resultou un éxito sen precedentes. La afluencia do público foi masiva case ata completar o aforo do teatro, y cunha horquilla de edad moi amplia. Os comentarios do público á saída do espectáculo eran o de emoción e satisfacción, polo nivel de execución tanto dos cantantes como da orquesta, coro e dirección.

Polo todo o exposto e, ao abeiro do dito principio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra, está previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra na que a dita Deputación realiza unha achega de 10.000 € (dez mil euros) para coadxuvar ao desenvolvemento da “Opera Tosca de Puccini” que tivo lugar o día 21 de setembro do 2019.

En consecuencia, o día 27.09.2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración entre a Excma Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo Concello de Vigo para a organización pola “Asociación de Amigos da Ópera” da “Opera Tosca de Puccini” que tivo lugar en Vigo o día 21.09.2019.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha actividade que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana. A asociación que organiza estes concertos ten un grande arraigo na cidade dende hai anos.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento da “Opera Tosca de Puccini” segundo o orzamento presentado, ascenden a un total de 61.686 euros

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que o Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Conforme o artigo 7.4 da LSG a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica correspondendo a a Xunta de Goberno local a concesión da subvención e aprobación do gasto en virtude da delegación de facultades efectuada por resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e artigo 127 g) da Lei 7/85, do 2 de abril. Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### **PROPOSTA:**

Primeiro.-Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo, que se achega ao expediente, para coadjuvar ao desenvolvemento da “Opera Tosca de Puccini” organizada pola “Asociación de Amigos da Ópera” que tivo lugar en Vigo o día 21 de setembro do 2019.

Segundo.-Dar conta á Deputación Provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se incorpora a este expediente e solicitar a súa subscrición.

Terceiro.- Tras a sinatura deste convenio iniciárase a tramitación administrativa conducente ao cumprimento dos termos da adxudicación da subvención.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

*PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA "ÓPERA TOSCA DE PUCCINI" ORGANIZADA POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA .*

En \_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*Doutra, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,*

*E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.*

*Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración e, a estes efectos,*

#### **EXPOÑEN**

*I.- Que a promoción da cultura e equipamentos culturais se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.*

*II.- Que a asociación "AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO", organizadora do evento cultural "Ópera Tosca de C. Puccini" é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.*

*III.- Entre as actuacións concertadas pola "Asociación de Amigos de la Ópera"co Concello de Vigo destaca a "Ópera Tosca de C. Puccini", que tivo lugar o pasado 21 de setembro no teatro Afundación de Vigo, que resultou un éxito sen precedentes. La afluencia do público foi masiva case ata completar o aforo do teatro, y cunha horquilla de edad moi amplia. Os comentarios do público á saída do espectáculo eran o de emoción e satisfacción, polo nivel de execución tanto dos cantantes como da orquesta, coro e dirección.*

*Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto por custe como impacto.*

*IV.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes*

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

*É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para coadxuvar ao desenvolvemento da “Opera Tosca de Puccini” que tivo lugar na cidade de Vigo o día 21 de setembro do 2019.*

### **SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

*O importe ao que se refire o presente convenio atende ás necesidades de desenvolvemento do citado evento cultural, que conta cun orzamento total de SESENTA E UN MIL SEISCENTOS OITENTA E SEIS MIL EUROS (61.686,00€).*

*As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, que se obriga a sufragar o seu custe ata a cantidade máxima de DEZ MIL EUROS (10.000,00 euros) IVE engadido, consonte a seguinte distribución:*

	<i>Anualidade</i>	<i>Total</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>2019</i>	<i>10.000,00 €</i>

*O pago da anualidade do 2019 realizarase contra a aplicación 19/942.9420.462.14 do orzamento provincial*

*No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.*

### **TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

*1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar coa desagregación que se establece na cláusula segunda deste Convenio de colaboración.*

*2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de subvención á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadxuvar ao financiamento da “Opera Tosca de Puccini”, que tivo lugar o día 21 de setembro do 2019 na sede do Teatro Afundación de Vigo.*

*O Concello de Vigo remitirá unha copia do dito acordo á Deputación Provincial.*

*3º.- A Administración municipal remitira á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.*





## Concello de Vigo

4º.- A Deputación Provincial someterá o texto da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera” á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

6º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada contra a presentación das correspondentes das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial, e na parte proporcional do financiamento. Asemade, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

1. Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadxuvar ao financiamento da “Ópera Tosca de Puccini”;
2. memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;
3. informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;
4. facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
5. conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
6. memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
7. certificación do pagamento a favor de “Asociación de Amigos da Opera” asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
8. acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
9. declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio, dos ingresos obtidos e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade;
10. calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

### CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a realización do evento, achegando a cantidade correspondente, de conformidade no disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado.

- *Redactar unha proposta de subvención do concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadjuvar ao financiamento da “Opera Tosca de Puccini” que tivo lugar o día 22 de setembro do 2019 na sede do Teatro Afundación de Vigo.*
- *Aprobar o texto da proposta de subvención á “Asociación de Amigos de la Ópera” pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) Ley 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial.*
- *Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- *Xustificar perante a Deputación as actuacións as que se refire prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.*
- *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- *Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*
- *Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.*

#### QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

*A Deputación de Pontevedra comprométese a:*

- *Financiar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de DEZ MIL EUROS euros (10.000,00 €), IVE incluído, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.*

#### SEXTO.- PUBLICIDADE

*A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.*

*Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de*



## Concello de Vigo

*transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

### SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES

*Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.*

*Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.*

### OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

*Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.*

*Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:*

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.*
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

*A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.*

### NOVENO.- VIXENCIA

*O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2019.*

#### DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución:*

*1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*

*2º.- O acordo unánime dos asinantes.*

*3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

*Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.*

*4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

*5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

*6º.- Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio.*

#### UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.

*O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;*

*Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.*

#### **25(905).- RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN "ABRIR VIGO AO MAR", ASINADO POLO CONCELLO DE VIGO, A ENTÓN XUNTA DE OBRAS DO PORTO E RÍA DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, O 2 DE NOVEMBRO DE 1992. EXPTE. 6106/440.**

Dáse conta do informe-proposta de data 8/10/19, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:



**Concello de Vigo**

## **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** Con datas de 2 e 8 de maio de 2019 tiveron entrada nesta Administración municipal senllos escritos do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, no que se insta a esta Administración municipal recoñecer a súa obriga de facerse cargo da totalidade do mantemento integral da zona abarcada polo Convenio "Abrir Vigo al Mar" sen restricción algunha, nun estado adecuado para o seu uso, e se require ao Concello de Vigo para que *«Dado el lastimoso estado en el que se encuentra el paseo de las Avenidas, concretamente en el tramo del paseo en madera que transcurre desde el Náutico hasta la zona dañada por el accidente de O Marisquiño, y dado que próximamente se celebrarán los eventos de Vigo Seafest y de nuevo O Marisquiño»* proceda á reparación de toda esa zona debendo comenzar as obras no prazo dun mes, coa advertencia de que noutro caso recorrerán ás vías xudiciais oportunas para solucionar este conflito.

**SEGUNDO.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de maio de 2019 acordou: **(i)** rexeitar a interpretación que a Autoridade Portuaria de Vigo fai da obriga asumida polo Concello de Vigo, no convenio de colaboración, de 2 de novembro de 1992, coñecido como "Abrir Vigo ao Mar", conforme a cal é *«obligación de ese Concello de hacerse cargo de la totalidad del mantenimiento integral de la zona abarcada por el Convenio "Abrir Vigo al Mar" sin restricción alguna, en el sentido que indica la nota de la Abogacía del Estado en Pontevedra»*; **(ii)** contestar á Autoridade Portuaria de Vigo, en resposta ao seu requirimento de aceptación da anterior interpretación, que esta Administración municipal considera que os termos do Convenio son claros e debe estarse ao sentido literal das súas cláusulas, conforme ás cales o Concello de Vigo, no Convenio "Abrir Vigo ao Mar" asumiu a obriga de emendar os menoscabos que se produzan, no tempo, nas obras realizadas en execución do Convenio, polo natural uso das mesmas; uso das obras que no Convenio, e nas zonas a que os escritos da Autoridade Portuaria de Vigo se refire, se prevía de tránsito peonil e que, en ningún caso, pode entenderse que, a virtude do Convenio, o Concello de Vigo asumiu a obriga de vixiar, manter e conservar ademais das superficies urbanizadas e elementos instalados como resultado das obras realizadas en execución do Convenio, e destinadas ao tránsito peonil, as estruturas dos molles que soportan estas obras do Convenio (...); **(iii)** rexeitar, daquela, os requirimentos de execución de obras dirixidos pola Autoridade Portuaria de Vigo a esta Administración municipal, nos escritos referidos nos antecedentes deste acordo, e reconvir a Autoridade Portuaria de Vigo e requirila para que, no prazo do mes considerado pertinente por esta, proceda a realizar as obras cuxa execución indebidamente reclama do Concello de Vigo, excepción feita das obras de mantemento e conservación na Praza da Estrela pendentes de executar polo Concello de Vigo, a que se refire o informe técnico transcrito nos antecedentes do presente acordo; **(iv)** advertir a Autoridade Portuaria de Vigo, que en aplicación do artigo 51.2.c) LRXS, no caso incumprimento do anterior requirimento o Concello de Vigo notificará ás partes asinantes do Convenio a concorrencia de causa de resolución e se entenderá resolto o Convenio; e **(v)** solicitar da Autoridade Portuaria o sinalamento de data, hora e lugar para a reanudación das reunións iniciadas coas partes asinantes do convenio "Abrir Vigo ao Mar" e os posteriores asinados en desenvolvemento deste, para proceder á adaptación destes ás prescricións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO.-** Os antecedentes de feito e consideracións de carácter técnico e de dereito que fundamentaron a anterior resolución municipal, que figuran no texto do dito acordo e de seguido se transcriben como fundamento do requirimento de anulación a dirixir á Autoridade Portuaria e da declaración de resolución do convenio, que se contén na proposta de acordo, son os que seguen:

«III.- A Avogacía do Estado, no informe arriba referido, en relación co alcance da obriga de mantemento, asumida polo Concello de Vigo ao amparo do Convenio "Abrir Vigo al mar", conclúe que:

*«el convenio "Abrir Vigo al mar" impone al Ayuntamiento de Vigo la nítida obligación de "mantenimiento de toda la urbanización en perfecto estado de conservación". Y tal obligación no es excepcionada ni matizada en parte alguna del documento por razón de la situación, características o funcionalidad de los elementos que la integran. Tampoco se hace matiz alguno en dicha obligación por las causas que exigiesen tal mantenimiento, no excluyendo, pues, de su alcance las actuaciones necesarias para subsanar deterioros de determinado origen».*

A Avogacía do Estado chega á dita conclusión acudindo, para a interpretación do convenio, ás regras de interpretación dos contratos do Código Civil, sinaladamente ao artigo 1281 «Si los términos de un contrato son claros y no dejan duda sobre la intención de los contratantes, se estará al sentido literal de sus cláusulas» e que só «Si las palabras parecieren contrarias a la intención evidente de los contratantes, prevalecerá ésta sobre aquéllas»; e ao artigo 1289, de acordo co cal «Cuando absolutamente fuere imposible resolver las dudas por las reglas establecidas en los artículos precedentes, si aquéllas recaen sobre circunstancias accidentales del contrato, y éste fuere (...) oneroso, la duda se resolverá en favor de la mayor reciprocidad de intereses».

IV.- Dado traslado dos ditos escritos ao enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos, por este, con data 23 de maio de 2019, emitiu o informe que segue:

*«INFORME: SOBRE O ESCRITO DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO DE 2 DE MAIO EN RELACIÓN CO ESTADO DO PASEO DAS AVENIDAS NO MARCO DO CONVENIO "ABRIR VIGO AL MAR"».*

#### **ANTECEDENTES.**

*1. A Autoridade Portuaria de Vigo remitiu o pasado 2 de maio de 2019 escrito comunicando o mal estado do paseo de As Avenidas e as deficiencias observadas na Praza da Estrela, ámbitos do convenio "Abrir Vigo al Mar" e instando ao Concello á súa reparación e conservación, en base as obrigas de mantemento que tería asumido a Administración Municipal sobre estes terreos.*

*2. En data 8 de maio de 2019 a Autoridade Portuaria de Vigo presenta novo escrito, onde insta a reparación da zona do paseo das Avenidas, e solicita contestación no sentido de aceptación da obrigación do Concello de facerse cargo do mantemento integral da zona abarcada polo Convenio "Abrir Vigo al Mar", como se refire o informe da Abogacía do Estado en Pontevedra solicitado pola propia Autoridade Portuaria sobre a interpretación do convenio "Abrir Vigo al Mar", anexado ao escrito.*

*3. Remitidos os ditos escritos para informe a este enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos, emítese o seguinte*



**Concello de Vigo**

## **INFORME**

### **1. TITULARIDADE E USO DO PASEO DAS AVENIDAS.**

*Todo o entorno a que se refiren os ditos escritos é de titularidade da Autoridade Portuaria de Vigo. A orden FOM 822/2015, 13 de abril de 2015, aprobou a delimitación de espazos e usos portuarios do Porto de Vigo, incluía o molle co entarimado de madeira nunha zona reservada para uso portuario náutico deportivo, mentres que o resto da zona contigua das Avenidas, con lousa de granito, e zonas verdes adícase a uso vinculado á interacción cidade – porto.*

*Delimitación de usos portuarios na zoa das Avenidas (Orde FOM 822/2015)  
En línea discontinua vermella ámbito titularidade da Autoridade Portuaria. En trama cor verde: uso náutico deportivo. En trama cor amarelo: uso interacción porto – cidade.*

*A dita Orde FOM 822/2015 foi anulada, por motivos formais, por Sentencia da Audiencia Nacional de data 4 de decembro de 2017, confirmada polo Tribunal Supremo en xaneiro de 2019, pero os devanditos usos son os efectivamente implantados nos ditos ámbitos.*

### **2. O CONVENIO “ABRIR VIGO AO MAR”**

#### **2.1. Análise documentación convenios Concello - Autoridade Portuaria - Consorcio Zona Franca.**

*O Concello de Vigo, a Autoridade Portuaria e o Consorcio da Zona Franca colaboraron na posta en marcha de diversas actuacións de urbanización da contorna portuaria, formalizando esta colaboración a través de diversos convenios. Principalmente os relacionados co ámbito do presente informe:*

*Con data 2.11.1992 asinouse entre o Concello de Vigo, a Autoridade Portuaria e o Consorcio da Zona Franca un convenio de colaboración co obxecto de resolver os problemas urbanísticos do borde marítimo da cidade, comprendido na zona de servizo do Porto de Vigo, mediante unha actuación en tres vertentes: ampliación dos xardíns e ocio da zona; reordenación do tráfico rodado; e creación dun centro comercial especializado en actividades de ocio.*

*O Consorcio Zona Franca obrigouse a contratar e pagar as obras, nos termos que no convenio se consignan, e a elaborar un plan urbanístico especial que sería dirixido e asumido pola Xunta do Porto de Vigo e aprobado polo Concello de Vigo; este, pola súa parte, obrigouse ao «Mantenimiento de toda la actuación en perfecto estado de conservación, bien con sus propios medios o bien con la oportuna contratación de obras y servicios.*

*El Ayuntamiento se compromete al pago del alumbrado público y del agua consumida en la fuentes p instalaciones de la zona, así como el mantenimiento de los jardines mobiliario urbano, limpieza, asfaltado, conservación de túneles, vigilancia, etc».*

*Por último o Porto de Vigo obrigouse á supervisión técnica obras e ao pago ao Consorcio da Zona Franca de Vigo das cantidades que no convenio se estipulan.*

*O prazo pactado para a vixencia do convenio é de 50 anos, ata 2042*

*Con data de 14 de maio de 2003 o alcalde-presidente do Concello de Vigo e Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo asinaron un convenio, en relación ás diferentes actuacións exectuadas ao amparo de diversos convenios referidos á contorna portuaria e, entre estas, no apartado 3.3.a) do dito convenio, contéplase a entrega ao Concello de Vigo das obras e das urbanizacións resultantes, incluídas na actuación «Abrir Vigo ao Mar», que no convenio se especifican: xardíns e paseos de Montero Ríos; paseo do porto deportivo; xardíns e praza da Estrela; e urbanización da rúa Cánovas del Castillo.*

*Na letra b, do dito apartado 3.3. faise constar que «O Concello asume o mantemento de ditos espazos cedidos de acordo co convenio establecido asumindo os gastos necesarios para o normal funcionamento dos mesmos».*

*Da documentación dos convenios se conclúe que o ámbito das obrigas de mantemento e conservación que asume o Concello de Vigo se limitan ás obras e urbanizacións resultantes levadas a cabo en execución do convenio de colaboración «Abrir Vigo al Mar», obxecto dos proxectos construtivos que conforman as actuacións a que se refire o dito convenio.*

## **2.2. Obrigas do Concello sobre a estrutura de formigón do molle deportivo.**

*Consta diversa documentación gráfica que certifica a existencia da estrutura de formigón do molle deportivo colapsado xa a finais dos anos 80.*

*O proxecto de execución de ordenación do borde marítimo de Vigo (“Abrir Vigo ao Mar”), de data xaneiro do 1995, que recolle as actuacións acordadas no convenio “Abrir Vigo ao Mar”, citadas anteriormente, contempla o entarimado de madeira do peirao do Porto Deportivo e prevé, respecto deste, o seguinte:*

*- No apartado 6 da memoria construtiva se inclúe textualmente «para el muelle del puerto deportivo se prevé entablado de madera de iroco sobre rastreles que permitirán la formación de plano horizontal sobre soporte existente, posibilitando la evacuación de las aguas de lluvia bajo el entablado hasta el mar».*

*- No plano nº 17 do mesmo proxecto se inclúe a denominada sección A estado actual na que se recolle o soporte ao que se facía mención anteriormente como existente, a cota +4,50 m, e se pode observar a presenza dun vehículo sobre dita estrutura.*

*- Nas seccións construtivas do proxecto, plano nº 130, tamén se recolle a estrutura de formigón como existente, tanto pias como lousa.*

*A vista do anterior cómpre indicar que a citada estrutura de formigón que se adentra e voa sobre lámina de auga e anterior temporalmente a calquera dos convenios firmados citados anteriormente. Tanto o proxecto de construción desa estrutura de formigón como a obra de execución do mesmo son descoñecidos e alleos a esta*





## Concello de Vigo

*Administración municipal. O Concello de Vigo non tivo ningunha información nin participou na construción. Tampouco adquiriu respecto desta estrutura ningún tipo de obriga de mantemento e conservación ou calquera outro tipo de responsabilidade coa firma dos convenios posteriores firmados, que se cinguiron a unhas actuacións concretas recollidas no proxecto Abrir Vigo ao Mar que, como se indicou nos parágrafos anteriores, non incluían a citada estrutura xa existente.*

### **2.3. Obrigas do Concello sobre o pavimento superficial de madeira e o pavimento de pedra.**

*O proxecto de execución de ordenación do borde marítimo de Vigo (“Abrir Vigo ao Mar”), de data xaneiro do 1995, que recolle as actuacións convenidas é, segundo vai dito, o que da orixe ao entarimado de madeira do molle do Porto Deportivo e o paseo de granito interior a este.*

*Como tamén se dixo anteriormente, o Concello ten a obriga de “Mantenimiento de toda la actuación en perfecto estado de conservación, bien con sus propios medios o bien con la oportuna contratación de obras y servicios.*

*El Ayuntamiento se compromete al pago del alumbrado público y del agua consumida en la fuentes p instalaciones de la zona, así como el mantenimiento de los jardines mobiliario urbano, limpieza, asfaltado, conservación de túneles, vigilancia, etc”.*

*Para acoutar o alcance dos traballos de conservación e mantemento que debe asumir o Concello, débese acudir á definición que aparece para estes traballos na LCSP 9/2017, no artigo 232 e no TRLCSP 3/2011 no art. 122 onde se clasifican os distintos tipos de obras, segundo o seu obxecto e natureza, distinguindo as seguintes:*

- *Obras de primer establecimiento, reforma, restauración, rehabilitación o gran reparación.*
- *Obras de reparación simple.*
- *Obras de conservación y mantenimiento.*
- *Obras de demolición.*

*A ditas categorías de obras defínense do seguinte modo:*

*Art. 122.3: El concepto general de reforma abarca el conjunto de obras de ampliación, mejora, modernización, adaptación, adecuación o refuerzo de un bien inmueble ya existente.*

*Art. 122.4: Se consideran como obras de reparación las necesarias para enmendar un menoscabo producido en un bien inmueble por causas fortuitas o accidentales...*

*Art. 122.5: Si el menoscabo se produce en el tiempo por el natural uso del bien, las obras necesarias para su enmienda tendrán el carácter de conservación. Las obras de mantenimiento tendrán el mismo carácter que las de conservación.*

*Por tanto, o Concello terá que asumir exclusivamente os deterioros que se produzan no pavimento de madeira —que non ten natureza estrutural— e no paseo peonil de*

*pedra, polo natural uso do ben ao longo do tempo. Pero se os deterioros se producen por defectos de deseño ou de execución (labores estas nas que non participou o Concello), ou debido ao uso do entarimado ou do paseo de pedra en condicións distintas ás previstas, isto é, distintas ao seu uso normal (emprego para tráfico rodado por exemplo), as actuacións necesarias para a súa reposición, en canto que non son debidas ao uso normal ao longo do tempo, serían obras de reforma (mellora ou adecuación do paseo), de reparación ou gran reparación, se de elementos estruturais se trata, que quedarían todas fóra das obrigas municipais.*

*O uso en condicións distintas ao normal previsto está a suceder tanto no muelle con entarimado de madeira de As Avenidas como no paseo de pedra, previstos como de uso peonil no proxecto construtivo de “Abrir Vigo ao Mar” —proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga, se desvía polo vial de Montero Rios—, pero que se ven empregando, segundo se ten constatado, tamén para o tráfico rodado, e incluso para tráfico pesado de mercancías portuarias, o cal provoca a rotura do pavimento, ao someter este a cargas para as que non está deseñado.*

*A Autoridade Portuaria indica no seu escrito dirixido a Abogacía do Estado que se respetaron as vías de tren nese ámbito para permitir o paso de convoyes pesados por este medio de transporte. Ademais indica que o proxecto do paso inferior está calculado para que a súa lousa superior soporte o peso de vehículos pesados e trens, indicando tamén que o clausulado do título da concesión dese paso inferior indica que a lousa debe soportar o tráfico de vehículos pesados. Ao respecto desta afirmacións indicar que nada ten que ver o dimensionamento da lousa de formigón do paso inferior, que é un elemento estrutural do túnel (e como moito un elemento da base do firme), coa tipoloxía da capa superficial formada por pavimento de pezas de pedra e entarimado de madeira, dimensionada para tráfico peonil, como se recolle nos planos 9 e 37 do proxecto básico da actuación, do ano 1994; proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga, se desvía polo vial de Montero Rios, proxectando tráfico peonil polo paseo de pedra e o entarimado de madeira.*

*En canto ao feito de que se conserve o paso de trens sobre raís sobre o paseo, tal feito non supón que o pavimento de pedra que o rodea —calculado para soportar un uso peonil— permita o tráfico pesado, xa que estruturalmente a transmisión de cargas dos convoyes do tren se produce a través dos raís sobre a base de formigón e non sobre o pavimento de pedra que o rodea e é, daquela, independente da capacidade portante do pavimento superficial de pedra que rodea aos carrís, como ocorre co balasto e as travesas e raís nas vías convencionais.*

*Destacar asemade que no seu escrito de data 8 de maio, a Autoridade Portuaria insta ao Concello a reparación do ámbito, término que se recolle na LCSP 9/2017 no artigo 232. Clasificación de las obras, no seu apartado 4, “Se consideran como obras de reparación las necesarias para enmendar un menoscabo producido en un bien inmueble por causas fortuitas o accidentales. Cuando afecten fundamentalmente a la estructura resistente tendrán la calificación de gran reparación y, en caso contrario, de reparación simple”, por lo que cabe indicar que o obxecto e a natureza das obras solicitadas pola Autoridade Portuaria no último escrito presentado, nada ten que ver coas obrigacións de mantemento por parte do Concello derivadas da subscripción dos citados convenios.*



#### **2.4. Praza da Estrela.**

*O estado de conservación da Praza da Estrela é en xeral bo, a excepción de algúns puntos que se solucionaría con actuacións puntuais de levantamento da zona afectada, reposición da base e do pavimento; actuacións que poderían considerarse comprendidas dentro das obriga municipais de mantemento e conservación da praza.*

### **3. CONCLUSIÓNS.**

*A partir da análise anterior, conclúese sobre o ámbito e as obrigas neste:*

- A titularidade de todo o entorno é da Autoridade Portuaria.*
- O molle deportivo colapsado é un pantalán executado nos anos 80, alleo ao Concello tanto o proxecto como a execución deste, sobre o que esta Administración non ten ningún tipo de obriga.*
- O proxecto “Abrir Vigo al Mar” diseña e dimensiona, nos anos 90, as superficies dos ámbitos do peirao deportivo colapsado e do paseo contiguo como espazos peonís, prevendo como superficie do peirao deportivo colapsado un entarimado de madeira e para o paseo contiguo un enlousado de granito, calculado para soportar o tránsito de peóns. A circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga se desvía por Montero Rios.*
- As obrigas de mantemento e conservación que asume o Concello de Vigo como consecuencia do convenio “Abrir Vigo ao Mar” se limitan, na opinión deste enxeñeiro municipal de camiños, canais e portos, ás obras e urbanizacións resultantes levadas a cabo en execución do dito convenio; obras e urbanizacións que son obxecto dos proxectos construtivos que conforman as actuacións a que se refire o dito convenio e nas que non se inclúe a execución do pantalán colapsado, que xa existía.*
- O Concello de Vigo ten a obriga de mantemento e conservación dos pavimentos de madeira e de pedra executados coas obras de “Abrir Vigo al Mar”, pero esta obriga de mantemento se limita á emenda dos menoscabos que se produzan neles no tempo, polo natural uso do ben, é dicir, polo tránsito exclusivamente peonil sobre o pavimento, pero non por usos distintos aos previstos no deseño, excluído do alcance das obrigas de conservación e mantemento que define a LCSP.*

*Queda constatado que unha vez realizadas as obras obxecto do convenio “Abrir Vigo al Mar” foron empregados estes pavimentos de madeira e pedra para usos non previstos como a circulación rodada e de vehículos pesados sobre eles. O deterioro destes ámbitos se debe a este tráfico rodado e pesado non previsto no proxecto.*

*As causas dos danos que presenta o ámbito actualmente son principalmente o emprego dos paseos para usos distintos aos previstos no deseño (emprego para o tráfico de mercancías portuarias pesadas), que provocan a rotura do pavimento, ao someter ao paquete de firmes a cargas para as que non está deseñada. A reparación deste danos require de actuacións definidas na Lei de Contratos como “obras de reforma” (mejora, modernización, adaptación, adecuación o refuerzo de un*

*bien inmueble ya existente), fóra do alcance das obrigas de “conservación e mantemento” do Concello (según se analiza no apdo 3.2 do informe).*

*Por tanto, enténdese que non é responsabilidade do Concello a reforma do firme de granito necesaria para soportar as cargas que pretende a Autoridade Portuaria.*

*O Concello de Vigo non adquiriu ningún tipo de obriga de execución de obras de reparación en ningún dos ámbitos dos convenios do contorno portuario, como solicita a Autoridade Portuaria no seu último escrito».*

### **CONSIDERACIÓN DE DEREITO**

**Primeira.-** Salvo no que se refire ao requirimento de adaptación do convenio á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e ás obras de mantemento e conservación da superficie da Praza da Estrela, a que se refire o informe técnico antes transcrito, procede rexeitar no demais, polo exposto no dito informe técnico e polas razóns que de seguido se expoñen, tanto a interpretación que do convenio realiza a Autoridade Portuaria, no que ás obrigas municipais se refire, como o requirimento de execución de obras que a Autoridade Portuaria dirixe a esta Administración municipal.

**Segunda.-** A aplicación ao convenio que nos ocupa, para a súa interpretación, dos preceptos dos artigos 1.281 a 1.289 do Código Civil, sobre a interpretación dos contratos, en modo algún conduce a conclusión que defende a Avogacía do Estado.

O convenio, no que ás obrigas que deste derivan para o Concello de Vigo, dispón:

*«VI) El Ayuntamiento se compromete, durante los cincuenta años de vigencia de este convenio, al mantenimiento de toda la actuación en perfecto estado de conservación, bien con sus propios medios o bien con la oportuna contratación de obras y servicios.*

*El Ayuntamiento de Vigo se compromete al pago del alumbrado público y del agua consumida en las fuentes o instalaciones de esta zona, así como al mantenimiento de los jardines, mobiliario urbano, limpieza, asfaltado, conservación de túneles, vigilancia etc.».*

O primeiro parágrafo desta cláusula establece con carácter xeral a obriga que o Concello de Vigo asume no convenio: «el mantenimiento de toda la actuación»; o segundo parágrafo especifica e pormenoriza, sen carácter taxativo, as concretas obrigas nas que se traduce a obriga xeral de mantemento da actuación e inclúe expresamente obrigas que non son de mantemento e conservación, como son as de sufragar os custes de auga e luz das fontes e instalacións desa zona.

O segundo parágrafo da cláusula transcrita non presenta problema interpretativo algún. É a interpretación do primeiro parágrafo, isto é, o alcance da obriga municipal de «mantenimiento de toda la actuación» a que suscita a discrepancia interpretativa: a Autoridade Portuaria e a Avogacía do Estado entenden que o Concello de Vigo asumiu no convenio a obriga de facerse cargo da totalidade do mantemento integral da zona abarcada polo convenio “Abrir Vigo ao Mar”, sen restrición algunha; o Concello, pola contra, entende que a súa obriga limitase ao mantemento e



**Concello de Vigo**

conservación das obras realizadas en execución do convenio, no ámbito a que se refire este.

Os artigos que cita a Avogacía do Estado, particularmente o 1.281 e 1.289 do Código Civil, lonxe de apoiar á interpretación que defende esta, conducen, como a continuación xustificamos, á interpretación que sostén o Concello de Vigo.

**Terceira.-** A expresión “mantemento” ou “obras de mantemento” tiña, no momento da sinatura do convenio —e segue a ter na actual lexislación da contratación pública— un significado preciso para a Administración do Estado e para as persoas xurídicas públicas dependentes desta. Así o Regulamento Xeral de Contratación do Estado, aprobado por Decreto 3410/1975, 25 de novembro, en vigor no momento da sinatura do Convenio, distinguía no seu artigo 57 entre obras de primeiro establecemento, reforma e grande reparación; obras de reparacións menores; e obras de conservación e mantemento. Así, dispoñía o dito artigo 57 RXCE, de 1975 que:

*«A los efectos de elaboración de los correspondientes proyectos, se clasifican las obras, según su objeto y naturaleza, en los grupos siguientes:*

- a) Obras de primer establecimiento, reforma o gran reparación.*
- b) Obras de reparaciones menores.*
- c) Obras de conservación y mantenimiento.*

*Son obras de primer establecimiento las que dan lugar a la creación de un bien inmueble.*

*El concepto general de reforma abarca el conjunto de obras de ampliación, mejora, modernización, adaptación, adecuación o refuerzo de un bien inmueble ya existente.*

*Se consideran como obras de reparación las necesarias para enmendar un menoscabo producido en un bien inmueble por causas fortuitas o accidentales. Cuando afecten fundamentalmente a la estructura resistente, tendrán la calificación de gran reparación, y en caso contrario, de reparación menor.*

*Si el menoscabo se produce en el tiempo, por el natural uso del bien, las obras necesarias para su enmienda tendrán el carácter de conservación. Las obras de mantenimiento tendrán el mismo carácter que las de conservación».*

Esta mesma clasificación das obras mantívose nas leis posteriores reguladoras da contratación pública e mantense na vixente.

O concepto de obra de mantemento era, e segue a ser, daquela, un concepto preciso para as Administracións asinantes do convenio e ningunha razón hai para suscitar discrepancia interpretativa algunha sobre o seu concepto: a administración local asumiu a obriga de mantemento e conservación da actuación sen outras restricións que as que se derivan do propio concepto de obras de mantemento e conservación na lexislación de contratos do Estado; isto é, asumiu a obriga de emendar os menoscabos que se produzan nas obras realizadas, no tempo, polo natural uso do ben; non asumiu abriga algunha de realizar obras que excedan do dito concepto.

**Cuarta.-** Tampouco cabe aceptar a identificación que, a efectos interpretativos da cláusula de referencia, realiza a Abogacía do Estado, entre actuación e ámbito da actuación e non só porque son conceptos diferentes, senón, tamén, porque é principio da interpretación dos negocios xurídicos a necesidade de rexeitar as interpretacións que conduzan ao absurdo, e tal identificación e interpretación conduciría, como logo veremos, a un absurdo.

Define a R.A.E. o concepto de actuación como «Acción e efecto de actuar» e é neste mesmo sentido no que o convenio utiliza este concepto cando di, no parágrafo terceiro, *in fine*, da súa introdución que:

*«Con el fin de resolver estos problemas (urbanísticos do bordo marítimo), las tres instituciones públicas firmantes de este convenio han decidido unir sus esfuerzos con un objetivo común. **La actuación a desarrollar tiene tres vertientes:***

*La primera consiste en ampliar la parte de jardines y ocio de la zona.*

*La segunda, es reordenar el tráfico rodado, lo que redundará en una mejora de las comunicaciones terrestres del puerto.*

*La tercera, crear un centro comercial especializado en actividades de ocio, para que actúe de imán y atraiga a los ciudadanos hacia esta zona. Esto evitará que, como sucedió en otras ciudades, una zona de gran parque se degrade y se convierta en el refugio de los marginados sociales».*

As actuacións —ou actuación, en xeral— cuxo mantemento e conservación asume o Concello de Vigo a virtude do convenio, prodúcense e realízanse nun ámbito territorial, pero non son —as actuacións— nin poden identificarse co ámbito territorial no que se producen: a actuación ou actuacións obxecto do convenio son as obras executadas en cumprimento do convenio “Abrir Vigo ao Mar” e as urbanizacións resultantes destas, que son as que se reciben polo Concello de Vigo no convenio asinado por este e o Consorcio da Zona Franca de Vigo o 14 de marzo de 2003, a que se refire o informe técnico arriba transcrito; as actuacións obxecto do convenio non as superficies portuarias en cuxo ámbito se realizan as obras.

Identificar a obra e os seu resultado co ámbito da actuación no que se realizan estas e referir a este ámbito a obriga de mantemento e conservación conduce ao absurdo de entender que o mantemento e conservación de todos os molles que soportan actuacións do convenio —esto é, as obras executadas en virtude deste— corresponde ao Concello de Vigo, que debería vixiar, manter e conservar non só as súas superficies, urbanizadas en execución do convenio e destinadas ao tránsito peonil, senón, tamén, vixiar, manter e conservar os seus elementos estruturais: os bloques do cantil, o extradós e o trasdós do cantil, a banquetta e cimentación do molle, o recheo de todo o peirao e, incluso, vixiar o calado dos cantís e realizar nas dársenas delimitadas por estes os dragados necesarios para manter os ditos calados.

Pero, é que, ademais, identificar a obra e os seu resultado co ámbito da actuación e referir a este último a obriga de mantemento conduce, tamén, ao absurdo de considerar ao Concello de Vigo responsable do mantemento e conservación de todas as edificacións portuarias sobre rasante existentes no molle de Trasatlánticos —



## Concello de Vigo

excepción feita das da metade oeste do peirao de Trasatlánticos, que está excluído do ámbito superficial delimitado, anexo ao convenio—; das do molle do Comercio; das situadas nas Avenidas; das da praza da Estrela e das aledañas ao molle da Fruta, pois a delimitación do ámbito do Porto de Vigo, anexa ao convenio, no que haberían de desenvolverse as actuacións do convenio —que comprende unha superficie moi superior á que soporta as obras realizadas en execución do convenio — figuran incluídas tales edificacións.

En definitiva, tal e como se afirma no informe técnico, arriba transcrito, a obriga municipal de mantemento e conservación da actuación alcanza á emenda dos menoscabos que se produzan nas obras executadas en virtude do convenio, no transcurso do tempo, polo natural uso do ben, non as que excedan deste límite nin as de conservación e mantemento das molles e estruturas portuarias que soportan as obras executadas en desenvolvemento do convenio.

Pero, en calquera caso, aínda que os termos do convenio non estiveran tan claros como de feito o están, sería de aplicación o artigo 1.283 do Código Civil e non o artigo 1289.

Dispón o artigo 1283 que:

*«Cualquiera que sea la generalidad de los términos de un contrato, no deberán entenderse comprendidos en él cosas distintas y casos diferentes de aquellos sobre que los interesados se propusieron contratar».*

Porque, de acordo co dito, e claro que non era propósito das partes asinantes do convenio que o Concello de Vigo asumira o mantemento e conservación — integral e sen restrición algunha— de todos os molles, infraestruturas e edificacións portuarias incluídas na delimitación do ámbito a que se refire o convenio, que figura anexa a este.

Improcedente é a invocación que fai a Avogacía do Estado do artigo 1.289 do Código Civil para apoiar a interpretación do convenio que defende.

Dispón este artigo que:

*«Cuando absolutamente fuere imposible resolver las dudas por las reglas establecidas en los artículos precedentes, si aquéllas recaen sobre circunstancias accidentales del contrato, y éste fuere gratuito, se resolverán en favor de la menor transmisión de derechos e intereses. Si el contrato fuere oneroso, la duda se resolverá en favor de la mayor reciprocidad de intereses.*

*Si las dudas de cuya resolución se trata en este artículo recayesen sobre el objeto principal del contrato, de suerte que no pueda venirse en conocimiento de cuál fue la intención o voluntad de los contratantes, el contrato será nulo».*

Resulta improcedente a súa invocación porque, en primeiro lugar, non existe, por todo o dito, ningunha dúbida que resolver respecto do alcance das obrigas asumidas no Convenio polo Concello de Vigo, pero é que se a dúbida interpretativa que plantexa a Autoridade Portuaria a Avogacía do Estado existira realmente, non sería esta unha dúbida que afecte a circunstancias accidentales do convenio —no que ao

Concello de Vigo se refire— que deba resolverse en favor da maior reciprocidade de intereses, senón que trataríase dunha dúbida afectante ao obxecto principal do Convenio en relación ao Concello de Vigo —o alcance da súa obriga— que debería resolverse declarando a súa nulidade. Pois, o obxecto do convenio son as obrigas que por el se constitúen e, no que ao Concello de Vigo se refire, a obriga que asume este é a de mantemento e conservación das obras executadas en razón do convenio. Esta obriga, e as que asumen as outras partes, xunto co consentimento e a causa do Convenio, constitúen os elementos esenciais deste, polo que a dúbida sobre o alcance da prestación obxecto da obriga municipal —se existise, que non é o caso— debería de resolverse declarando a nulidade do Convenio.

En fin, os intereses que pondera a Avogacía do Estado na resolución a favor da Autoridade Portuaria da dúbida interpretativa que esta lle presenta non son, nin moito menos, os que resultan do convenio: as actuacións do convenio reordenan, por razón dos seus problemas urbanísticos, unha zona portuaria, en perigo de degradación —cuxo mantemento e conservación correspondía á Autoridade Portuaria antes da sinatura do Convenio— e crean novos espazos portuarios susceptibles de concesión administrativa e, daquela, de xerar novos ingresos para a Autoridade Portuaria. As obras as realiza o Consorcio da Zona Franca que se retribúe cos ingresos xerados por estas novas concesións administrativas do Porto de Vigo ata cubrir o custe da inversión capitalizada ou ata a fin do prazo Convenio. O Concello de Vigo, en fin, libera ao Porto de Vigo do mantemento e conservación das obras realizadas en execución do convenio na medida en que estas benefician tamén a cidade.

Se algún desequilibrio económico prestacional se derivara da interpretación que aquí se defende —que non o hai— este o sería a favor do Concello de Vigo, que asume unha obriga sobre a urbanización resultante da execución do convenio, inexistente para a Administración municipal respecto da urbanización anterior a execución das obras do convenio, cuxo mantemento e conservación pesaba sobre a Autoridade Portuaria, non obstante estar aberta —en boa parte— tamén á cidade.

**Quinta.-** Precisamente, con relación á zona do paseo das Avenidas, con entarimado de madeira, que se atopa pechada aos peóns por motivos de seguridade, a interpretación municipal é a que está implícita no Oficio do Xulgado de Instrución número 3 de Vigo, de data 28 de novembro de 2018, que ante a falta de garantías de seguridade da zona adxacente, requiriu á Autoridade Portuaria, atendendo a condición de titular e competente en materia de dominio público estatal e no ámbito das Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 1682/2018, para que procedese a adoptar as medidas que estimase oportunas para garantir a seguridade na zona, procedendo se así o estimaba necesario ao seu derribo e nova construción.

**Sexta.-** Polo demais, cómpre subliñar tamén aquí, no que ao «*tramo del paseo en maderera que transcurre desde el Náutico hasta la zona dañada por el accidente de O Marisquiño*» se refire, que mediante Orde FOM/822, 13 de abril de 2015, aprobouse a delimitación de espazos e usos portuarios do Porto de Vigo, publicada no BOE de 6 de maio de 2015 (en adiante, DEUP)

Esta división de usos, segundo se di na Memoria da delimitación realizouse tras un exhaustivo estudo das necesidades portuarias coa finalidade de racionalizar a actividade portuaria e o exercicio das competencias estatales.





**Concello de Vigo**

Polo tanto, a división efectuada delimita de forma rigorosa os espazos destinados aos distintos usos sen que podan coexistir diversos usos nun mesmo espazo. En concreto:

*«Por lo que se refiere a la delimitación de la zona de Servicio, la DEUP establecerá unos límites de los bienes de dominio público necesarios para la actividad portuaria. Estos límites serán el resultado final de una reflexión sobre las superficies, terrenos y lámina de agua que resulten necesarios para ejercitar las competencias de explotación portuaria que la Ley atribuye a las Autoridades Portuarias, con una clara visión de futuro contemplando, si fuera necesario, la inclusión de zonas de reserva.»*

*Esto significa, en consecuencia, que la DEUP no es la fijación de una línea más o menos caprichosa del dominio público, sino el resultado final de un estudio y análisis de necesidades, demanda, tráfico y previsiones de optimización de la gestión portuaria, por lo que la Ley exige la justificación de la necesidad de las zonas y usos (art. 69.3 del RD Legislativo 2/2011).*

*Reflejo de una síntesis de la organización básica del Puerto, la asignación de usos a las diferentes zonas es la vía rigurosa para poder delimitar finalmente la zona de servicio, eliminando así inclusiones o ampliaciones caprichosas de la zona de servicio y tratando de racionalizar, en definitiva, la actividad portuaria y el ejercicio de las competencias estatales en el territorio de un municipio».*

En base a este estudo de necesidades, o tramo de madeira que transcurre dende o Náutico ata a zona danada polo accidente do Marisquiño se incluíu dentro do espazo destinado a uso náutico deportivo. Este uso se asigna a maior parte das instalacións actuais do porto deportivo, actualmente outorgadas en concesión ao Real Club náutico de Vigo.

Dito espazo se define na Memoria como:

*«Es el asignado a aquellos espacios que sirven para el desarrollo de prácticas náutico-deportivas o que están destinados al atraque, fondeo, estancia, avituallamiento, reparación y mantenimiento de embarcaciones de esta naturaleza. Incluye los muelles y pantalanés al servicio de esta actividad, así como las superficies terrestres dedicadas a la instalación de servicios de apoyo necesarios, incluidos los almacenes, talleres o astilleros de reparación y construcción de este tipo de embarcaciones, los locales para la venta o reparación de efectos navales o las instalaciones deportivas complementarias a las mismas.»*

*Al igual que el uso pesquero, estas actividades no pueden incluirse entre las comerciales, de conformidad con los artículos 3.3. b) del RD Legislativo 2/2011, pero también deben integrarse en la gestión de los puertos comerciales si están incluidos en su zona de servicio, según dispone el artículo 3.6. del citado RD Legislativo».*

O ámbito Das Avenidas, pola contra, se inclúe no ámbito da zona de uso vinculado á interacción Porto-cidade. Este uso se define na Memoria da Delimitación do xeito que segue:

*«De conformidad con el artículo 72.1 del RD Legislativo 2/2011, los terrenos destinados a estos usos deberán ser aquellos que no reúnan las características naturales de bienes de dominio público marítimo-terrestre definidos en el artículo 3 de la Ley 22/1998 de Costas y que, por causa de la evolución de las necesidades operativas de los tráficos portuarios, hayan quedado en desuso o hayan perdido su funcionalidad o idoneidad técnica para la actividad portuaria».*

Cómpre poñer de releve o recoñecemento por parte da Autoridade Portuaria de que os ámbitos que vimos de referir son totalmente independentes e teñen uns usos perfectamente diferenciados. Nótese a este respecto que o artigo 72 Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante regula entre os usos propiamente portuarios os “usos náuticos deportivos”, establecendo como un suposto excepcional o uso vinculado a interacción porto-cidade.

O feito de que a Autoridade Portuaria incluíra este tramo dentro do espazo destinado ao uso náutico-deportivo, delimitado no DEUP, que conleva uns usos portuarios específicos incompatibles cos propios do espazo destinado ao uso de interacción Porto Cidade (atraque, fondeo, estancia, avituallamiento, reparación e mantemento de embarcacións destinadas a e prácticas náutico-deportivas) revela o propósito da Autoridade Portuaria de excluir o dito espazo da aplicación do Convenio “Abrir Vigo al Mar”.

Porén, aínda admitindo que a obriga municipal de mantemento e conservación alcanzara a este ámbito, a obriga municipal se limitaría, tal e como se afirma no informe técnico que vai transcrito e se xustifica máis arriba, ás obras de mantemento e conservación do entarimado de madeira executado a virtude do convenio sobre o molle preexistente, e non á estrutura portante deste nin aos seus cimentos; obras de mantemento e conservación, que, polo seu propio concepto, haberían de limitarse a enmenda dos menoscabos producidos no tempo polo natural uso do ben —o peonil, previsto inicialmente no convenio para este entarimado— e non aos provocados por un uso diferente, como é a utilización do entarimado para labores de avituallamiento, reparación e mantemento de embarcacións destinadas a e prácticas náutico-deportivas, con utilización do entarimado para o acceso dos vehículos necesarios a tales fins.

Aínda que a dita Orde FOM 822/2015 foi anulada, por motivos formais, por Sentencia da Audiencia Nacional de data 4 de decembro de 2017 e confirmada polo Tribunal Supremo, en xaneiro de 2019, o certo é que os devanditos usos son os efectivamente implantados nos ditos ámbitos e tras a corrección dos defectos formais nos que incurriu a súa aprobación é dable esperar que a nova delimitación respecte as razón materiais que xustificaron a delimitación anulada e reproduza esta.

Con todo, e para finalizar este apartado, non podemos esquecer que, segundo noticias aparecidas na prensa da cidade, toda a estrutura do molle deportivo parcialmente colapsada atópase en moi mal estado, de xeito que o que procede actualmente é a súa reparación integral ou a substitución de todo o peirao, con previsible reposición, substitución ou recolocación do entarimado de madeira; obras totalmente alleas e distintas das de mantemento e conservación, de responsabilidade do Concello de Vigo



**Concello de Vigo**

**Sétima.-** Polo que se refire ao requirimento de reparación das lousas de granito do Paseo de Avenidas cómpre reproducir as consideracións realizadas polo enxefeiro municipal de camiños, canais e portos no informe transcrito nos antecedentes:

*«(...) o Concello terá que asumir exclusivamente os deterioros que se produzan no pavimento de madeira —que non ten natureza estrutural— e no paseo peonil de pedra, polo natural uso do ben ao longo do tempo. Pero se os deterioros se producen por defectos de deseño ou de execución (labores estas nas que non participou o Concello), ou debido ao uso do entarimado ou do paseo de pedra en condicións distintas ás previstas, isto é, distintas ao seu uso normal (emprego para tráfico rodados por exemplo), as actuacións necesarias para a súa reposición, en canto que non son debidas ao uso normal ao longo do tempo, serían obras de reforma (mellora ou adecuación do paseo), de reparación ou gran reparación, se de elementos estruturais se trata, que quedarían todas fóra das obrigas municipais.*

*O uso en condicións distintas ao normal previsto está a suceder tanto no muelle con entarimado de madeira de As Avenidas como no paseo de pedra, previstos como de uso peonil no proxecto construtivo de “Abrir Vigo ao Mar” —proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga, se desvía polo vial de Montero Rios—, pero que se ven empregando, segundo se ten constatado, tamén para o tráfico rodado, e incluso para tráfico pesado de mercancías portuarias, o cal provoca a rotura do pavimento, ao someter este a cargas para as que non está deseñado.*

*A Autoridade Portuaria indica no seu escrito dirixido a Abogacía do Estado que se respetaron as vías de tren nese ámbito para permitir o paso de convoyes pesados por este medio de transporte. Ademais indica que o proxecto do paso inferior está calculado para que a súa lousa superior soporte o peso de vehículos pesados e trens, indicando tamén que o clausulado do título da concesión dese paso inferior indica que a lousa debe soportar o tráfico de vehículos pesados. Ao respecto desta afirmacións indicar que nada ten que ver o dimensionamento da lousa de formigón do paso inferior, que é un elemento estrutural do túnel (e como moito un elemento da base do firme), coa tipoloxía da capa superficial formada por pavimento de pezas de pedra e entarimado de madeira, dimensionada para tráfico peonil, como se recolle nos planos 9 e 37 do proxecto básico da actuación, do ano 1994; proxecto no que a circulación rodada, tanto de vehículos lixeiros, autobús, vehículos para cargas e descarga, se desvía polo vial de Montero Rios, proxectando tráfico peonil polo paseo de pedra e o entarimado de madeira.*

*En canto ao feito de que se conserve o paso de trens sobre raís sobre o paseo, tal feito non supón que o pavimento de pedra que o rodea —calculado para soportar un uso peonil— permita o tráfico pesado, xa que estruturalmente a transmisión de cargas dos convoyes do tren se produce a través dos raís sobre a base de formigón e non sobre o pavimento de pedra que o rodea e é, daquela, independente da capacidade portante do pavimento superficial de pedra que rodea aos carrís, como ocorre co balasto e as travesas e raís nas vías convencionais.*

*Destacar asemade que no seu escrito de data 8 de maio, a Autoridade Portuaria insta ao Concello a reparación do ámbito, término que se recolle na LCSP 9/2017 no artigo 232. Clasificación de las obras, no seu apartado 4, “Se consideran como obras de reparación las necesarias para enmendar un menoscabo producido en un bien*

*inmueble por causas fortuitas o accidentales. Cuando afecten fundamentalmente a la estructura resistente tendrán la calificación de gran reparación y, en caso contrario, de reparación simple”, por lo que cabe indicar que o obxeto e a natureza das obras solicitadas pola Autoridade Portuaria no último escrito presentado, nada ten que ver coas obrigacións de mantemento por parte do Concello derivadas da subscripción dos citados convenios».*

As razóns que aduce o enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal para xustificar a oposición ao requirimento da Autoridade Portuaria ao Concello de Vigo para que proceda a reparación das lousas de granito do Paseo de Avenidas son —entendemos— plenamente fundadas e concordes con canto vimos de dicir. Soamente, cómpre engadir agora que a virtude do Convenio a Autoridade Portuaria de Vigo asumiu a obriga da **supervisión técnica das obras** obxecto do mesmo (apartado III, *in fine* do convenio) e que se a Autoridade Portuaria pretendía utilizar o paseo peonil das Avenidas para a circulación do transporte portuario non so a través do tren —cuxos raís transmiten directamente as toneladas de carga á lousa de formigon superior do túnel inferior, calculada a tal fin— senón, tamén, a través de camións de grande tonelaxe, como son os que, co seu tránsito, teñen provocado a penosa situación actual en que se atopa a parte inferior do Paseo das Avenidas —non da superior que ven sendo utilizada exclusivamente para o tránsito peonil e atópase en perfecto estado— o que tiña que ter feito a Autoridade Portuaria de Vigo, en cumprimento da súa obriga de supervisión técnica, era esixir o dimensionamento das lousas de pedra nesta parte do paseo adecuado a tonelaxe máxima que haberían de soportar estas.

Daquela, procede rexeitar tamén este requirimento da Autoridade Portuaria, pois as obras cuxa execución insta esta non son obras de mantemento e conservación, senón como di o enxeñeiro municipal de reparación ou de grande reparación se afectaran a elementos estruturais do recheo

Pero, é que tampouco procede reparar esta zona do paseo da Avenidas substituíndo as lousas rotas por outras iguais en perfecto estado. Se a Autoridade Portuaria pretende seguir facendo pasar camións de grande tonelaxe polo Paseo das Avenidas o que ten que facer e substituír o pavimento e colocar outro —o que considere oportuno— adecuado ás cargas que deberá soportar para permitir o paso dos transportes especiais portuarios, e esta obra nin tería o carácter de obra de mantemento e conservación, nin sería de responsabilidade do Concello de Vigo.

Corroborar isto último o feito de que, a mediados do ano 2017, esta zona do paseo atopábase no mesmo mal estado no que se atopa na actualidade e que a Autoridade Portuaria de Vigo procedeu a reparación desta, substituíndo as lousas rotas e afundidas por outras novas da mesmas dimensións. Como queira que a Autoridade Portuaria seguiu utilizando esta zona do paseo para o tránsito de vehículos de grande tonelaxe para transportes especiais portuarios, sen tomar en consideración a insuficiencia deste firme para soportalos, o paseo das Avenidas, nesta concreta zona, volve a atoparse no lamentable estado no que se atopaba dous anos atrás: o que procede —temos que volver a insistir— é substituír o pavimento desta zona do paseo e colocar outro —o que se considere oportuno— adecuado ás cargas que deberá soportar para permitir o paso dos transportes especiais portuarios. No diario La Voz de Galicia, de 27 de xuño de 2017, recóllese a noticia do inicio das devanditas obras



## Concello de Vigo

pola Autoridade Portuaria de Vigo así como fotografías do estado do paseo en xuño de 2017».

**CUARTO.-** A Autoridade Portuaria de Vigo interpuxo recurso contencioso-administrativo contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de maio de 2019, arriba transcrito, que se repartiu ao Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, dando lugar ao procedemento ordinario 211/2019; porén, a Autoridade Portuaria de Vigo no formulou a demanda no prazo concedido, o que determinou a declaración de caducidade do recurso e a terminación do procedemento, con arquivo das actuacións, por auto do Xulgado, de data 17 de setembro de 2019, polo que o devandito acto da Xunta de Goberno Local de 30 de maio de 2019, deveu firme e consentido para a Autoridade Portuaria de Vigo.

**QUINTO.-** Con data de 26 de setembro de 2019 a Autoridade Portuaria de Vigo, remite a esta Administración municipal resolución do seu presidente, de data 25 de setembro de 2019, no que a Autoridade Portuaria considera que o Concello de Vigo «ha vulnerado las obligaciones que le imponía dicho instrumento —o convenio de referencia— en lo concerniente, en particular, al mantenimiento del ámbito de actuación concernido por el mismo en perfectas condiciones de uso» e «Entendiendo que, ante la situación descrita, concurre el supuesto de hecho descrito por el artículo 51.2.c), de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, y de conformidad con lo previsto en el artículo 30.5.o), del Real Decreto Legislativo 2/2011, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Puertos y Marina Mercante, esta Presidencia, de acuerdo con lo anterior, adopta la siguiente RESOLUCIÓN:

Declarar la concurrencia de causa de resolución del convenio de colaboración suscrito el 2 de noviembre de 1992, entre la Autoridad Portuaria de Vigo, el Consorcio de la Zona Franca de Vigo y el Ayuntamiento de Vigo, denominado "Abrir Vigo al Mar", de conformidad con lo establecido en el artículo 51.2.c), de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público».

**SEXTO.-** De canto vai dito resulta que o Concello de Vigo non incumpriu ningunha das obrigas asumidas por este no convenio "Abrir Vigo ao mar"; antes ao contrario é a Autoridade Portuaria de Vigo a que non deu cumprimento ao requirimento municipal de cumprimento das obrigas asumidas por esta a virude do dito convenio, polo que procede rexeitar a declaración de resolución do convenio por incumplimento do mesmo imputable ao Concello de Vigo e declarar a resolución do convenio por incumplimento do mesmo imputable a Autoridade Portuaria de Vigo.

**SÉTIMO.-** A Autoridade Portuaria de Vigo é unha entidade estatal de dereito público (artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante), que, de conformidade co artigo 2.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ten a consideración de Administración Pública.

De acordo co artigo 44 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de la Xurisdicción Contencioso-administrativa: «En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cuando una Administración interponga recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada».

Cando se trata de litixios entre administracións públicas e estas actúan revestidas de poder público, non existe privilexio de autotutela nin ningunha outra potestade equivalente que permita a unha Administración impoñerse fronte a outra ao marxe dos Tribunais da orde contencioso-administrativa para recabar a tutela do interés pretendidamente vulnerado. A lexislación reguladora da actividade administrativa, tal e como sinala a Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de outubro de 2006 (rec. Núm. 55/2005), recollida noutras posteriores, aplícase cando se trata de resolver ou solventar unha disparidade de criterios entre administracións públicas e unha delas actúa na relación xurídica entablada como un particular e non como un poder público, porque cando as dúas administracións actúan revestidas de poder público é forzoso acudir ao réxime do artigo 44 da Lei da Xurisdicción.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**Primeiro.-** Rexeitar a declaración de resolución do convenio de colaboración, coñecido como “Abrir Vigo ao Mar”, asinado polo Concello de Vigo, a entón Xunta de Obras do Porto e Ría de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, con data 2 de novembro de 1992, declarada polo Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, por incumprimento, imputable ao Concello de Vigo das obrigas asumidas por este a virtude do convenio, e, daquela, requirir a Autoridade Portuaria de Vigo para que proceda a anulación da dita resolución.

**Segundo.-** Declarar, en aplicación do artigo 51.2.c) LRXSP a resolución do convenio de colaboración, coñecido como “Abrir Vigo ao Mar”, asinado polo Concello de Vigo, a entón Xunta de Obras do Porto e Ría de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, con data 2 de novembro de 1992, por incumprimento por parte da Autoridade Portuaria de Vigo, do requirimento municipal de execución, no prazo dun mes, das obras cuxa execución indebidamente reclamou do Concello de Vigo a Autoridade Portuaria de Vigo nos escritos referidos na parte expositiva do presente acordo, excepción feita das obras de mantemento e conservación na Praza da Estrela pendentes de executar polo Concello de Vigo, a que se refire o informe técnico transcrito nos antecedentes do presente acordo.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo a Autoridade Portuaria de Vigo e ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, con indicación de que a resolución do convenio de colaboración, “Abrir Vigo ao Mar”, declarada pola Xunta de Goberno Local no apartado anterior por incumprimento por parte da Autoridade Portuaria de Vigo, do requirimento municipal que no dito apartado se especifica, é definitivo en vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10.g LRJCA), no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a data da súa notificación, sen prexuízo da formulación do requirimento previo, previsto no artigo 44 LRJCA, e, no seu caso, de calquera outro recurso que consideren procedente.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(906).- MODIFICACIÓN DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DE USO MIXTO DA RÚA POLICARPO SANZ POR MOR DA EXECUCIÓN DO PROXECTO**



**Concello de Vigo**

## **DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA. EXPTE. 279/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 24/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a concelleira-delegada de Contratación, a titular de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RSCL)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto - legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 14 de agosto de 2006, acordou aprobar o expediente de contratación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da Cidade (expte. 72.151-210), os pregos e o anteproxecto de explotación e das obras precisas no que se integra o documento denominado “Análises Económico Financeiro”, así como dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación.

II.- A Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do lote 1 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro a favor da UTE Eloyamar – Tranvías, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006.

O contrato formalizouse o 13 de xuño de 2007 por un prezo de execución por contrata que ascende a 34.225.417,00 euros, correspondendo 15.494.542,23 euros ao aparcadoiro de Policarpo Sanz e cun prazo concesional de 50 anos desde a posta en servizo do aparcadoiro (cláusulas 2 e 3 do prego).

A Xunta de Goberno local na sesión do 31 de xaneiro de 2011 acordou a concesión da licenza de posta en funcionamento deste aparcadoiro para un total de 590 prazas.

**III.-** A Xunta de Goberno local, en sesión do 27 de decembro de 2007, acordou:

“1º.- Aprobar os axustes na traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz proposta pola UTE Eloymar-Tranvías en escrito de data 21 de novembro de 2007 consistentes en:

- A ampliación das beirarrúas nas zonas de ramplas 50 cm. a costa da beirarrúa oposta, mantendo a sección rodada.
- O desprazamento da saída rodada situada na rúa Pontevedra á beirarrúa oposta.

2º.- Condicionar esta aprobación a que non se modifique o ancho das ramplas de acceso e saída.”

**IV.-** A Xunta de Goberno local, en sesión de 28 de decembro de 2007, acordou aprobar definitivamente o cambio de traza do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz proposto pola UTE Eloymar-Tranvías, segundo os planos presentados e aprobar definitivamente a modificación do artigo 6.4 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que resultaría coa seguinte redacción:

“6.4.- Dado que o concurso se convoca para a construción e para a xestión (servizo público) de seis aparcadoiros e outro anexo un deles situados todos en diferentes zonas do núcleo urbano central da cidade, a realización das diferentes obras, ó obxecto de evitar problemas no tráfico, adecuarase á seguinte programación:

- En primeiro lugar executaranse os aparcadoiros localizados nas rúas Policarpo Sanz (Lote nº 1) e Genaro de la Fuente (Lote nº 2).
  - Ó obxecto de evitar obras continuas en lugares cercanos contiguos os aparcadoiros das Rúas Pintor Colmeiro (Lote nº 1) e Rosalía de Castro e anexo (Lote nº 2) construíranse ó mesmo tempo que os Proxectos de Urbanización deses ámbitos a executar polas respectivas Xuntas de Compensación. Nestes supostos os Proxectos de Construción deberán ter en conta e coordinarse co previsto nos Proxectos de Urbanización. Non obstante o exposto ó órgano de contratación, xustificadamente, en virtude dos informes que neste senso se emitan, poderá autorizar o comezo das obras mencionadas sempre e cando tales informes indiquen que as obras de urbanización dos ámbitos urbanísticos concluíranse antes ou ó mesmo tempo que as dos aparcadoiros citados.
  - Os aparcadoiros da rúa Areal (Lote nº 1) e da Avenida Castelao (Lote nº 2) construíranse, respectivamente, unha vez rematadas as obras dos aparcadoiros das rúas Policarpo Sanz (Lote nº 1) e Pintor Colmeiro (Lote nº 1) ou ben, cando ó xuízo do órgano de contratación, previo informe da Xefatura da Área de Tráfico e





## Concello de Vigo

Mobilidade, se considere que o estado e fase das obras dos últimos aparcadoiros citados non afectan á fluidez do tráfico rodado no seu contorno”.

**V.-** A Xunta de Goberno local, en sesión de 5 de maio de 2008, acordou aprobar os proxectos de construción dos aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro presentados pola UTE Eloyamar-Tranvías en datas 13/12/2007 e 10/01/2008 e redactados polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en datas 10/12/2007 e 08/01/2008, condicionando a aprobación ao cumprimento dunha serie de condicións.

**VI.-** A Xunta de Goberno local, en sesión do 15 de setembro de 2008, acordou aprobar a modificación do artigo 92.1 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que resultaría coa seguinte redacción:

*“92.1.- Al menos doce meses antes da posta en servizo do primeiro dos aparcadoiros obxecto do presente concurso, segundo a previsión que neste senso formule a Dirección Facultativa, o Concello de Vigo, a través de dous xornais dos de maior tirada no Municipio, no BOP e na súa páxina web dará publicidade da execución dos aparcadoiros, das condicións de adquisición do dereito de uso, e das datas a partires das cales se poden presentar as solicitudes”.*

**VII.-** A Xunta de Goberno local, en sesión de 21 de setembro de 2009, acordou aprobar definitivamente a modificación dos artigos 89, 90, 91 e 99 do prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006, que quedan coa seguinte redacción:

**“Artigo 89.- INFORMACIÓN ÓS CESIONARIOS**

*O Concesionario facilitará os titulares dos contratos de cesión de uso cumprida información das datas e prazos que teñan incidencia sobre tales contratos.*

**Artigo 90.- CESIÓN DAS PRAZAS DE RESIDENTES.**

*Sendo o obxecto primordial do Concello de Vigo o facilitar o aparcamento dos vehículos en diversas zonas da cidade é polo que:*

*1.- O concesionario estará na obriga de ceder ás persoas físicas e xurídicas que así o soliciten durante o prazo fixado na convocatoria, mediante contrato, o dereito de uso das prazas a tal fin previstas, nas condicións prezos e prazos que fixa o presente prego.*

*2.- O prezo definitivo de cesión de uso da praza de estacionamento será o fixado polo licitador na súa proposición actualizado mediante a aplicación do IPC para Galicia á data de formalización do contrato.*

*Artigo 91.- TITULARES DO DEREITO DE USO DA PRAZA.*

*1.- Terán dereito á adquisición do uso das prazas, as persoas físicas ou xurídicas que dispoñan dun vehículo susceptible de utilizar o aparcadoiro.*

*2.- Reservarase o 2% do número de prazas de estacionamento para os residentes con minusvalía no aparello locomotor ou minusválidos ó seu cargo, tamén terán preferencia na elección da praza de estacionamento.*

*Artigo 99.- TRANSMISIÓN DO DEREITO DE USO.*

*1.- O titular do dereito de uso que desexe transmitilo debe solicitalo ó Concello de Vigo. Este informará dita solicitude e dará traslado ó concesionario para que a xestione de conformidade co sinalado neste Prego.*

*2.- A transmisión voluntaria do dereito de uso só pode efectuarse:*

*a) Entre familiares.*

*Neste suposto, deberá acreditarse a relación de parentesco co transmitinte.*

*b) Entre non familiares:*

*Neste suposto a transmisión se efectuará a favor do primeiro da lista de espera, salvo no caso de transmisión de vivenda situada na área de influencia do aparcadoiro, caso no que se poderá transmitir a praza ó adquirente da vivenda, extremo que deberá acreditarse fehacientemente. No seu defecto, poderá transmitirse a calquera persoa que reúna os requisitos para poder optar ó dereito de uso dunha praza de aparcamento.*

*3.- A transmisión do dereito de uso das prazas de estacionamento é obrigatoria no supostos de finamento do titular. Se rexerá polas mesmas regras ca transmisión voluntaria.*

*4.- Os prezos máximos a esixir polos titulares do dereito de uso ó transmitilo serán fixados polo Concello de Vigo, segundo indica o Artigo 101 de este Prego.*

*5.- Os cambios de titularidade que se realicen sen a autorización do Concello de Vigo consideraranse nulos, constituíndo falta grave que será sancionada coa perda do dereito de uso.*

*6.- No caso de que non existise ningunha persoa que reúna as condicións indicadas, o titular deberá seguir facendo fronte ós compromisos económicos concertados coa empresa concesionaria e ós gastos que ocasione o mantemento do aparcadoiro, podendo seguir utilizando por si mesmo a praza, sen que este facultado para ceder ou arrendar a praza”.*

**VIII.-** A Xunta de Goberno local, en sesión do 31 de xaneiro de 2011, acordou:

“Aprobar as modificacións do proxecto do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz propostas pola UTE Eloymar-Tranvías, titular da concesión de construción e explotación do mesmo, en escritos de datas de 9 de abril e 13 de agosto de 2010, consistentes en:

- A reordenación dos colectores de recollida de lixo situándoos en superficie.
- O establecemento de prazas de aparcamento en superficie para motos.
- O aumento da sección viaria no cruce da rúa Alfonso XIII coa rúa García Barbón,



**Concello de Vigo**

deixando cinco carrís en vez de catro previstos no proxecto.

**IX.-** Con data do 22 de marzo de 2019 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, coa conformidade do concelleiro delegado de Fomento, solicitan a modificación do contrato de concesión do aparcadoiro de Policarpo Sanz.

**X.-** O 26 de abril de 2019 a xefa do Servizo de Transportes emite informe favorable en relación coa modificación proposta no escrito do 22 de marzo de 2019.

**XI.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 9 de maio de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do lote 1 do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da Cidade.*

*A modificación consiste nas seguintes afeccións ao aparcadoiro de Policarpo Sanz polas obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”:*

- A afección durante a execución das obras (período estimado de 4 meses), supón a perda de 13 prazas no soto -1.*
- A afección na situación definitiva tras as obras supón a perda de 7 prazas de estacionamento e un retranqueo no peche do cuarto de instalacións do soto -1.*

*2º.- Evacuar trámite de audiencia deste acordo á concesionaria, UTE Eloyamar-Tranvías, por prazo de dez días hábiles para que manifeste a súa conformidade coa modificación proposta e achegue os datos necesarios para cuantificala”*

**XII.-** Durante o trámite de audiencia, o 22 de maio de 2019, a UTE Eloyamar-Tranvías presenta alegacións mediante escrito non rexistro de entrada nº 190076052, mediante o cal “pon a disposición do Concello de Vigo a zona e prazas de parking afectadas pola execución do proxecto de Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, para os efectos de inicio e execución das obras ata a súa completa finalización” e solicita “obter do Concello de Vigo a debida compensación que restableza o desequilibrio económico provocado pola perda definitiva de 7 prazas no aparcadoiro de Policarpo Sanz polas obras” e “fixe o importe de dita compensación nunha indemnización de 25.000 euros, IVE incluído, así como a correspondente rebaixa do canon anual de prazas rotatorias, sen prexuízo doutros danos ou desequilibrios que dita obra e humanización poidan causar”.

**XIII.-** Con data do 9 de agosto de 2019 o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Municipal emite o seguinte informe:

**“ANTECEDENTES:**

*Vista a dilixencia de data 24/07/2019, do Xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario. Tendo en conta o escrito presentado con data de 22/05/2019, no cal despois de xustificar, o posible valor economico que representa a perda de 7 plazas de garaxe de forma definitiva, e a afeccion temporal de 4 meses, de 13 plazas asi como o retranqueo de un cuarto técnico.*

*No escrito presentado no apartado de solicita, indique que se lle efectue unha compensación de 25.000 €uros, IVA incluído aínda que non se especifica con claridad si e o total o por cada plaza, todo fai indicar que según se desprende da totalidade do escrito entendo que se propon ese importe por cada unha das plazas que se perden, así como a rebaixa do canon nas plazas rotatorias que non e posible a súa utilización, independente das obras de reaxuste necesarias, para a execución das obras propostas.*

### **INFORME:**

*Tendo en conta estes aspectos, entendo que as obras necesarias de reaxustes de cuartos técnicos deben de ser subsanados a cargo da propia adxudicataria das obras, xa que estarían implícitos na propia execución. No que respecta a o canon de rebaixa, das 13 plazas de anulación temporal, será de aplicación os actuais datos do propio canon.*

*E no que respeta a valoración proposta de 25.000 €/plaza, tendo en conta os actuais valores de aproveitamento do propio aparcadoiro, o valor a ter en conta sería o indicado nos seguintes paragrafos.:*

*Valor medio alquiler plaza 130 €/mes*

*ocupación posible 45%*

*finalización concesión 31/01/2061, polo que restan un total de 509 meses.*

*Con estos valores obtemos un rendimento de cada unha das plazas eliminada custo fixo a daata de hoxe de 29.776,50 € por cada plaza. O que representa un valor superior a o sinalado na solicitud.*

*Polo tanto o valor proposto polas plazas de aparcamento a amortizar e perfectamente asumible, xa que constatase que e o valor indicado na solícitude e inferior a o valor que representa o mercado na actualidade”.*

**XIV.-** O 13 de setembro de 2019 o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento emite informe no que indica “Á vista do manifestado no trámite de alegacións pola UTE Eloymar-Tranvías así como do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal cabe informar que na aplicación orzamentaria 1539.619.00.03 (DUSI Porta do Sol OT 4) existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte á autorización de gasto de 175.000 euros”.

**XV.-** O 18 de setembro de 2019 a técnica de Administración xeral emite informe sobre a modificación do aparcadoiro de Policarpo Sanz con motivo das obras da Porta do Sol no que se recollen as seguintes conclusións:

*“1º.- Modificar o lote 1 do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da Cidade. A modificación consiste nas seguintes afeccións ao aparcadoiro de Policarpo Sanz polas obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”:*

- A perda temporal de 13 prazas do soto -1 durante a execución das obras.*



## Concello de Vigo

- *A perda definitiva de 7 prazas do soto -1 e o retranqueo no peche do cuarto de instalacións.*

*Esta modificación representa aproximadamente un 0,53% do prezo de execución do contrato do lote 1 (34.225.417,00 euros).*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á perda definitiva de 7 prazas por importe de 175.000 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 1539.619.00.03 (DUSI Porta do Sol OT 4).*

*3º.- Minorar o canon anual das prazas rotatorias en 114,03 euros.*

*4º.- Formalizar por escrito esta modificación."*

Deste informe deuse audiencia o mesmo día ao concesionario.

**XV.** O 20 de setembro de 2019 D. Eloy García Alviriza, en representación de Eloymar, S.A. y Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A. Ley 18/1982, de 26 de mayo, presenta escrito no que mostra a súa conformidade cos termos do informe do 18 de setembro de 2019.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RSCL)

Agora ben, a potestade de modificación da Administración, sen prexuízo do marco normativo descrito, debe suxeitarse a estritos límites que acoutan as posibilidades de modificación dos contratos.

A normativa aplicable aos modificados dos contratos debe de ser a vixente no momento de celebración do contrato, no suposto que nos ocupa a LCAP (artigos 102 e 164), pero interpretada en coherencia coas Directivas e a xurisprudencia comunitaria, e sen esquecer

que o novo réxime das modificacións, aínda que non directamente aplicable, debe servir tamén como referencia (informe 8/2016, do 20 de abril, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón).

Neste senso, hai que ter en conta que con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, neste caso a modificación, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, do 15 de decembro e 380/10, do 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, que na súa reunión do 13.02.2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26.2.2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cínquese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedimentais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta por este Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Resulta igualmente de aplicación o prego de cláusulas técnicas e administrativas de data 14 de agosto de 2016, modificado nas datas 28 de decembro de 2007, 15 de setembro de 2008 e 21 de setembro de 2009.

-II-

### **Da modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións Públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos sinalados (artigo 59.1 TRLCAP e 114.1 TRRL, con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este contrato no artigo 30 do prego “por razóns de interese público debidamente xustificadas”. O artigo 60 tamén regula “modificacións futuras” prevendo que o *“Concello de Vigo poderá modificar libremente o réxime de circulación e de aparcadoiro nas inmediatecións do estacionamento sen que o concesionario teña dereito a reclamación algunha”*.

O órgano de contratación poderá introducir libremente as modificacións que considere conveniente, previa audiencia do contratista e sen prexuízo das responsabilidades e indemnizacións que resulten procedentes no seu caso (artigo 114.2 TRRL), sempre que estas obedezan a razóns de interese público e se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que non se formule oposición por parte do contratista.
2. Que a contía das modificacións, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20% do prezo primitivo do contrato, sendo este igual ou superior a 6.010.121,04 euros.

En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da CCAA respectiva (artigos 59.3 e 249.2 TRLCAP e 114.2 e 3 TRRL).

Establece o artigo 101 da TRLCAP que unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que



## Concello de Vigo

o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente. As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 54.

Nas modificacións dos contratos, aínda que foran sucesivas, que impliquen illada ou conxuntamente alteracións en contía igual ou superior ao 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, sempre que este sexa igual ou superior a 6.010.121,04 euros con exclusión do IVE, será preceptivo, ademais do informe ao que se refire o apartado 2 do artigo 59 e da fiscalización previa nos termos do apartado 2, letra g), do artigo 11, o informe de contido orzamentario da Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda.

A disposición adicional 9ª, apartado 4, da TRLCAP, establece para as entidades locais, que o importe de 6.010.121,04 euros se substituirá polo que corresponda co 20% dos seus recursos ordinarios, agás que o importe resultante sexa superior á citada contía (suposto no que se atopa o Concello de Vigo), suposto no que será esta de aplicación. A referencia á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda deberá entenderse feita á Comisión Especial de Contas nas Entidades locais en que existan.

Segundo o artigo 127 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: *“A Administración concedente ostentará, sen prexuízo das que procedan, as seguintes potestades (...): Ordenar discrecionalmente, como podería dispoñer se xestionase directamente o servizo, as modificacións no concedido que aconsellase o interese público e, entre outras: a) a variación na calidade, cantidade, tempo ou lugar das prestacións en que o servizo consista e b) a alteración das tarifas a cargo do público e na forma de retribución do concesionario”*, se ben a Corporación deberá, como sinala o apartado 2.2º *“manter o equilibrio financeiro na concesión...”*

Respecto dos requisitos específicos dos contratos de xestión de servizos públicos, o artigo 163 da TRLCAP prevé que *“A Administración poderá modificar, por razóns de interese público, as características do servizo contratado e as tarifas que han ser abonadas polos usuarios.*

*Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ao contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato”*. Nos mesmos termos se contempla esta previsión no prego, concretamente no artigo 29.

A Junta consultiva de Contratación Administrativa do Estado, a través dos seus informes, vén salientando que os principios de libre concorrència e boa fe que deben presidir a contratación pública non se poden ver obstaculizados pola vía da modificación dos contratos, nin esta pode supoñer unha alteración substancial do obxecto do contrato ou das características esenciais dos servizos, pois suporía unha nova contratación (entre outros, informe 54/2006, do 11 de decembro).

Como indica o informe 3/2009, do 15 de abril, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, *“a modificación dun contrato en vigor pode considerarse substancial cando introduce condicións que, se tiveran figurado no procedemento de adxudicación inicial, terían permitido a participación doutros licitadores aparte dos inicialmente admitidos ou terían permitido seleccionar unha oferta distinta da inicialmente seleccionada. Así mesmo, a modificación dun contrato inicial pode considerarse substancial cando amplía o contrato, en grande medida a servizos inicialmente non previstos.... Por último, unha modificación tamén pode considerarse substancial cando cambia o equilibrio económico do contrato a favor do adxudicatario do contrato dunha maneira que non estaba prevista nos termos do contrato inicial”*.

### Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: que non se formule oposición por parte do contratista e que a contía das modificacións, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20% do prezo primitivo do contrato, sendo este igual ou superior a 6.010.121,04 euros. En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da CCAA respectiva (artigo 191 LCSP e 114.2 e 3 TRRL).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público que respondan a necesidades novas ou causas imprevistas, tal e como esixe o artigo 101 do TRLCAP:  
A imprevisión debe referirse á imprevisibilidade en sentido estrito e no á mera imprevisión aínda por falta de dilixencia. Requisitos:
  - Que ditas circunstancias sobreveñan á data de iniciación do contrato, de maneira que con anterioridade a dito momento non puideran anticiparse.
  - Que sexan xuridicamente inevitables para o contratista e no obedezan, ou se teñan producido, como consecuencia de imprevisión, negligencia ou impericia, no momento da redacción do proxecto ou no cálculo dos custos do mesmo. Tampouco se precisa que o feito imprevisto sexa un feito extraordinario, senón que é suficiente o descoñecemento obxectivo da súa futura produción».
  - Debe tamén considerarse o eventual impacto da modificación proposta sobre as regras da licitación e de xeito especial se as altera ou non de modo substancial.
- Límites económicos: a compensación ao contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato, cando a modificación afecte ao réxime financeiro do contrato (artigo 163 da TRLCAP e artigo 29 do PCAP).

Respecto dos límites materiais: a modificación obxecto deste informe ven motivada por razóns de interese público, motivadas por necesidades novas: a realización das obras de “*Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria*” (expte. 312-441) sobrevidas á data de iniciación do contrato e non se teñen producido como consecuencia de imprevisión, negligencia ou impericia no momento da redacción do proxecto ou no cálculo dos custos do mesmo.

Neste tipo de contratos nos que se encomenda a un contratista a prestación dun servizo de titularidade da Administración, durante un longo prazo de tempo, resulta lóxico que aquela goce dun amplo poder discrecional para modificar o contrato cando xurdan necesidades novas ou imprevistas non contempladas inicialmente, que fagan necesaria a modificación.





## Concello de Vigo

En todo caso, a modificación non altera as regras da licitación. Indícase ademais no informe da xefa do Servizo de Transportes *“Dito aparcadoiro dispón de 590 prazas, polo que considerase que a supresión de 7 prazas con carácter definitivo, non afectará de forma significativa ao servizo público que se presta con dito aparcadoiro, polo que por este servizo pode informarse favorablemente a proposta de modificación do contrato formulada, e remitirse o expediente a Área de contratación por ser o servizo competente para a tramitación”*.

En consecuencia, non se trata dunha alteración substancial do obxecto do contrato ou das características esenciais do servizo.

Respecto dos límites económicos: ao afectar a modificación ao réxime financeiro do contrato, cómpre compensar ao contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato.

Solicita o contratista no seu escrito de data 22 de maio de 2019 que se *“fixe o importe de dita compensación nunha indemnización de 25.000 euros, IVE incluído, así como a correspondente rebaixa do canon anual de prazas rotatorias, sen prexuízo doutros danos ou desequilibrios que dita obra e humanización poidan causar”* e renuncia a reclamar cantidade ningunha *“pola perda de explotación temporal das prazas afectadas durante a execución da obra”*.

Tal e como se desprende das alegacións formuladas pola UTE Eloymar – Tranvías e o informe do xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Municipal do 9 de agosto de 2019, a modificación suporía:

- 25.000 € \* 7 prazas (que se perden definitivamente) = **175.000€**
- desconto no canon anual das prazas rotatorias (15€/praza dispoñible de rotación e ano actualizado conforme ao IPC):

Segundo os datos facilitados pola Tesourería municipal<sup>3</sup> con data do 12 de setembro de 2019, o canon abonado pola concesionaria para este ano 2019, actualizado conforme ao IPC fixado para Galicia polo INE (dous pagamentos cobrados nas datas 30 de abril e 31 de xullo) ascende a 9.613,24 euros. En consecuencia, o importe do canon por praza (590 en total) é de 16,29 euros. Ao implicar a modificación a perda definitiva de 7 prazas, o importe do canon a descontar ao concesionario ascende a **114,03 euros**.

Cos datos dispoñibles na data de emisión deste informe, e para os únicos efectos de calcular a porcentaxe que supón a modificación do contrato, cos anos que restan para rematar a concesión (42 anos), o canon a descontar ao licitador ascendería a 4.789,26 euros, que sumados aos 175.000 euros sumarían 179.789,26 euros.

En consecuencia, a porcentaxe de modificación **aproximadamente** sería do **0,53%** do prezo de execución do contrato do lote 1 (34.225.417,00 euros), representando un 1,16% do aparcadoiro de Policarpo Sanz (15.494.542,23 euros).

Por último, respecto dos límites procedimentais: o contratista non formulou oposición. Engade no seu escrito que *“pon a disposición do Concello de Vigo a zona e prazas de*

*parking afectadas pola execución do proxecto de Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, para os efectos de inicio e execución das obras ata a súa completa finalización”.*

Tendo en conta que a porcentaxe aproximada que representa a modificación e que as demais modificacións aprobadas, e relacionadas nos antecedentes deste informe, non tiveron repercusión económica, non resulta preceptivo o informe do Consello Consultivo de Galicia.

Evacuado o trámite de audiencia ao contratista, que mostra a súa conformidade, propónse esta modificación ao órgano de contratación. Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 59.1 LCAP e 114.3 TRRL). Será precisa a formalización da modificación, nos termos do artigo 54 LCAP (artigo 101.2 LCAP).

#### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 42 do TRLCAP determina que *“Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo reaxustarase a garantía no prazo sinalado no artigo anterior contado desde a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación”.*

O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data na que se notifique ao concesionario o acordo de modificación.

Agora ben, neste expediente, segundo o previsto no artigo 19 do prego, que é a lei do contrato, indícase o seguinte respecto da garantía definitiva:

*“A garantía definitiva, en canto á execución das obras, ascenderá en cada lote ó 4% do presuposto dos proxectos básicos presentados polo licitador que resulte adxudicatario do concurso e en canto á concesión administrativa do servizo público fíxase estimativamente en cada lote en 300.000 euros”.*

*“A garantía definitiva correspondente á execución das obras deberá manterse ata que transcurra o prazo da garantía das mesmas. A correspondente á concesión do servizo deberá manterse á finalización do prazo de concesión”.*

A garantía para responder das obras foi devolta por acordo da Xunta de Goberno local de data 6 de marzo de 2015 (expediente nº 4.007-241). Incorpórase a este expediente o referido certificado polo que se acorda *“devolver a ELOYMAR TRANVÍAS UTE a fianza de 619.781,69 euros, constituída para responder das obras do aparcamento subterráneo na rúa Policarpo Sanz, xa que as obras foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorrer-lo prazo de garantía”.*

Así mesmo, incorpórase o documento contable (nº de operación 200700033622) do depósito dunha garantía por importe de 300.000 euros para o lote dos aparcadoiros de Rúa Areal, Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz, como esixe o artigo 19 do prego.

Tendo en conta que o prego fixa unha garantía para responder da concesión para cada lote por un importe concreto (300.000 euros), considérase que non procede o reaxuste da garantía con motivo da modificación do contrato.



**Concello de Vigo**

**-V-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

**-VI-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

*“1º.- Modificar o lote 1 do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da Cidade. A modificación consiste nas seguintes afeccións ao aparcadoiro de Policarpo Sanz polas obras de “Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria”:*

- A perda temporal de 13 prazas do soto -1 durante a execución das obras.*
- A perda definitiva de 7 prazas do soto -1 e o retranqueo no peche do cuarto de instalacións.*

*Esta modificación representa aproximadamente un 0,53% do prezo de execución do contrato do lote 1 (34.225.417,00 euros).*

*2º.- Autorizar o gasto correspondente á perda definitiva de 7 prazas por importe de 175.000 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 1539.619.00.03 (DUSI Porta do Sol OT 4).*

*3º.- Minorar o canon anual das prazas rotatorias en 114,03 euros.*

*4º.- Formalizar por escrito esta modificación.”*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(907).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE FORMIGÓNS E MORTEIROS, ÁRIDOS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E MATERIAIS DE FERRETERÍA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 79256/250.**

A) LOTE 1 “Formigóns e Morteiros” e LOTE 2 “Áridos”:

Visto o informe xurídico de data 24/09/19 e o informe de fiscalización 3/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 28/08/19, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 27/09/2017, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (CIF B-36741379) o Lote 1 (subministro de formigóns e morteiros) e Lote 2 (subministro de áridos) do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (7956-250) seguido por procedemento aberto e tramitación ordinaria, segundo as seguintes condicións e importes:

O prezo total do Lote 1 ascende a catrocentos mil euros (400.000 euros) sendo a cota correspondente ao IVE de 69.421,49 euros, unha baixa proporcional única do 16% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados nos anexos ao PPT e unha baixa proporcional única do 10% a aplicar aos produtos ou materiais non previstos nos devanditos cadros de prezos do PPT.

Respecto ao Lote 2, o prezo total é de cento sesenta mil euros (160.000 euros), sendo a cota correspondente ao IVE de 27.768,60 euros, unha baixa proporcional única do 5% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no cadro anexo ao PPT e unha baixa proporcional única do 10% a aplicar aos produtos non previstos nos cadros de prezos PPT.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 24/10/2017, consta na cláusula cuarta o prazo de execución, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 25 de outubro de 2.017 e tendo previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola normativa anterior en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 23 do RD lexislativo 3/2.011, de 14 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inaltera-



## Concello de Vigo

bles durante o período de duración destas e a concorrência para a súa adxudicación realizárase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos o período de prórroga. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse o consentimento tácito das partes.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista. O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe propor a prórroga do contrato por un período dun ano en base ao correcto funcionamento dos subministros, o seu desenvolvemento satisfactorio así como o cumprimento pola adxudicataria das obrigas establecidas

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª.apartado 3 do TRLCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 25 de outubro de 2.019 ao 24 outubro de 2.020, sendo os prezos anuais os seguintes:

- O importe correspondente ao Lote 1 ascende a un prezo total de douscentos mil euros (200.000 euros) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de trinta e catro mil setecentos dez euros e setenta e cinco céntimos (34.710,75 euros).
- O importe correspondente ao Lote 2 ascende a un prezo total de oitenta mil euros (80.000 euros) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de trece mil oitocentos oitenta e catro euros e trinta céntimos (13.884,30 euros).

**Sétimo.-** O importe da prórroga segundo queda desagregado no fundamento sexto para cada un dos lotes, imputárase á aplicación orzamentaria 1532.2100000-“Conservación de Vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.019.- Lote 1.- período comprendido entre o 25 de outubro de 2.019 e 31 de decembro de 2.019: 37.158,47 euros.
- Ano 2.020.- Lote 1.- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 24 de outubro de 2.020: 162.841,53 euros.
- Ano 2.019.- Lote 2 .- período comprendido entre o o 25 de outubro de 2.019 e 31 de decembro de 2.019: 14.863,40 euros.
- Ano 2.020.- Lote 2 .- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 24 de outubro de 2.020: 65.136,60 euros.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e ferretería para o Taller de fomento do Concello de Vigo (7956-250), Lote 1 (subministro de formigón e morteiros) e Lote 2

(subministro de áridos), formalizado coa entidade mercantil TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. polo período comprendido desde o 25 de outubro de 2.019 ata o 24 outubro de 2.020.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e ferretería para o Taller de fomento do Concello de Vigo a favor da entidade mercantil TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (CIF B-36741379) por importe para o Lote 1, de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000 euros) IVE engadido de trinta e catro mil setecentos dez euros e setenta e cinco céntimos (34.710,75 euros) e polo importe correspondente ao Lote 2, de OITENTA MIL EUROS (80.000 euros) IVE engadido de trece mil oitocentos oitenta e catro euros e trinta céntimos (13.884,30 euros), imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.2100000-“Conservación de Vías e espazos públicos”,coa seguinte distribución anual:

- Ano 2.019.- Lote 1.- período comprendido entre o 25 de outubro de 2.019 e 31 de decembro de 2.019: 37.158,47 euros.
- Ano 2.020.- Lote 1.- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 24 de outubro de 2.020: 162.841,53 euros.
- Ano 2.019.- Lote 2 .- período comprendido entre o o 25 de outubro de 2.019 e 31 de decembro de 2.019: 14.863,40 euros.
- Ano 2.020.- Lote 2 .- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 24 de outubro de 2.020: 65.136,60 euros.

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **B) LOTE 3 “Materiais de construción”:**

Visto o informe xurídico de data 24/09/19 e o informe de fiscalización 3/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 23/09/19, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**



## Concello de Vigo

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 27/09/2017, na súa calidade de órgano de contratación acordou adxudicar a GARCI VENTA, S.L.(CIF B-B36797470) o Lote 3 (subministro de materiais de construción) do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (7956-250) seguido por procedemento aberto e tramitación ordinaria; por un prezo total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000 euros) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de setenta e oito mil noventa e nove euros e dezasete céntimos (78.099,17 euros) e unha baixa proporcional única do 21% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e unha baixa proporcional única do 21% a aplicar sobre os produtos e materiais non previstos no cadro de prezos do PPT.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 24/10/2017, consta na cláusula cuarta o prazo de execución, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 25 de outubro de 2.017 e tendo previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola normativa anterior en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 23 do RD lexislativo 3/2.011, de 14 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrencia para a súa adxudicación realizárase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos o período de prórroga. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse o consentimento tácito das partes.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista. O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe propor a prórroga do contrato de subministro Lote 3 por un período dun ano en base ao correcto funcionamento dos subministros de material de construción, o seu desenvolvemento satisfactorio así como o cumprimento pola adxudicataria das obrigas establecidas.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª.apartado 3 do TRLCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 25 de outubro de 2.019 ao 24 outubro de 2.020, sendo que o prezo anual correspondente ao Lote 3 ascende a un total de douscentos vinte e cinco mil euros (225.000 euros) IVE engadido, sendo a cota

correspondente ao IVE de trinta e nove mil corenta e nove euros e cincuenta e nove céntimos (39.049,59 euros).

**Sétimo.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.2100000-“Conservación de Vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.019.- Lote 3.- período comprendido entre o 25 de outubro de 2.019 e 31 de decembro de 2.019: 41.803,28 euros.
- Ano 2.020.- Lote 3.- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 24 de outubro de 2.020: 183.196,72 euros.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e ferretería para o Taller de fomento do Concello de Vigo (7956-250), Lote 3 (subministro de materiais de construción), formalizado coa entidade mercantil GARCI VENTA, S.L. polo período comprendido desde o 25 de outubro de 2.019 ata o 24 outubro de 2.020.

**Segundo.-** Autorizar o gasto estimado do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e ferretería para o Taller de fomento do Concello de Vigo a favor da entidade mercantil GARCI VENTA, S.L.(CIF B-B36797470) Lote 3 por importe de DOUSCENTOS VINTE E CINCO MIL EUROS (225.000 euros) IVE sendo a cota correspondente ao IVE de trinta e nove mil corenta e nove euros e cincuenta e nove céntimos (39.049,59 euros); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.2100000-“Conservación de Vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.019.- Lote 3.- período comprendido entre o 25 de outubro de 2.019 e 31 de decembro de 2.019: 41.803,28 euros.
- Ano 2.020.- Lote 3.- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 24 de outubro de 2.020: 183.196,72 euros.

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria GARCI VENTA, S.L. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### Acordo





**Concello de Vigo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**C) LOTE 4 “Materiais de Ferretería”:**

Visto o informe xurídico de data 24/09/19 e o informe de fiscalización 3/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 28/08/19, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES.**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 27/09/2017, na súa calidade de órgano de contratación acordou adxudicar a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (CIF B-27815539) o Lote 4 (subministro de materiais de ferretería) do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e ferretería para o taller de fomento do Concello de Vigo (7956-250) seguido por procedemento aberto e tramitación ordinaria; por un prezo total de cen mil euros (100.000 euros) IVE engadido cuxa partida ascende a dezasete mil trescentos cincuenta e cinco euros e trinta e sete céntimos (17.355,37 euros) e unha baixa proporcional única do 28% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e unha baixa proporcional única do 30% a aplicar sobre os produtos e materiais non previstos no cadro de prezos que figuran nos anexos do PPT.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 24/10/2017, consta na cláusula cuarta o prazo de execución, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 25 de outubro de 2.017 e tendo previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola normativa anterior en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 23 do RD lexislativo 3/2.011, de 14 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrência para a súa adxudicación realizárase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos o período de prórroga. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse o consentimento tácito das partes.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista. O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polo técnico que subscribe propor a prórroga do contrato de subministro Lote 4 por un período dun ano en base ao correcto funcionamento dos subministros de material de ferretería, o seu desenvolvemento satisfactorio así como o cumprimento pola adxudicataria das obrigas establecidas.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª.apartado 3 do TRLCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 25 de outubro de 2.019 ao 24 outubro de 2.020, sendo que o prezo anual correspondente ao Lote 4 ascende a un total de cincuenta mil euros (50.000 euros) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de oito mil seiscentos setenta e sete euros e sesenta e nove céntimos (8.677,69 euros).

**Sétimo.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.2100000-“Conservación de Vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.019.- Lote 4.- período comprendido entre o 25 de outubro de 2.019 e 31 de decembro de 2.019: 9.289,62 euros.
- Ano 2.020.- Lote 4.- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 24 de outubro de 2.020: 40.710,38 euros.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e ferretería para o Taller de fomento do Concello de Vigo (7956-250), Lote 4 (subministro de materiais de ferretería), formalizado coa entidade mercantil SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. polo período comprendido desde o 25 de outubro de 2.019 ata o 24 outubro de 2.020.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato de subministro de formigóns e morteiros, áridos e materiais de construción e ferretería para o Taller de fomento do Concello de Vigo a favor da entidade mercantil SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (CIF B-27815539) Lote 4 por importe de CINCUENTA MIL EUROS (50.000 euros) IVE sendo a cota correspondente ao IVE de oito mil seiscentos setenta e sete euros e sesenta e nove céntimos (8.677,69 euros); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.2100000-“Conservación de Vías e espazos públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.019.- Lote 4.- período comprendido entre o 25 de outubro de 2.019 e 31 de decembro de 2.019: 9.289,62 euros.



## Concello de Vigo

- Ano 2.020.- Lote 4.- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 24 de outubro de 2.020: 40.710,38 euros.

**Terceiro.-** Notificar á empresa adjudicataria SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(908).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DENOMINADO “BIBLIOTECA VIVENTE”. EXPTE. 8940/336.**

Visto o informe xurídico de data 11/10/19 e o informe de fiscalización do 15/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 11/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Dende a Concellería de Xuventude presentamos unha solicitude de subvención na ***Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019***; ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2019.

Tendo confirmada a concesión de subvención para o proxecto solicitado ( DOG do 31 de maio de 2019, pax. 26490) e ó efecto de xustificala subvención concedida dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia por importe de **6.000€**, solicítase a seguinte documentación xustificativa, entre outras, en base ao requirimento que se adxunta a este informe:

*“Certificado expedido pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se fagan constar de forma detallada:*

*–O cumprimento da finalidade da subvención.*

–Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, concepto, importe, data de emisión, e data de pagamento.

–A gratuidade para as persoas destinatarias, de todas as actividades desenvolvidas no proxecto.

\* Con respecto ao cumprimento da finalidade da subvención, dende esta Concellería confirmamos- achégase memoria da actividade- na que consta que a realización do proxecto denominado “**Biblioteca Vivente**”, que realizouse correctamente na primavera do ano 2019, cumprindo os obxectivos establecidos e sempre de acordo coa proposta presentada.

En canto aos gastos destinados á xestión e desenvolvemento do proxecto “Biblioteca Vivente” ascenderon a un total de total de 6.638,50€, e que corresponden ás seguintes facturas:

\* **Factura N°9/2019.** Data: 30/04/2019. Importe total: 5.126,00€. de Antaxurada SL-B15984065. Bibliotecas Viventes. Orde de pago: 18/02/19.

\* **Factura N° 8873/2019.** Data 02/07/2019, por importe de 1.512,50 € de Carlos Alberto Vela Cuello NIF 54703591T, Pulicidade. Orde de pago 0/07/2019.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

“ Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a esta Concellería por parte da Xunta de Galicia, ascendendo esta a **6.638,50€** dentro da **Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019;** ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2018; para a que cumpríuse a finalidade da subvención outorgada de 6.000,00€, para o desenvolvemento, xestión e realización do proxecto denominado “Bibliotecas Viventes” durante o ano 2019. Dita actividade foi gratuíta para todos os e as participantes da mesma. Así mesmo, os gastos de xestión e realización do proxecto “Bibliotecas Viventes” da Concellería de Xuventude corresponden as facturas: **Factura N°9/2019.** Data: 30/04/2019 por importe total de 5.126,00€ de Antaxurada SL-B15984065, Bibliotecas Viventes. Orde de pago: 18/02/19 e a **Factura N° 8873/2019.** Data 02/07/2019, por importe de 1.512,50 € de Carlos Alberto Vela Cuello NIF 54703591T, Pulicidade. Orde de pago 07/2019.”

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das



**Concello de Vigo**

disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**29(909).- CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS AUXILIARES NECESARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DUN AULA DE ESTUDIO SITA NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 18664/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a titular de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (PPT).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 19 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o expediente de contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos, os pregos

de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares, aprobou o gasto e acordou a apertura do procedemento de contratación.

**Segundo.-** En data 19 de outubro de 2017, a XGL acordou adxudicar o citado procedemento a SERVICIOS SECURITAS, S.A., por un prezo de 139.150,00 euros, e un prazo de dous anos.

O contrato formalizouse en data 20 de outubro do mesmo ano e comezou a súa execución o día 23 de outubro.

**Terceiro.-** En data 9 de maio de 2019, a Xunta de Goberno Local, acordou a aprobación do expediente de contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (expediente 23.062-330), a autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación. O anuncio de licitación publicouse o día 13 de maio de 2019 no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo, comezando o prazo de presentación de ofertas ó día seguinte.

En data 24 de maio de 2019 a XGL rectificou o apartado 6 do Anexo I (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares. En consecuencia, o 6 de xuño de 2019 publicouse un anuncio de ampliación do prazo de presentación de ofertas no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** Durante o prazo de licitación presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

1. SERVICIOS SECURITAS, S.A.
2. SAMYL. S.L.
3. RANDSTAD PROJECT SERVICES
4. INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA, S.L.
5. ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A.
6. DIMOBA SERVICIOS, S.L.
7. EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
8. MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.
9. GRUPO SIFU GALICIA, S.L.

Todos eles resultaron admitidos neste procedemento por acordo da mesa de contratación de 22 de xullo de 2019.

**Quinto.-** En data 12 de agosto de 2019, a Mesa de Contratación acordou iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SAMYL, S.L., MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L. e EULEN CEE, S.A., por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade.

**Sexto.-** En data 12 de setembro de 2019 a Mesa de Contratación acordou aceptar o informe de data 9 de setembro de 2019 da xefa do Servizo de Educación sobre a xustificación presentada por EULEN CEE, S.A, no que conclúe que “*non se pode por tanto, chegar á*



## Concello de Vigo

*conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de contratos do sector público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*

**Sétimo.-** En data 12 de setembro de 2019, a Concelleira delegada de Contratación, por delegación da XGL en acordo de 20 de xuño de 2019, acordou:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 6 de agosto de 2019, de GRUPO SIFU GALICIA, S.L., por exceder a súa oferta económica o orzamento base de licitación correspondente á parte fixa do contrato.*

*Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 9 de setembro de 2019:*

1. SAMYL, S.L.
2. MULTISERVICIOS EMPRESARIALES LARGO, S.L.
3. EULEN CEE, S.A.

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-Pazo de Congresos (23.062-332) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO	88,75
2	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	88,05
3	RANDSTAD PROJECT SERVICES	65,02
4	DIMOBA SERVICIOS, S.L.	61,86
5	ALIANZAS Y SUBCONTRATAS, S.A.	37,11

*Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Oitavo.-** En data 1 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno Local acordou:

*"Adxudicar a INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO o procedemento aberto para a contratación de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio*

*auditorio-Pazo de Congresos (23.062-332) por un prezo total de 141.106,61 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.489,58 euros, e co seguinte detalle:*

- A parte fixa que engloba os custos laborais derivados dos servizos fixos que se prestan todo o ano, dos medios e materias necesarios para a prestación do servizo e os de xestión/organización ascende a 118.354,61 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 20.540,88 euros.*
- A parte variable constituída polos custos laborais derivados da prestación de servizos por incremento do horario da sala de estudos, e de servizos de conserxería en relación a eventos (900 horas/ano) ascende a 22.752,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 3.948,69 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Noveno.-** En data 3 de outubro de 2019, D. David Garcia Plata-González, con DNI núm. 36025890R, en nome da mercantil EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de outubro de adjudicación do contrato que nos ocupa e contra a resolución da Concelleira delegada de Contratación de 12 de setembro de exclusión do recorrente do presente procedemento.

**Décimo.-** En data 15 de outubro de 2019, a xefa do servizo de Educación municipal solicita ao servizo de Contratación a tramitación da prórroga do contrato actualmente en vigor en tanto non se resolva o recurso especial en materia de contratación.

**Undécimo.-** Consta no expediente escrito do actual contratista, SERVICIOS SECURITAS, S.A., manifestando a súa conformidade a dicha prórroga.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Réxime xurídico aplicable

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

-Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRL CSP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).





**Concello de Vigo**

–Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

**-II-**

**Da finalización do prazo do contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (expediente 18664-332) con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo**

O contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (expediente 18664-332) adxudicóuselle á SERVICIOS SECURITAS, S.A., en data 19 de outubro de 2017, por prazo un de dous anos, comezando a súa execución en data 23 de outubro do mesmo ano. O prazo contractual finalizará o próximo 22 de outubro de 2019.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse, por acordo da XGL de data 9 de maio de 2019, un novo expediente de contratación que abrangue as prestacións obxecto do mesmo (23.062-332).

Adxudicados este novo contrato pola XGL en sesión de data 1 de outubro de 2019 a INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A., impugna este acordo mediante a interposición de recurso especial en materia de contratación contra esta adxudicación.

A interposición deste recurso impide a continuación da tramitación do procedemento e a formalización do novo contrato. A lei prevé como efecto da interposición do recurso a suspensión automática da tramitación do procedemento cando o acto sexa o acordo de adxudicación (artigo 53 da LCSP).

Na actualidade, e por mor da suspensión do procedemento de adxudicación do novo contrato non pode garantirse a continuidade na prestación do servizo.

**-III-**

**Necesidade da prestación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos ata a adxudicación do novo contrato**

O contrato que nos ocupa ten por obxecto diferentes prestacións necesarias para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos.

Do informe da xefa do servizo de Educación, de data 15 de outubro de 2019, despréndese a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo durante a substanciación do recurso e ata a súa resolución. Do contrario, habería que pechar a aula de estudio, o que ocasionaría *“trastornos aos usuarios da Aula de Estudo, alumnos da UNED e usuarios dos outros espazos do Edificio Auditorio Mar de Vigo”*. Xustifica este extremo manifestando que *“Compre ter en consideración que a Aula de Estudos sita na planta 6º do referido inmovible é un espazo utilizado por moitos cidadáns, así, durante o ano 2018 o número de usuarios ascendeu a 82.119 persoas, sendo este un dato moi significativo en canto que acredita que este espazo era unha necesidade cunha gran demanda nesta cidade. Nos meses de*

*outubro, novembro e decembro incrementase notablemente o número de usuarios, en parte motivado pola proximidade dos exames do primeiro cuadrimestre nas universidades. Xúntase a este informe un cadro dos usuarios da Aula de estudos do ano 2018, no que pode comprobarse este incremento de ocupación nas indicadas datas. Por outra parte hai que salientar o aumento da matrícula na Aula da UNED de Vigo, que para este curso 2018/2019 conta con 1.009 alumnos matriculados, así como os numerosos cursos formativos e actividades culturais e educativas que se desenvolven nas aulas da 5ª planta do inmoble. Así, nos próximos meses de outubro, novembro e decembro están programados diversos cursos formativos, a modo de exemplo: Curso sobre sistemas de retención infantil, Achégate ao galego, Linguaxe de signos, Curso de escrita creativa, Teatro improvisado de obxectos, etc, ademais dos cursos que se realizan habitualmente nas dúas Aulas CEMIT (Iniciación á informática, Iniciación a internet e correo electrónico, Facebook, etc.)”.*

#### **-IV-**

#### **Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo**

Como expúxose no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación dos servizos obxecto deste contrato.

Esta circunstancia, tal e como se deduce da relación fáctica dos antecedentes, non é imputable a esta Administración, senón que se debe a interposición dun recurso especial en materia de contratación.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que retarden á mesma e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto. Singularmente, dende a regulación no noso ordenamento xurídico do recurso especial en materia de contratación, non é infrecuente que aconteza esta circunstancia tras sucesivas interrupcións do expediente, orixinadas pola interposición dun ou varios recursos especiais. Pois o artigo 53 da LCSP establece obrigatoriamente a medida cautelar de suspensión forzosa para o suposto de impugnación da adxudicación, e o artigo 56.3 a posibilidade de que o tribunal competente para resolver o recurso adopte a mesma nos demais supostos de impugnación do artigo 44 da LCSP, durante a substanciación do ou dos mesmo/s.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo. Se ben a condiciona a concorrencia das seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.



## Concello de Vigo

2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Se ben, como se ten dito, os contratos réxense pola normativa vixente no momento da súa formalización, e este precepto non lle sería de aplicación. No entanto, o artigo 35.3 do TRLCSP, aplicable o presente contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que “Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”.

Ainda que no presente caso non concorre ningunha causa de nulidade, o certo é que no fondo late o mesmo problema, garantir a continuidade na prestación dun servizo público. Ante a inminencia da finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato por mor da suspensión do procedemento de licitación tras a interposición do recurso especial, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que no presente caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato é consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación. Neste caso, durante a tramitación do procedemento foi necesario abrir un novo prazo de presentación de ofertas motivado porque o PCAP contiña un error material.

O anuncio de licitación foi publicado o 13 de maio, comezando o prazo de presentación de ofertas. En data 23 de maio de 2019 a XGL rectificou o apartado 6 do Anexo I (FEC) do Prego de cláusulas administrativas particulares. En consecuencia, o 6 de xuño de 2019 publicouse un anuncio de ampliación do prazo de presentación de ofertas no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo.

2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato. Este é un servizo destinado a cubrir a demanda de aulas de estudo na nosa cidade. Tal e como se desprende do citado informe do servizo.
3. O anuncio de licitación do novo contrato foi publicado con máis de tres meses de antelación á data de finalización do contrato orixinal. O contrato que nos ocupa finaliza o día 22 de outubro e o anuncio de licitación do novo contrato foi publicado no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o día 13 de maio.

No ámbito local, a fundamentación da figura da prórroga “obligatoria” podería fundamentarse no artigo 128.1. 1º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que impón ao concesionario a obriga de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente. Trátase dunha regra fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, á que tamén obedecen os artigos 246 b) e 280 a) do TRLCSP.

A xurisprudencia tamén se ten pronunciado sobre esta cuestión. Exemplo é a sentenza do Tribunal Supremo do 18 novembro de 1986:

*«(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular».*

E a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Canarias do 1 de marzo de 1999 expone, que:

*«Al regular el art. 127.1 RS las potestades exorbitantes de que gozará la Administración en los contratos de servicios públicos señala que la Corporación concedente os tentará sin perjuicio de las que procedan, las potestades siguientes: 1º Ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconseje el interés público y, entre otras: a) la variación en la calidad, cantidad tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista, y b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del servicio. Si observamos atentamente los preceptos transcritos siempre hacen referencia a la posibilidad de introducir modificaciones en el servicio. Por modificar hay que entender «cambiar una cosa mudando alguno de sus accidentes». Según la doctrina civilista se consideran, por regla general, condiciones accidentales del contrato las que se refieren a la cantidad, modo, tiempo o lugar de las obligaciones. La prórroga de la duración del contrato podría tener cabida dentro de la potestad de modificar el servicio (...)».*

Especialmente relevante é a sentenza 143/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Vigo de 25 de abril (RCA 503/2015 P.O.), en canto á aplicación do artigo 35.3 do TRLCSP xa que analiza a aplicación analóxica do artigo 65.3 do TRLCAP coa mesma redacción, precisamente en relación coa continuidade dun contrato de limpeza do Concello de Vigo:

*"Aunque el presente caso no constituya exactamnete el supuesto de hecho contemplado por el artículo 65.3 del TRLCAP, ya que el contrato suscrito por la actora y el Concello en el año 2001 sucesivamente prorrogado hasta el 31 de agosto de 2005 no se declaró nulo de pleno derecho, sino que simplemente expiró su vigencia, en ambos casos se trata de situaciones en las que el servicio contratado por la Administración a una empresa y que eta ha venido prestando con unas determinadas condiciones deja de tener sobrevenidamente el amparo de un contrato (en el caso del artículo 65.3 del TRLCAP porque se declara la nulidad del contrato, en el presente caso porque expiró su vigencia) y se hace necesaria una respuesta de urgencia para asegurar la continuidad del ser servicio público, evitando el grave trastorno al mismo que deriva del hecho de que el contrato se haya declarado nulo ( o en nuestro caso, que haya expirado su vigencia, no pueda ser prorrogado y no sea posible de forma inmediata una*



*nueva contratación) permitiendo la continuación ,ya no del contrato como tal sino de sus efectos, permitiendo de esta forma la continuidad materlal en la prestación bajo las mismas condiciones hasta que se puedan adoptar las medidas pertinentes para evitar el perjuicio. Esta finalidad es trasladable al presente supuesto mutatis mutandis, al presente supuesto, en que se hacía necesaria asegurar la prestación del servicio de limpieza de forma inmediata (...). La similitud del supuesto y la concurrencia de identidad de razón amparan la aplicación analógica."*

Tamén o Informe 4/2016 da Junta Consultiva de Contratación administrativa de Canarias se ten pronunciado sobre esta cuestión no que conclúe:

*«Consecuentemente, puede concluirse que la legislación de contratación pública no contiene ninguna regulación que sea directamente aplicable a este caso. De ahí que resulte justificado acudir a otras fórmulas derivadas del derecho civil, o de la legislación de régimen local para alcanzar una solución al problema.*

*Podría acudir a distintas figuras legales que son analizadas a lo largo del presente informe como la incidencia en la ejecución, la celebración de un contrato menor- que plantea el problema de la limitación de la cuantía y la imposibilidad legal de concatenación de diversos contratos de esta tipología; de una tramitación de urgencia, la determinación de la existencia de una prórroga forzosa por tácita reconducción- que cuenta asimismo con la objeción jurisprudencial de la prohibición de la existencia de "prorrogas tácitas" o, finalmente, la adopción de un acuerdo de continuación del servicio, el cual, elude la apariencia de fraude que ofrecen otras soluciones y exigiría un acuerdo que debe adoptarse de forma motivada antes de que el contrato se extinga; además, de que la duración de su vigencia ha de ser proporcionada a la necesidad».*

Aplicando analoxicamente o artigo 35.3 ó caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

-V-

### **Condições da continuidade do servizo**

Unha vez xustificada a necesidade de prestar os servizos necesarios para o funcionamento da aula de estudo, e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse a mesma.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada a marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a resolución do recurso e, no seu caso, a formalización e inicio do novo contrato.

Consta no expediente a conformidade de SERVICIOS SECURITAS, S.A., para continuar realizando as prestacións derivadas do contrato nas mesmas condicións, se ben so ata o 31 de decembro do ano en curso.

-VI-

### **Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º. A continuidade de prestación do contrato dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (expediente 18664-332) nas mesmas condicións ata a resolución do recurso e formalización do novo contrato, ou ata o 31 de decembro se nesa data non estivese formalizado o novo contrato.*

*2º. Autorizar e comprometer os gastos derivados da continuidade deste contrato, por un importe mensual de 5.797,91 euros”.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **30(910).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez